

HENRIQUE HARGUINDEY

O FÍO DA LINGUA



Esta obra é distribuida baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)

Citar:
Henrique Harguindey: *O fio da lingua*.
<http://palabrasdesconxeladas.com>

PRESENTACIÓN

O fío da lingua foi unha sección publicada no semanario *A Nosa Terra* do ano 2000 ao 2005. Constituíu para nós un pracer acompañar durante eses cinco anos aos lectores e lectoras. Intentamos poñer de manifesto na sección que é relativamente doado remontar o fío das palabras, atar moitos cabos e ver na linguaxe relacións que ás veces escapan de primeiras. Que as palabras e a lingua non existen en por elas, independentemente das persoas que as crean, recrean e empregan. Que modificamos as palabras, a súa forma e o seu significado, pois como calquera outra creación humana, non son inmutables e eternas. Que as linguas evolucionan pois os seus usuarios as van transformando. Que é normal que se creen termos novos e que se arromben ou se esquezan definitivamente outros. Que se amplíen significacións unhas veces e que se restrinxan outras. Que se modifique o sentido noutras ocasións. É lei de vida, porque a vida é dinamismo, movemento, cambio.

Outra cousa é a manipulación, o intento unilateral (por un individuo ou un grupo) de alteración da linguaxe e das palabras coa finalidade de enganar. O uso desviado para falsear, para dominar. Ante iso debemos permanecer vixiantes. Debemos saber como son as palabras e o que significan para evitar que nos manipulen.

Coñecer a linguaxe é necesario para a garantía da propia independencia e seguridade. É, alén diso, un elemento que contribúe á nosa formación, que xera autoconfianza. E, naturalmente, como todo coñecemento, é unha fonte de pracer.

Pero a linguaxe non téñ unicamente a misión de representar a realidade. A linguaxe ten tamén outras misións como as de servir de vehículo de sentimentos, de creación expresiva, de instrumento de xogo e de pracer, etc. que utilizamos alternativamente ou simultaneamente con aquela. E o uso e o dominio dunhas funcións activa e potencia o uso e o dominio das outras.

No *Fío da lingua* non fixemos senón actuarmos como "lector de filólogos": organizarmos e expoñermos datos obtidos de traballos de lingüistas e etimoloxistas. A nosa aportación foi minúscula. Se acaso algún erro.

Por iso agradecemos especialmente as achegas dos lectores, como Daniel Álvarez Iglesias. Foi pertinente a puntualización de X. Manuel Yáñez Dablanca sobre o *caos*: a noción de *nada* non debía aparecer na alusión que, falando do *cosmos*, faciamos. A frase debería ser simplemente: "era o concepto oposto ao *caos*, o baleiro".

E, por riba de todo, o noso agradecemento vai a Edicións Laiovento que xenerosamente nos brindou a oportunidade de recoller nun libro a serie toda.

É importante que sigamos a ter curiosidade pola linguaxe, a nos facermos preguntas e a procurarmos información para respondermos correctamente a elas: "Se *concha/cuncha* procede de *cõnchũla*, non será *mincha* un derivado de *minuscula*? Ten que ver *remate* co verbo *matar*?..."

Sigamos, pois, a tirar do fío, a formar mallas e a tecer redes. Redes que nos sirvan non para apresar a ninguén senón para evitarmos caír no baleiro. No caos.

Henrique Harguindey Banet

COMPOSTELA E O XACOBINISMO

Non, non imos falar nesta nota dun férreo centralismo político-administrativo (pois iso é o que vén significando na teoría política o termo *xacobinismo*) que lle puidéramos atribuír á capital de Galiza.

Nin tampouco sobre unhas hipotéticas relacións de Compostela coa Revolución Francesa, da que unha das expresións máis radicais e coñecidas foi o movemento denominado *xacobinismo*.

Non, como o lector avisado xa supuxo, imos falar da relación entre as palabras *xacobino* e *xacobeo*, vencelladas a través de *Xacobe*, nome hebreo do apóstolo que nós chamamos Santiago ou Sant-Iago.

O “Club dos xacobinos”, que existiu entre 1789 e 1799 e tivo como representante máis coñecido a Robespierre, celebrou a súa asemblea fundacional nun convento dos frades dominicos, que entón eran máis coñecidos como *xacobinos*. De aí que a nacente asociación política, máis que pola súa denominación oficial (“Sociedade de amigos da Constituínte”) fora coñecida por aquela outra: Club dos xacobinos.

A denominación de *xacobinos* para os dominicos víñalles xa de vello, porque no século XIII encomendáranlle a esta orde un albergue para os peregrinos que viñan a Compostela. E o nome de *xacobinos* non se limitou aos frades parisienses do albergue que logo foi mosteiro, senón que dende a Idade Media denominou a orde toda. Iso demostra a relevancia do camiño de Santiago.

O mosteiro –derrubado na primeira metade do século XIX- atopábase na rue Saint-Jacques, en pleno Barrio Latino, pertiño da Sorbona, o centro tradicional do saber en Francia dende o medievo. E a rue Saint-Jacques viña sendo un tramo do camiño de Compostela ao seu paso por París. Os peregrinos agrupábanse diante da igrexa de Santiago (na outra banda do Sena) da que só se conserva hoxe a Tour Saint-Jacques, coroadada pola figura do Apóstolo coa súa cuncha vieira; atravesaban a Ile de la Cité, pasando por fronte da catedral de Notre-Dame, e baixaban xa pola rue Saint-Jacques para continuaren a andaina. Algúns deles pernoitaran no mosteiro xacobino.

Velaí, pois, como unha palabra tan utilizada e que parece non ter relación ningunha co noso país, está intimamente vencellada á nosa historia.

VIEIRENTOS E FAZAIS

Falabamos ese día de peregrinos xacobeos e lembrabamos a imaxe de Santiago coa súa cuncha vieira. Hoxe dicimos simplemente *vieira* pero, na orixe, a palabra era un adxectivo que se unía ao substantivo *cuncha* nunha construción moi galega (*fariña milla, fonte ferreira, ponte carreira, campo lameiro*, etc.) Non convén por iso confundírmonos: *vieira* non procede do latín *viarĭa*, da *vía*, do *camiño* (o de Santiago, naturalmente) senón de *věněria*, de Venus, pois a deusa naceu do mar e moitas veces podemos vela enriba desa cuncha. Por exemplo, no famoso cadro de Boticelli.

Tan popular se fixo na Idade Media este símbolo dos peregrinos, que en francés pasou a denominarse *coquille Saint-Jacques*: cuncha de Santiago. Con ese nome atopámola nas receitas e nos restaurantes.

Tamén en Francia, no século XV, houbo un soado proceso contra unha banda de ladróns e falsificadores de moeda coñecidos como *les Coquillards*, o que vén sendo *os Vieirentos*. Estes, tan ben organizados que contaban mesmo cun argot ou xerga propia para falaren sen que os entendesen, parece que recibiron ese nome porque, entre as súas múltiples actividades delitivas, practicaban unha que consistía en lle meter un calote á xente crédula vendéndolle vieiras que dicían proceder da peregrinaxe a Compostela (e daquela santificadas en certa medida e protectoras) cando non era certo en absoluto.

Esta actividade -un tanto inxenua- lembraralle a todo lugués a figura do *fazai*. Os habitantes da parroquia de Fazai, próxima a Lugo, tiñan sona de lles meter calotes a algúns paisanos que viñan con cartos á vila. Co conto de xogar ás cartas, había quen non facía feira. Contábanse dos fazais anécdotas moi paveras, como que dunha vez vendéranlle a Muralla a alguén que pensaba facer bo negocio con tanta pedra.

Volvendo aos *coquillards*, sinalamos que deron orixe a unha expresión francesa hoxe xa desaparecida: *A qui vends-tu tes coquilles?* (“A quen lle estás a vender as túas cunchas?”, é dicir: “A quen pretendes enganar?”).

E deste significado de “enganar” pasou ao de “enganarse, cometer un mesmo un erro”. Por iso, actualmente – e xa dende o século XVIII- o erro tipográfico, a gralla, a substitución dunha letra por outra, chámase tamén en francés *une coquille*.

Moito ten viaxado esa *vieira* polo camiño da lingua!

SANTIAGO E A CHAQUETA

Para pechamos este trío de notas de tema xacobeo, queremos hoxe falar da *chaqueta*.

Non se trata dunha palabra de orixe galega pero ten moito que ver con Santiago.

Santiago foi un santo moi popular en toda Europa na Idade Media e a súa devoción chegou mesmo a Escandinavia –onde por certo se instalou o apelido *galego* e onde aparece o noso país como Jakobsland, Galiz, Galiza, Galicia, etc. en contraposición a Hispania, Hispanialand, Span, Spanland, etc. Esta distinción, por outra parte, non é illada, senón que aparece noutras literaturas e outros textos, por exemplo na célebre novela de cabalería *Roman de Pontus*, a historia do príncipe galego que acabou sendo rei de Bretaña e de Galiza.

Mais volvendo a Sant-Iago, a súa popularidade fixo que moitas xentes levaran ese nome en Europa. Tanto se espallou entre os campesiños franceses que o nome propio chegou a facerse un nome común co significado de “campesiño, labrador”. Os *jacques* protagonizaron sonadas revoltas antifeudais no século XIV semellantes ás nosas *irmandades*. O arquetipo *Jacques* ou *Jacques Bonhomme* é equivalente ao noso *Xan*, *Xan Paisano* ou *Xan Labrego*.

E *jacques* ou *jaque* pasou a denominar tamén nesa época unha especie de chaleque ou xibón acolchoado, con mangas ou sen elas, que levaban os homes, maiormente guerreiros e arqueiros. Máis longa era outra prenda denominada *jaquette*, palabra da mesma procedencia. Foi esta última a que, dende o francés, entrou en diversas linguas (alemán, catalán, inglés, etc.) pero, realmente, dende onde partiu a difusión internacional da palabra coa consolidación da prenda moderna –no século XVIII- foi da adaptación fonética inglesa (*jacket*).

Naturalmente *chaquetón* e outros termos da mesma familia proceden da mesma orixe.

E tamén ocorre o mesmo cunha outra prenda de máis cerimonia, o *chaqué*.

E sen ningunha relación con estas prendas, mais esta vez si cunha orixe lingüística galego-portuguesa evidente, temos a palabra *corpiño* que logo pasou ao español.

“MAJOS” E MEIGOS

Algunhas persoas que falan normalmente en galego teñen o costume de empregaren o adxectivo *majo/maja* (“É un rapaz moi *majo* / unha rapaza moi *maja*”) Trátase, como resulta evidente, dun españolismo pois no noso idioma non existen outros *maghos* que aqueles que practican a maxia ou se relacionan con ela, se é que a persoa que fala ten o hábito fonético da *gheada* (“Fun ver o magho Antón / Saíron os Reis Maghos”, etc.)

A importación dese españolismo –que no galego sen *gheada* resulta evidente pola súa pronunciación – dáse tamén noutras linguas do Estado. En catalán coloquial aparece adaptado en *maco/maca*.

Naturalmente, na nosa lingua resulta totalmente innecesario, pois para os dous contextos da palabra *majo* (‘bonito’ ou ‘agradable de comportamento ou maneira de ser’) temos unha chea de termos nosos que valen perfectamente para os dous contextos ou para un deles. Empregamos, así, *feito, xeitoso, chusco, cuco, lindo*, etc. E, ademais da diversidade de palabras, a utilización de sufixos diminutivos e expresivos permítenos multiplicalas extraordinariamente (*feitinho/a, feituco/a, feituquiño/a, feituqueiro/a, chusquiño/a, churrusqueiro/a, churrusqueiriño/a*, etc). O rexistro familiar e íntimo créase moi ben mediante estes sufixos.

Pero, mesmo se non utilizamos os sufixos diminutivos ou expresivos, contamos con termos como *curro/a* que en por eles expresan ese rexistro familiar: *Mercou un vestido moi curro / unha saia moi curra* ou ben *É un rapaz moi curro / unha rapaza moi curra*.

E aínda máis íntimo e definitorio, no dobre significado de *bonito/a* ou de *encantador/a*, é o noso adxectivo tan tradicional de *meigo/meiga* para pór de relevo estas calidades positivas: *Mercou un vestido moi meiguiño / unha saia moi meiguiña* ou ben *É un rapaz moi meiguiño / unha rapaza moi meiguiña*.

Velaí que ao final atopámonos con outro *magho*, pois que *mago* e mais *meigo* teñen a mesma orixe: as dúas palabras proceden da familia léxica de *maxia* a través do latín *māgus* e *māgīcus* respectivamente.

O CURRO E O CHOIO

Diciamos nunha nota anterior que un dos adxectivos galegos co significado de ‘bonito/a, xeitoso/a’ é *curro/a*. Adoitamos empregalo en diminutivo para lle dar maior agarimo: *Levas un bolso ben curriño / É unha rapaza moi curriña*.

Tamén existe en galego o substantivo *curro* con varios significados, case todos eles asociados á idea de “lugar ou espazo amplo e pechado ao que se chega por un acceso estreito”. Parece ter relación con *curral/corral*. O *curro* pode ser un *curral* pequeno, un recinto urbano ao que se chega por unha rúa estreita, ou un anco ou recanto dunha zona pechada, o que, mediante un sufixo expresivo, denominamos un *curruncho*. E ben sabido é que o *curro* é o recinto pechado ao que se levan as bestas e cabalos do monte para rapar e marcar. E, do recinto, a palabra *curro* pasou a denominar a propia actividade, a *rapa das bestas*. Fálase así do *curro* de Mougás, do de Sabucedo, do de Candaoso, etc.

Sobre *curro* formouse o verbo *acurrar* ‘meter a alguén nun recinto sen saída, contra un curruncho ou recuncho, acurralar’ e del naceu posteriormente o verbo *currar*, que familiarmente ten o significado de ‘pegar, zoscar’.

Naturalmente, ningunha destas palabras teñen nada que ver co español *curro* e *currar*. Nesa lingua son tamén de uso familiar co significado de ‘traballo’ e ‘traballar’. Pero non é galego dicir *Saiulle un curro bastante interesante* ou *Vou currar*. En galego dicimos *Saiulle un choio bastante interesante* e mais *Vou choiar*.

En efecto, o substantivo galego *choio* denomina en xeral un traballo ou asunto de pouca importancia, aínda que pode pasar a denominar calquera traballo ou asunto, e mesmo os ben pagos ou moi bos, e de aí un bo negocio. Tamén, como palabra multiusos (igual que *couso*, por exemplo) serve para denominar unha cousa que non nomeamos e damos por coñecida: *Pásame o choio ese*.

Está palabra tan galega pasou ao español, cunha alteración fonética e gráfica e un significado restrinxido. Un *chollo* é alí un bo negocio.

Nese caso, en galego vimos preferindo usar a palabra *chope* (*Saiulle un chope boísimo*) que, curiosamente, parece proceder do inglés *job*.

Nas linguas e nos negocios o troco funciona sempre nas dúas direccións: exportamos e importamos.

BRUXAS E MEIGAS

Hai quen pensa, erroneamente, que en galego non debemos empregar a palabra *bruxa* por ser un castelanismo. Nada máis lonxe da realidade: tan galego é *bruxa* como *meiga*.

Ocorre que moitas veces fóxese de termos plenamente galegos polo simple feito de coincidiren na súa forma co español. Acontece isto con palabras como *comprar*, *encontrar*, *cama*, *cerrar*, *lágrima*, *gritar*, *garganta*, *morder*, *alegre*, *levantar*, *crecer*, *recordar*, etc. fronte a *mercar*, *atopar*, *leito*, *pechar*, *bágoa*, *berrar*, *gorxa*, *trabar*, *ledo*, *erguer*, *medrar*, *lembrar*, etc. Compartindo a preferencia polo emprego dos termos máis diferenciais, non podemos xustificar a postura de eliminar da lingua as palabras comúns co español (e co portugués ou outras linguas románicas). Cairiamos entón nun empobrecemento do galego.

Volvendo a *bruxa*, diremos que parece ser unha palabra de orixe prelatina que subsiste nas tres linguas románicas da Península Ibérica: o catalán, o español e o galego-portugués.

Meiga –como xa dixemos noutra nota- provén do latín *magīca* e ten a mesma orixe que *magia*. En galego, a familia léxica de *meigo/a* é ampla (*meigallo*, *meiguería*, *enmeigar*, *ameigar*, etc), o que contrasta co portugués: apenas *meigo/a* como sinónimo de ‘doce, bonito, encantador’ -do que tamén xa falamos- e o substantivo correspondente *meiguice*. O portugués prefire a familia léxica de *bruxo/a*.

Sinalemos que en galego chamamos tamén *meiga* a un peixe que nas Rías Baixas se coñece como *rapante*, e en español como *gallo*. Curiosamente, en catalán recibe o nome de *bruixa*.

E xa que falamos de peixes, aludiremos a outras *magas* que non teñen nada que ver coa maxia. Son as tripas dos peixes. Destas *magas* procede o verbo *esmagar*, que inicialmente significaría ‘tirar as magas do peixe’ e despois ‘apertar ou pisar as uvas e outras froitas para lles tirar o interior’ e de aí os significados actuais de ‘premer, machucar, apertar, etc’.

Por certo que o verbo *esmagar* está tan introducido no uso dos galegos que moitos úsano mesmo falando español, sen saberen que nesa lingua non existe e se debe empregar un equivalente como *aplastar*. É outro trazo máis do chamado “castelán de Galiza”.

CHAPAR E LATAR

Falabamos ese día do “castelán de Galiza”, unha variedade do español falada no noso país e fortemente impregnada de trazos lingüísticos do noso idioma. Estes trazos son fonéticos (acento galego), morfolóxicos (como o uso dos tempos simples dos verbos cando a norma española esixe os compostos, por exemplo *trabajara* en vez de *había trabajado*), sintácticos (como a construción *ir*+infinitivo cando o español esixe *ir a*, por exemplo *vas llegar tarde* en vez de *vas a llegar tarde*) e mais léxicos (emprego de palabras galegas inexistentes en español, como a que daquela apuntabamos: *esmagar*).

Dúas palabras galegas que, mesmo falando castelán, empregamos unanimemente os galegos son *chapar* e *latar*.

A primeira delas, o verbo *chapar*, significa ‘aprender de memoria, mecanicamente, coma un papagaio’. De *chaporía*, dicimos nós. E a persoa que *chapa* é un *chapón* ou unha *chapona*.

A orixe da palabra é onomatopeica pois procede do son *chap* (igual que *papar* procede da onomatopea *pap*). De feito, *chapar* ten un primeiro significado de ‘pillar, atrapar, coller’ *Chapa!* dicímoslle ás veces a alguén ao tempo que lle lanzamos algo.

Tocante a *latar* é sabido que significa ‘faltar á escola, faltar a clase’ e de aí, por extensión, pode pasar a significar ‘faltar ao traballo’

No Morrazo, co mesmo sentido de *latar*, úsase *facer a godalla* (naturalmente, pronunciado con seseo e gheada, *fasélaghodalla*). A *godalla* é a cabra, polo que a expresión viría significando ‘facer como a cabra, escapar para o campo, para o monte’. Algo equivalente á expresión francesa *faire l'école buissonnière*, que traduciremos, de xeito aproximativo, como *facer a escola das silveiras*.

Descoñecemos a orixe do verbo *latar* co significado de ‘faltar a clase’, que xa documenta o Padre Sarmiento no século XVIII. Non debe ter relación con ela a voz *lata* ou *folla de lata*, que parece proceder do italiano. En todo caso, non vaiamos pensar que toda *lata* é metálica pois en varias linguas románicas atopamos unha chea de derivados dun termo xermánico, precedente do italiano, que denominaba unha prancha de madeira estreita, fina e flexible. En galego *lata* designa, entre outras cousas, as armazóns dos tellados, as traves de madeira que sosteñen estes e o enreixado de varas dos emparrados das videiras. Destas *latas* tamén deriva outro verbo *latar*.

VIDEIRAS E BACELOS

Falabamos esoutro día das videiras. A *vide* ou *videira* é a planta que produce as uvas. Dicimos *vide* ou *videira* como dicimos *silva* ou *silveira*. A palabra é de orixe latina (*vītis*) que vemos doadamente nos cultismos *viticultura*, *viticultor*, *vitivinícola*, etc.

O terreo plantado de vides é a *viña*, palabra que podemos atopar co sufixo *-al* ou *-edo* (*o viñal*, *o viñado*) pois estes dous sufixos denominan en galego conxuntos ou plantacións de vexetais: *carballal* / *carballedo*, *xestal* / *xestedo*, etc.

Para denominar a vide temos tamén outro nome, *bacelo*, aínda que máis propiamente esa é a denominación da vara da vide que se corta para plantar. Co sufixo *-ar* (alternativo do *-al* que xa vimos en *viñal*) formamos *bacelar*, conxunto de baceiros, do mesmo xeito que outros conxuntos de plantas son *o malvar*, *o liñar*, etc.

Bacelo provén do latín *bacūlus* ‘vara, bastón’, palabra que nos deixou un dobrete léxico para denominar o mesmo obxecto. A palabra culta, *báculo*, é a que hoxe se conserva (o *báculo* dos bispos, o do Papa), pois parece perdido o derivado popular *bagoo/bago*, empregado noutro tempo. O latín *bācūlus* viuse alterado co sufixo diminutivo *-illus* formándose *bacillus*, ‘variña, bastonciño’ para se referir ás variñas da videira, e de aí procede o noso *bacelo*.

Curiosamente, *bacillus* deixou outro derivado moderno, que aparece no século XIX. Trátase de *bacilo*, palabra que evoca a forma de variña ou bastonciño que este ten visto polo microscopio.

Se o *bagoo/bago* medieval co significado de ‘báculo, bastón’ semella desaparecido, hai outro *bago* plenamente vixente. O *bago* é o gran, a uva, que forma parte do acio ou racimo. Amais do da vide, dáselle tamén o nome de *bago* a outros grans de semellante forma.

Bago (de ampla familia léxica como *bagazo*, *bagullo*, *bagaño*, *bagaceiro*, etc) provén do latín *bāca* ‘baga’ (e non *baia* que é un españolismo incorrecto).

E para rematarmos con outra curiosidade, pasaremos da vide á historieta gráfica. *Viñeta*, do francés *vignette*, que hoxe denomina o cadrado ou rectángulo da historieta gráfica (historieta que os brasileiros chaman *quadrinhos*) denominou as ilustracións de libros antigos que encabezaban páxinas e que representaban videiras e froitos. Máis tarde, esta ilustración pechouse en rectángulo, ampliou os motivos florais e finalmente reproduciu todo tipo de imaxes e mesmo escenas.

PADRE E MADRE

As palabras *padre* e *madre* foron as primeiras formas derivadas dos acusativos latinos *pātre* e *mātre* en galegoportugués, e o seu uso predominou durante a Idade Media. *Pai* e *Mai* son formas algo máis tardías que aquelas e, aínda que aparecen tamén na Idade Media, non chegan a predominar senón a partir do século XVI. *Mai* coñecerá máis tarde a concorrencia de *nai*, e ámbalas dúas formas teñen hoxe unha grande extensión, a primeira fundamentalmente na zona oriental do país e a segunda na zona occidental.

Con todo, o uso de *padre* e mais de *madre* non desapareceu totalmente da nosa lingua. Estas palabras consérvanse, con determinados significados, no galego actual.

Inda hoxe se conservan como palabras enfáticas de respecto (*O padre chamouno para que fose onda el*) ou como membros de fórmulas de tratamento (basicamente en *mi padre, mi madre*) ou en sintagmas que repiten estas (*Veú con mi padre / Moito lle quero a mi madre*).

O *Mi madre!* exclamativo pode ser frecuentemente *Mi madriña!*, diminutivo que non debemos confundir con *Miña madriña!* Por apócope, a exclamación convértese moitas veces en *Mi ma!*

Por outra banda, *padre* e *madre*, por un uso metafórico, ampliaron os seus significados. En primeiro lugar, no eido relixioso: se *Padre* denominaba á primeira persoa da Santísima Trindade (moitas veces chamado *O Padre Eterno*), conservando aquel uso fíxose equivalente de ‘pai espiritual’ e así se lles chamou aos doutores da Igrexa (autores da *Patrística*) e mais ao *Padre Santo/Santo Padre* ou Papa. Como *pai* ou *pastor* da súa comunidade tamén se denominou así ao relixioso ou cura. É así que falamos do *Padre* Sarmiento e non do *Pai* Sarmiento. Canto a *madre*, denominou á superiora do convento e, despois, ás monxas ou freiras da comunidade.

Outros usos metafóricos son a denominación de *madre* para o útero feminino, é dicir a *matriz*, para a corda da que van pendurados os anzois no palangre, para o leito dun río ou para o bagazo co que se fai o viño, o vinagre ou a augardente.

E, naturalmente, outras palabras galegas como *compadre* e *comadre*, *padriño* e *madriña*, *padrasto* e *madrasta*, están relacionadas con estes *padre* e *madre* (plenamente galegos, como vemos, con aqueles usos) Veñen xa do latín, do mesmo xeito que compostos como *madresilva* ou *madrepérola*.

IRMÁN E CURMÁN

O latín clásico tiña as palabras *frātris* e *sōrōr* para denominar os nosos *irmán* (ou *irmao*) e *irmá*, mais o latín serodio, ao iren sendo empregadas aquelas nun sentido relixioso, viuse obrigado a crear outras expresións, para as distinguir. En efecto, o *frātre* será o *frade* ou *freire* (palabra na que hai unha influencia allea, posiblemente occitana), que apocopado nos dá o *frei* acompañante do nome do relixioso, e de *sōrorem* virá *soror* ou *sor*, sendo *freira* un feminino creado a partir de *freire*.

Daquela, o latín tardío acudiu ás expresións *frātris germānus* e mais *sōror germāna*, nas que o adxectivo que puntualiza non ten nada que ver coa Xermania senón con *xerme*. Virían sendo como ‘irmán ou irmá pola orixe, da mesma semente, do mesmo sangue’. Logo, quedaron en *germānus/germāna* dos que proceden *irmán/irmá*.

Para *curmán/curmá*, o latín clásico distinguía entre *consōbrīnus/consōbrīna* (e *patruelis*) no caso de curmáns por parte do pai, e mais *sōbrīnus/sōbrīna* no caso de curmáns por parte da nai. Tamén o latín serodio modificou a denominación, engadindo un adxectivo como en *frātris* e *sōror*, e creou así a expresión *consobrinus primus / consobrina prima*. E, como o *nēpōtis* do latín clásico foise perdendo, substituíuno por *sōbrīnus/ sōbrīna* dos que derivan, como é evidente, os nosos *sobriño/sobriña*.

Daqueles *consobrinus primus / consobrina prima* (propriadamente ‘primeiro curmán’ e mais ‘primeira curmá’) naceron os nosos *primo/prima*.

Pero, utilizando o mesmo procedemento latino do prefixo *cum-* (tardiamente *com-* como en *compātēr*, *commāter*) o galego medieval creou *comirmãao/comirmãa* dos que derivan *curmán/curmao* e *curmá*.

Chegado o caso, facíase a distinción entre *prima comirmãa* e mais *segunda comirmãa*, é dicir o fillo ou a filla dun irmán ou irmá do pai ou da nai, e mais o fillo ou a filla dun curmán ou curmá do pai ou a nai.

Curmán e *primo* son hoxe en galego usados como sinónimos –e para distinguir o grado de parentesco debemos acudir a precisións do tipo *primo irmán* ou *primo carnal* fronte a *primo segundo*, e mais *curmán entrego* fronte a *curmán*. Con todo, parece que algún día facíase a distinción entre *curmáns*, fillos de irmáns, e mais *primos*, fillos de curmáns, como fai esta cantiga popular:

*Miña prima, miña prima,
miña segunda curmán,
mozos por este rueiro.
Non sei a quen rondarán!*

CABEZA E TESTA

A palabra *căput*, que denominaba en latín a cabeza, conservouse, transformada, nalgunhas linguas románicas; dela provén o italiano *capo*, o catalán *cap* e o francés *chef*. Naturalmente, hai tamén un uso metafórico que serve para denominar os individuos que mandan nunha organización. Iso é *chef*, que pasou do francés ao portugués e o español escrito *chefe* e *jefe*. O italiano *capo*, co mesmo significado, é ben coñecido internacionalmente debido á Mafía, e o catalán *cap* popularizouse na expresión *capicúa* (de *cap i cúa*, ‘cabeza e rabo’) para denominar os *palíndromos*, números, palabras e frases que se len igual de adiante para atrás como de atrás para adiante (por exemplo: 2002, *sedades* ou *lense sete teses nel*). O galego-portugués e o español partiron dun latín serodio *capitia* para orixinar *cabeça/cabeza*.

Pero sendo a cabeza unha parte do corpo moi dada ás metáforas humorístico-expresivas (o coco, o cabazo, a bola, etc.) tamén moitas linguas románicas fixeron súa unha metáfora que viña do latín tardío, a de chamarlle *těsta*, é dicir ‘ola de barro’, a *căput*. Nalgunhas linguas esta denominación arrombou a outra (*tête* desprazou en francés a *chef* co significado de ‘cabeza’) e noutras coexiste con ela (*capo* e *testa* en italiano, *cabeça/cabeza* e *testa* en galego-portugués). Por certo, que o español auténtico sería *tiesta* (como se usaba na Idade Media) pero impúxose a forma *testa*, tomada do italiano.

En galego-portugués a *testa* é propiamente a rexión antero-superior da cabeza, a fronte, aínda que na nosa lingua, na actualidade, úsase practicamente como sinónimo de cabeza. Sinalemos, de paso, que *testo*, (do latín *těstu*) á par do significado de ‘cacharro de barro para criar plantas’, conserva en galego-portugués o sentido orixinal de ‘tapa de olas, potas, etc’.

Derivados metafóricos do xa galego *testa* “fronte” (dunha casa ou un terreo) son *entestar/testar* (“lindar pola fronte”) e *testeiro*, mais non derivan dela *testar* ‘facer ou deixar testamento’ e a súa familia léxica nin a de *testemuña*.

Digamos, finalmente que non debemos confundir a palabra alemá *kaputt* (‘destruído, demolido, morto’) co *căput* latino, aínda que aquela podería ter orixe neste a través do occitano. A palabra pasou ao alemán dende o francés *capot*, un termo procedente do xogo de cartas que tamén nós utilizamos en galego nas expresións *deixar capote*, *dar un capote*, *levar un capote*, ‘vencer ou ser vencido esmagadoramente.

CACHO E CACHOLA

Coa mesma metáfora pola que *tĕsta*, ‘ola de barro’, pasou a significar ‘cabeza’ outra palabra do latín serodio, *cāccūlus*, ‘oliña de barro’, que se converteu no galego *cacho*, tamén tomou o mesmo significado sen por iso perder outros.

Cacho conserva o sentido orixinal de ‘oliña, cazola’, un *cacharro* (palabra derivada de *cacho*) de barro que serviu tradicionalmente para cocíñar. Utilizamos a palabra na expresión *andar de cacho para testo*, ‘andar dun sitio para outro sen parar’ Tamén chegou *cacho* -denominando o contido co nome do continente- a denominar as cousas que se preparaban nel, así o *cacho* de herbas aromáticas que se preparaba na noite de San Xoán ou a untura que se dicía que facían as meigas. Por transformación da finalidade o *cacho* fíxose un penico ou ourinol (lembramos a expresión figurada *mexar fóra do cacho*), e denominou mesmo un asador de castañas, feito de metal.

Igualmente, por metáfora, podemos considerar un *cacho* de barro a cuncha de certos crustáceos e –tamén denominando o contido co nome do continente- chamarlle *cacho* ao prebe ou mollo que se fai na da centola.

Como dicíamos *cacho* serviu para ‘cabeza’ e de aí veñen *a cachá*, ‘o curuto da cabeza’, e a famosa *cacheira*, *cachucha* ou *cachela* do porco. Unha denominación humorístico festiva da cabeza é *a cachimea*, e unha expresivo-aumentativa *a cachola*. Reparemos en que o nome do mamífero mariño *cachalote* procede de *cacha*, *cachola*. A palabra pasou do portugués a outras linguas (francés, inglés, español, etc).

O antecedente latino de *cacho* (como o de *testo*) tiña tamén o significado de ‘fragmento ou anaco de ola’ e de aí pasou a significar calquera fragmento ou anaco. En galego son numerosas as palabras da súa familia: *cachelos*, *cachizas*, *cachote*, *escachar*, *escachizar*, etc. Probablemente desta idea de ‘romper’, aplicada a líquidos que ferven, que rompen a ferver, ao mar cando rompe e á fervenza dos ríos, proceden *cachón*, *cachoadá*, *cachoar*, *cachoeira*, etc. Tamén da idea de romper un terreo, rozando e queimando para sementar, poden vir *cachar*, *cachela*, *cacharela*, *cacheirada* e outras.

Podería vir tamén da idea de fragmentos o *cacho* ‘racimo de uvas, agrupación de froitos nun talo’, palabra que en galego aparece á beira de *acio* mais que en portugués é de uso xeneralizado. E de aí viría *cachear*, inicialmente ‘andar ao rebusco’ e logo, cun uso extenso, ‘percurar, buscar, remover, rexistrar’. Claro que tanto *cachar* como *cachear* poderían proceder do latín **captiāre*. En todo caso, o español *cachear*, cun uso restrinxido a ‘rexistrar’, parece ser de orixe galega.

BICOS E BEIXOS

O latín utilizaba a palabra *oscūlus* (que literalmente significaba ‘boquiña’) para denominar o signo de afecto ou de saúdo que dá unha persoa pousando os beizos na fronte ou na cara doutra. Un bico lixeiro e casto. Para os bicos de amor e de pracer prefería utilizar outra palabra: *bāsīum*. Co tempo, *oscūlus* quedou relegado e o seu descendente en galego e outras linguas románicas emprégase só a un nivel culto. Foi *bāsīum* o que se mantivo e del procede o noso *beixo*.

Hoxe en galego existen varias palabras para expresar ese acto, e non é *beixo* a máis espallada. O seu uso está reducido a determinadas zonas, e mesmo nelas os falantes máis novos tenden a substituíla por *bico*, a forma triunfante en Galiza, en canto que en portugués a forma practicamente única é *beijo*.

Tamén temos, en galego, cunha presenza moi minoritaria, a palabra *chucho*, derivada do verbo *chuchar*, que ten un sentido ben expresivo.

A palabra *bico* ven do latín serodio *beccus*, palabra de orixe céltica, que inicialmente denominaba o bico das aves, maiormente dos galos. Por metáfora, pasou a denominar o fociño e a boca dos outros animais e mesmo das persoas, sentido que conserva en galego cando falamos do *bico* do porco ou lle dicimos a alguén *Pecha o bico!* E, finalmente, o símbolo de agarimo, amor ou pracer consistente en tocar a outra persoa cos beizos ou xuntalos cos seus, chamouse un *bico*.

A partir da significación do bico das aves, temos en galego a *bicada*, o alimento que os paxaros levan no bico para as súas crías, e de aí naceu a expresión *coller bicada*, é dicir ‘apañar cartos ou beneficios’.

Pero, ademais, a partir de *bico* coa idea de algo saínte, en punta (e de aí *bicudo*) temos o *bico* dunha xerra, por onde verte o líquido, o *bico* dunha fonte, o torno ou picho por onde bota a auga, ou o *bico* do queixo, a puntiña nos de determinada forma. E máis tamén temos a *biqueira*, ou punta do zapato. Lembremos que *dar unha biqueira* ou *biqueirón* é expresión do fútbol.

E non sería estraño que as xustamente nomeadas *bicas*, doces feitos con fariña, ovo, azucre e manteiga, estiveran emparentadas co *bico* (lembramos a *bicada*). Cando menos, polo sabor, a cousa resulta evidente. Pero, por prudencia, non aseguraremos nada: debemos *andar nos bicos dos pés*.

PREGUICEIRO! NUGALLÁN!

Son moitos os substantivos que se empregan en galego para denominar o hábito contrario ao traballo (*preguiza, nugalla, galbana, doca, palanquinaria, morlana, lacazanaria*, etc) e moitos igualmente os adxectivos que se empregan para as persoas que teñen este hábito (*preguiceiro, nugallán, palanquín, lacazán, camándulas, larchán, langrán, folgazán*, etc).

Como se ve, nos adxectivos que caracterizan ás persoas abunda en galego o sufixo *án* -con moita frecuencia caracterizador negativo- que pode facer o feminino en *-ana* ou en *-á* (*lacazán/lacazana, nugallán/nugallá*).

A partir do substantivo *preguiza* (e as súas variantes) non só temos o adxectivo *preguiceiro* senón -variando o sufixo- *preguizán* e *preguizoso*. Tamén a variación de sufixos a partir do substantivo *nugalla* (e a súa variante *nogalla*) fornécenos *nugallán/nugallao* e *nugallón* (co sufixo *-ón*, equivalente moitas veces a *-án*). Os dous substantivos teñen orixe latina: *preguiza* procede de *pīgrītia*, que tiña o mesmo significado, e *nugalla* de *nūgālia* que significaba ‘frivolidades, futilidades, cousas sen valor, inútiles’, concepto negativo que en galego derivou ao de ‘ociosidade, preguiza’.

Lacazán, lacaceiro e máis *laoeiro* tamén son sinónimos de *preguiceiro*. O último deles tamén significaría ‘comellón, larpán’ mais é curiosa a explicación que ofrece da palabra como equivalente de *preguiceiro* Eladio Rodríguez González: “Galbanoso, desidioso, que anda cos pernís ou os “lacóns” ao aire por non se dar unhas puntadas no vestido”. Os dicionaristas toman esta explicación de Sarmiento.

Semella que *lacazán, lacaceiro, laoeiro* e máis *lacón* teñen a mesma orixe. Parece que proceden dun latín serodio *lacca* ‘especie de tumor nas pernas dos animais’. Diríase que o significado se foi transformando por camiños tortuosos.

Non menos curioso –aínda que ben máis claro- é o percorrido da palabra *camándulas* que tamén significa ‘preguiceiro’ e mais ‘hipócrita’, coa variante *camanduleiro*, e que deu orixe ao verbo *camandulear*. Teremos que nos remontar a unha ponla da orde beneditina fundada no século XI en Camáldoli (Italia). Tratábase duns monxes eremitas adicados á vida contemplativa. Ben sabido é que a tradición popular se asaña moitas veces cos frades acusándoos de preguiceiros e de hipócritas, o que explicaría a evolución da palabra.

AGRELA E LAGOELA

Como é ben sabido, o sufixo *-ela/-elo* serve en galego para formar diminutivos. Temos así *fontela*, *penela*, *codela* e *portela/portelo*, diminutivos de *fonte*, *pena*, *codia* e mais *porta*. Ás veces o diminutivo non é tan evidente, mais, se ben reparamos, está aí. É o caso de *carrelo* ou de *cachelos* diminutivos de *carro* e de *cachos* respectivamente.

É certo que hoxe en día este sufixo non ten un grande rendemento lingüístico, pero non o é menos que ten unha presenza moi importante nun aspecto clave da identidade galega como é os nomes dos lugares e os apelidos.

As máis das veces, o sentido diminutivo destas palabras resulta evidente e é mesmo frecuente poder atopar o nome sen diminutivo e con diminutivo. Temos así parellas como *Cabanas/Cabanelas*, *Caldas/Caldelas*, *Castro/Castrelo*, *Faro/Farelo*, *Gándara/Gandarela*, *Lama/Lamela*, *Parada/Paradela*, *Quinta/Quintela*, ou *Vila/Vilela*.

Sinalaremos que algúns topónimos, por descoñecemento dos falantes, atópanse moitas veces mal transcritos. É o caso de *Lagoela* ou *Regoela*, por exemplo, diminutivos de *lagoa* e *régoa* (como *Mamoela* de *mámoa*) cando aparecen adaptados á ortografía española en *Lagiuela* e mais *Regiuela*.

Os topónimos galegos sufriron dende hai séculos unha violenta deturpación provocada por unha Administración ignorante e negadora da nosa personalidade. Todos coñecemos feixes de casos máis ou menos proverbiais. Tocante ao sufixo diminutivo do que estamos a falar sinalaremos o caso dun lugar do concello da Coruña que pode aparecer como *A Grela* (e mesmo castrapizado en *La Grela*) cando é evidente que se trata de *Agrela*, diminutivo de *Agra*, nome que abunda na toponimia coruñesa (*Agra do Orzán*, *Agra da Bragua*, *Agra de San Amaro*...). E unha aberración converteu no papel o topónimo cangués *Laxelas* en *Las Gielas* e logo en *Gielas*.

Non todas as palabras galegas rematadas en *-ela/-elo* responden a este sufixo diminutivo. Hai outro sufixo *-ela* que indica unha acción (*apalpadela*, *cantadela*) ou o resultado dunha acción (*rabuñadela*, *queimadela*). Outras veces non se trata dun sufixo senón da terminación propia da palabra e inseparable desta (*estrela*, *amarelo*).

Para rematar sinalaremos que de *marmelo* (español *membrillo*) derivouse *marmelada* ('compota de marmelo') palabra que pasou do portugués ao francés, inglés, italiano e español aínda que en xeral transformando o seu significado para denominar a confitura de calquera froita.

CANAS E CANS

Son abundantes en galego as palabras derivadas da planta chamada *cana*. E non só as que conservan o significado orixinal como *canaveira* ou *canivela*, outras denominacións da cana, *canaval* ‘lugar plantado de canas’ e mais *canizo/caínzo* ‘armazón de canas entretecidas situado enriba da lareira’. Abundan, maiormente, unha chea de palabras nas que se partiu da idea de *cana* para lle dar un uso figurado, metafórico.

Temos así *canal*, *cal*, *canle* e *quenlla*, ‘paso natural ou artificial da auga ou outros líquidos’. E máis *canella* ‘camiño fondo’ ou ‘rúa pequena e estreita’. E *caneiro*, dique estreito no río para formar unha zona de pesca (lembramos os tan populares *caneiros* de Betanzos)

Un *cano* é un picho, un tubo por onde sae a auga das fontes, e unha *canada* ou *canado* unha medida de líquidos, principalmente viño, feita de madeira e con forma cilíndrica. Parecido, en pequeno, é o *caneco*, frasco cilíndrico de barro. Os *canalóns* canalizan as augas que caen sobre os tellados das casas.

Cousa distinta son os *canelóns*, doces cilíndricos que levan no interior unha ramiña de *canela* (palabra que xa en latín derivaba de *canna*). E diferentes canelóns son os italianos, os prezados *cannelloni*, que non levan canela pero teñen tamén forma cilíndrica.

Outra *canela* que non ten que ver coa anterior senón cos ósos da perna (longos coma canas) é a perna en denominación familiar.

E, naturalmente, *encanar* é orixinalmente ‘unir, empatar dúas canas’.

Canto aos derivados de *can*, amais dos dentes *caninos* (*caíños* ou *cairos*, nomes todos derivados de *can*) temos *caninea*, ‘conxunto de cans’ (ou, por extensión humorística, de rapaces). E máis *canícula* (‘cadeliña’), nome antigo da estrela Sirio para denominar o período máis caloroso do ano, que se coidaba relacionado coa elevación da estrela.

Falaremos tamén aquí dunha curiosidade: o nome das illas Canarias, coñecidas e conquistadas polos europeos só a partir do século XIV, viría significando ‘terra de cans’. Conta o historiador latino Plinio que o rei de Numidia Iuba II mandou alí unha expedición e esta encontrou nelas unha multitude de enormes cans, dos que lle levou dous ao rei. E de aí o nome das illas.

Mais a palabra que, contra o que puidera aparentar, non ten nada que ver con *can* é *canibal*, deformación de *caribal*, indíxena do pobo amerindio dos *caribes*.

FORESTAL

Galiza foi dende sempre un país forestal. A abundancia e variedade de especies reflectiuse na toponimia e nos apelidos, onde aparecen dúcias de nomes de árbores: carballo, piñeiro, nogueira, castiñeiro, freixo, figueira, salgueiro, abelaira, bidueira, ameneiro, maceira, pereira, oliveira, sobreira, etc. E os nomes dos conxuntos de árbores aparecen tamén na toponimia e nos apelidos cos nomes que reciben en galego: *carballeira/carballal/carballedo/carballada/carballido, sobral/sobredo/sobrido, figueiral/figueiredo/figueirido*, etc.

Ao seren normalmente homoxéneos os conxuntos (fosen grandes ou pequenos) son estas as palabras que máis se empregaron en galego, falándose dun *souto*, un *piñeiral*, unha *carballeira*, etc. e non de *un bosque de castiñeiros*, *un bosque de piñeiros* ou *un bosque de carballos*.

Bosque é unha palabra que utilizamos cando non concretamos as especies forestais ou cando a mestura de especies fai que non predomine esmagadoramente unha delas. É palabra de orixe xermánica que tivo unha forma *bosco* en galego medieval, empregada con certa frecuencia na nosa literatura moderna.

Selva (do latín *silva*, ‘bosque’) utilízase para bosques moi espesos, extensos e de árbores voluminosas, normalmente das rexións tropicais. A mesma orixe que *selva* tena *silva* (que procede probablemente da locución *spīna silvea*, ‘espiña do bosque’). Ao habitante da *selva*, os “civilizados” démoslles un nome tirado do latín *silvātīcu*, que derivou en *salvaxe* por influencia provenzal e que posteriormente o portugués trocou en *selvagem*, reconstruíndo a palabra de acordo coa súa orixe.

Floresta é palabra moi utilizada en portugués, que a prefíre a *bosque*. Tanto en portugués como en español houbo nela un cruce coa palabra *flor* (trataríase, pois, dun bosque florido, con árbores e mais flores) porque procede do francés *forest* (hoxe *forêt*) de onde pasou aos idiomas veciños: inglés, alemán, italiano e catalán. Debería logo ser *foresta* –como en galego e como fan as primitivas formas galaico-portuguesas- en liña co adxectivo *forestal*, derivado dela.

Para rematar diremos que *fraga*, que hoxe en galego se emprega como sinónimo de *bosque*, denominaba orixinalmente terreos pedrosos, abundantes en penedos e rochas, con matos e silvas e árbores normalmente ventureiras. As chamadas *fragas do rei*, fragas de posesión estatal, foron repoboadas sistematicamente dende vello e, xa no século XVI as fragas do Eume, Cedeira, Ortigueira e Viveiro exportaban milleiros de carros de madeira a Portugal.

PEXEGOS E AMEIXAS

O pexegueiro é unha árbore que, no dicir dos especialistas, presenta distintas variedades, das que podemos constatar en Galiza a pavieira, o abrideiro, o xilmendreiro, o albercheiro e outras. Parece que a especie é orixinaria de Persia, e así o recolle o seu nome científico. A palabra latina para denominalo era *pērsīcus*, da que provén o nome galego, xa sexa coa variante máis fiel á pronuncia e acentuación latina (*pésego*) ou coas variantes mais arredadas (*pexego*, *prexego*). Igual orixe ten o nome da *herba pexegueira* que podemos atopar denominada co cultismo *persicaria*.

En francés, a palabra derivada de *pērsīcus* é *pêche* que se lle aplica ao *melocotón*. O motivo é que esta froita é outra variedade da especie da que estamos a falar. A palabra *melocotón* procede do latín *mālu cōtōnīu* que denominaba o marmelo. Xa falamos noutra ocasión do marmelo e de cómo a palabra *marmelada* pasou dende o portugués a distintas linguas.

E xa que tratamos de froitas e de países do Oriente ben afastados de nós, diremos que o nome da *ameixa* ten a súa orixe en Damasco pois procede, mediante unha complicada evolución, da palabra *dāmāscena*. Mais doado é recoñecer a procedencia doutras froitas polos seus nomes no caso do *xaponés* ou do *paraguaio*.

Distintos nomes de froitos, árbores, plantas ou animais exóticos foron adaptados dende as súas linguas orixinais ao portugués polos navegantes lusos e pasaron despois ás linguas europeas. É o caso de *banana*, *bambú*, *mangostán*, *mango*, *copra*, *tapioca*, *xaguar* ou *cobaia*. Outras veces foron os portugueses os que lle impuxeron á planta, froito ou animal un nome procedente da súa propia lingua; é o que aconteceu con *coco* que recibiu esa denominación en lembranza da cabeza do *coco* co que antes se asustaba aos nenos (e que en galego preferimos chamar co aumentativo *cocón*, relacionado evidentemente coa *coca* das festas de Redondela e Santiago). Igual ocorreu con *cobra*, nome xenérico de todas as serpes en galegoportugués que se lle aplicou tamén a unha especie despois coñecida en distintas linguas con esa denominación.

E volvendo ao país polo que comezabamos este artigo, diremos que tamén se lle atribúe unha orixe persa á *persiana* (ao obxecto, non á palabra) que entrou na nosa lingua procedente do francés (a palabra, non o obxecto).

PAÍSES E XENTES

Moitas veces o nome dun país, ou a denominación dos seus habitantes, transforma o seu significado dando lugar a unha palabra nova.

Na maioría dos casos é doado recoñecelo e comprender a formación do novo significado: un *paraguaio*, unha *americana*, un *canario* son un (melocotón) *paraguaio*, unha (chaqueta) *americana* e mais un (paxaro) *canario*. O substantivo pérdese e o adxectivo convértese en substantivo.

Outras veces, mesmo recoñecendo a palabra, resulta máis difícil comprender o proceso. Unha *turca* é familiarmente unha bebedeira, mais: como chegou a evolucionar o sentido? Deberemos acudir a palabras e expresións sinónimas como unha *curda* ou *beber coma un cosaco* para decatarnos de que lles atribuímos aos pobos daquela rexión xeográfica un hábito da bebida fóra do común.

Do mesmo xeito, podemos chegar a recoñecer en *turquesa* o mesmo adxectivo pero: como chegou a facerse substantivo denominando unha determinada pedra preciosa? Pois, sinxelamente, porque ela procede da zona de Turquía.

Tamén podemos chegar a recoñecer en *índigo* (o nome da cor) o adxectivo *índico* sen sabermos que o motivo é que o colorante se extraía de plantas procedentes da India.

O que xa resultará moi difícil será dexergar na palabra *escravo* a súa orixe en *eslavo*. A palabra procede do latín medieval *sclāvus*, derivado de *sclāvenus* e este de *sloveninus*, nome que se daban a eles mesmos os pobos eslavos vítimas da trata escravista na Europa da Idade Media.

E, dende logo, resulta imposible recoñecer en *gravata/garavata* (español *corbata*) a súa orixe en *croata*. Pois si: a través do francés *cravate* (e este dunha forma xermánica *krawat*, variante de *kroate*) chegou a nós a palabra, que orixinalmente denominaba unha tira de pano que os cabaleiros croatas ataban de arredor do pescozo.

Mais debemos ter coidado en comprobarmos axeitadamente as palabras porque moitas veces non existe a relación que aparenta co nome do país. Así a *escocia*, un tipo de moldura, non ten nada que ver con Escocia, a *xenebra* non ten nada que ver co cantón suízo, e un *lapón* non é sempre un habitante da Laponia: pode ser unha forma ben galega de denominar un *lambón*, un *comellón*.

O VAIVÉN DO BAMBÁN

Que *vaivén* é unha palabra de orixe galegoportuguesa é cousa evidente só con repararmos na súa composición, que identifica a suave oscilación polo seu movemento que *vai* e *ven*. Trátase dunha palabra que tiña unha forma primitiva *vay e vem* (podémola aínda ver escrita como *o vai e ven*) e que pasou máis tarde ao español, que a adoptou coa forma orixinal.

Esa oscilación suave, ese arrollo, é o do aparello de diversión infantil formado por un asento suxeito por dúas cordas paralelas fixadas por riba a un apoio e que os rapaces e rapazas fan mover para adiante e para atrás, balanceándose. Xogo que, con distintas variantes e suxeito á ponla dunha árbore, dunha trabe, etc. se atopa dende hai séculos por todo o mundo e hoxe é un elemento imprescindible nos parques infantís.

O aparello recibe en galego diversos nomes como *bambán*, *bimbán*, *balambán* ou *bimbastro*, *randeeira*, *trondeeira* ou *tróndea*, e *carrandiola* ou *carriola*. A orixe destas palabras é onomatopeica, é dicir que o son evoca unha acción, neste caso a da oscilación e o seu ruído. A cousa é evidente na palabra *bambán* e variantes, mais tamén é o caso das formadas a partir do son *ran/arrán/carrán*.

Naturalmente, moitos dos verbos que expresan a realización da acción están formados a partir destes sons (*bambear*, *bambanear*, *bambolear*, *arrandear/randear*, *carrandear*, *tarandear*, *trondear*, etc).

O adxectivo *bambo*, ‘frouxo’, utilízamolo para falar dunha corda *bamba*, que non está tesa, que *bambea*, e os substantivos *bamba*, *bambolla* e *bamborriña* son equivalentes de ‘presunción, orgullo’ e están evidentemente relacionados con *bambearse*: é o arruallo de quen vai oscilando ao andar con moita fachenda.

Son numerosos os verbos galegos que expresan oscilación. Amais dos xa citados temos, por exemplo, *abandar/abaneirar*, *abalar*, *acaneirar* e *manear/meneirar*. *Abandar* tería orixe no latín *vannus* ‘peneira’, partindo do movemento de peneirar. *Abalar* e *acaneirar* poderían –de non seren variacións do anterior– estar relacionados con *val* (do mesmo xeito que o francés *avaler* é orixinalmente ‘botar para abaixo’) e mais *cana* (moverse como unha cana) ou *hacanea* (da vila inglesa de Hackney) ‘egua de movemento suave e elegante’ (de onde procede, indirectamente, a palabra galega *faca/faco*). E *menear* é unha transformación do verbo *manear*, creado a partir de *man* (como ben expresa a danza galega chamada *maneo* que é acompañada coa man no pandeiro) e relacionado tamén con *manexar* e *manipular*.

CULTISMOS

As linguas vanse transformando no decurso da súa historia. E as palabras non só cambian ás veces de significado -como xa temos visto con distintos exemplos- senón que a súa forma material, os seus sons, vanse modificando. Pero as transformacións fonéticas non son caprichosas, non cambia cada palabra ao chou, senón que os sons - fóra casos excepcionais debidos a determinados fenómenos- transfórmanse no conxunto do léxico da lingua en función do lugar que eles ocupan na palabra e dos outros sons que os acompañan. É o que chamamos "leis da Fonética Histórica". Cada lingua ten as súas propias leis, que seguen actuando tamén no tempo presente aínda que non nos decatemos pois a modificación precisa de moitísimos anos para ser dexergada. E tamén a velocidade é distinta segundo as circunstancias históricas. A fixación da escrita, o nacemento da imprenta, a extensión da alfabetización e a influencia dos medios de comunicación, actúan de freo para os cambios, que noutras fases históricas coñeceron menos impedimentos. Con todo, os cambios existen. En galego constátase o grande retroceso da gheada e o seseo, e en español, de non existiren os devanditos freos, xa tería triunfado a transformación de *-ado* en *-ao* (*cansao, callao, acabou, etc.*).

As palabras galegas que proceden do latín e veñen xa da época antiga e medieval son a maioría. Estas palabras viñeron evoluíndo dende hai máis de mil anos e chamámoslles *palabras patrimoniais*. Outras foron introducidas máis tarde -maiormente a partir do Renacemento- directamente dende a forma latina, só cunha mínima adaptación, sen sufriren a evolución. Son as que chamamos *palabras cultas* ou *cultismos*. Por exemplo, *xaneiro* e *figueira* (que proceden de *jānūārīu* e *ficāria*) son patrimoniais, *horario* e *funeraria* son cultismos. Existe tamén un estado intermedio: unha certa transformación pero non total, maiormente en termos eclesiásticos e xurídicos entrados na Idade Media. Por exemplo, *clérigo* fronte a *crego* (os dous de *clērīcu*). Prodúcense así casos de parellas de palabra patrimonial fronte á culta ou semiculta, procedentes as dúas da mesma palabra latina, como *escoitar/auscultar*, *cadeira/cátedra*, *esbullo/espolio* ou *espreitar/explicitar*. E mesmo tríos como *artello* (patrimonial), *artigo* (semiculta) e *artículo* (culto).

O cultismo ou semicultismo desprazou moitas veces á voz patrimonial (*historia* por *estoria* ou *mulo* por *muu*) que as veces se conservou nun topónimo ou nun apelido (*paladín* fronte a *paadín/padín*).

Remataremos sinalando un significado galego da palabra *espolio* que é propio do noso idioma e non existe en español nin en portugués. É o de 'escándalo, follón' (*armar un espolio, facer un espolio*). É natural que ante un espolio, un esbullo, un roubo manifesto, se arme un espolio, unha protesta. Se hai motivo, sempre será mellor que achantar.

FERMOSA FORMOSA

No galego medieval esta palabra ten distintas variantes: *fremosa*, *fermosa*, *formosa*, *fromosa*... A máis frecuente nos nosos cancioneiros é *fremosa*, pero a máis conforme coa orixe é *formosa* pois procede do adxectivo latino *formōsus* (feminino *formōsa*). Esta foi a variante que triunfou en portugués en canto que o galego optou por *fermosa*. Non quer isto dicir que entre nós non apareza *formoso*, coñecido como apelido. Tamén en portugués Camões emprega *fermosa* nos *Lusiadas*.

O *formōsus* latino procede de *fōrma*. *Formosa* é logo ‘formada’. Naturalmente ‘ben formada’. Igual que –como xa comentamos– en galego dicimos *feito* e *feita* presupoñendo o *ben*: *É unha rapaciña moi feita*.

E os portugueses, gabando a illa asiática que hoxe coñecemos polo nome chino de Taiwan, chamáronlle *Formosa*, nome polo que se coñeceu durante moito tempo.

Outro adxectivo latino, *bēllus* (‘amable, delicado, de boa saúde, bo’), converteuse en sinónimo de *fermoso*, e os seus derivados *bel* ou *belo* e mais *bela* tiveron grande emprego na nosa literatura medieval. Hoxe *belo/bela*, usual en portugués, ten en galego un carácter moi culto e un uso case só literario. Máis usado na nosa lingua é o adxectivo *belido/belida* (antigamente escrito *velido/velida*) que procede do latino *bellītus* derivado daqueloutro *bēllus*. Curiosamente, parece que nesta derivación influíu outro adxectivo de intención garimosa, *mellītus*, ‘doce, meloso’. É dicir, que o belido, o fermoso, ven sendo doce coma o mel.

Non ten esta *belida* nada que ver coas *belidas* dos ollos, é dicir, as cataratas, pero si coa fermosa terra de Melide.

Ao parecer o topónimo de Melide procede dun nome de persoa, un certo Mellitus (Melliti sería ‘de Mellitus’) que vén sendo o mesmo ‘meloso’ do que enriba falamos. Tamén nomes que utilizamos na actualidade como Modesto, Prudencio, Fidel, Xusto, Gloria, Branca ou Leticia expresan calidades positivas.

En todo caso, en francés medieval a palabra *melide* significaba como adxectivo ‘meloso, de mel’ e como substantivo ‘sentimento doce, satisfacción, ledicia’. Tamén denominaba un imaxinario país de fábula (equivalente do *Jauja* español) e o ilustre filólogo Joan Coromines apunta a posibilidade de que o noso Melide teña que ver con esa palabra, da que viría así mesmo *melindre*. Non sería raro, pois Melide foi parada medieval de franceses no camiño de Santiago e é terra de melindres de sona.

LUGARES

É ben sabido que o lugar de orixe dun produto acaba moitas veces denominando o produto mesmo. Pensemos, por exemplo, en *o ribeiro* que vén sendo *o viño do Ribeiro*. Falamos así de *un rioja*, *un xerez* ou un *borgoña*. E chamámoslle tamén *coñac* a un licor mesmo se non se fabrica na vila francesa de *Cognac*

Igual que cos viños e licores, acontece cos tecidos: o *tul* (normativamente *tule*), a *cretona* e o *satén* son tipos de tecidos que orixinariamente procedían de Tulle e Cretonne (vilas de Francia) e mais Zaitún (grafía árabe de Tsia-Tung, na China). E a *gasa* leva o nome da vila de Gaza, hai anos lugar descoñecido para a maioría de nós e hoxe célebre como símbolo do sufrimento e a resistencia do pobo palestino.

Tamén o *xersei* é un tecido de la procedente da illa anglonormanda de Jersey que chega a denominar o chaleque de la tecida. E *astracán* é a pel dun año criado na vila rusa de Astrakán utilizada maiormente para facer abrigos e puchos.

Así mesmo na gama de cores son moi utilizados nomes xeográficos para denominar tonalidades. Temos así *siena* (da cidade de Italia, pola súa terra) para unha variedade de ocre, *corinto* (da cidade grega, polas súas uvas pasas) para unha variedade de granate, e *marengo* (do lugar dunha batalla de Napoleón en Italia) para unha de gris. O pavero deste *marengo* é que non existe unha motivación, como nas anteriores, senón que se dixo do gris como puido dicirse doutra cor. Por que o gris? Pois porque a levita que levaba o emperador no día da batalla era gris. E foi unha vitoria.

O perfume chamado *colonia* era orixinalmente *auga de Colonia* por proceder daquela cidade alemá; a *buxía* (orixinalmente ‘candea’ e despois ‘aparato de acendido nos motores de explosión’) toma o seu nome da cidade alxerina de Buxía que exportaba cera, o *pergamíño* tómao de Pérgamo, antiga cidade da Asia Menor, e a *bengala* da rexión situada a pé do golfo do mesmo nome, no Océano Índico.

Algúns topónimos son difíciles de dexergar, pois o nome xa vén transformado dende a Antigüidade. Quen ía pensar que en *cūprum*, nome latino do cobre, se esconde a illa de Chipre?

E de illas a atois. Bikini é un atol do Pacífico onde tiveron lugar en 1946 probas nucleares. E a alguén se lle ocorreu denominar así ao "explosivo" bañador de dúas pezas que entón conmocionou a moda. Anos máis tarde, lanzouse a palabra *monokini* para a prenda reducida só á peza de embaixo, como se a sílaba *bi-* de *bikini* correspondese ao prefixo que significa ‘dous/dúas’ (*bisílabo*, *bicentenario*, etc). Pero a palabra non foi avante. Hoxe utilizamos o inglés *top-less*.

Será por iso ou polo tempo transcorrido, pero o tal bañador xa non resulta tan "explosivo".

PERSOAS

É frecuente que nomes e apelidos de persoas pasen a se converter en substantivos. Ocorre moito nas descubertas científicas e nos inventos. Así, por exemplo, determinadas unidades de medida na Física levan o nome dos seus descubridores: *watio*, *ohmio*, *hercio* e *voltio* (normativamente denominadas *watt*, *ohm*, *hertz* e *volt*) proveñen dos apelidos Watt, Ohm, Hertz e Volta. Tamén os nomes de moitas plantas veñen dos seus descubridores -ou, mellor dito, dos seus descubridores oficiais- como é o caso de *camelio/camelia*, *magnolio/magnolia*, *buganvilea* ou *gardenia*, procedentes dos apelidos Kamel, Magnol, Bougainville e Garden.

Un invento curioso pola súa sofisticación e a súa transcendencia histórica foi o que naceu da proposta do doutor Guillotin para que se crease en Francia unha máquina para acurtar o sufrimento das persoas que eran axustizadas. Aínda que nos pareza macabra a afirmación, a inxustamente chamada *guillotina* foi un alivio en comparanza con outros sistemas de axustizamento moi en voga (escuartexamento, forca, garrote, etc). Afortunadamente, tamén esta máquina quedou arrombada coa abolición da pena de morte.

Un inventiño ben máis feliz foi o que se lle atribúe ao inglés lord Sandwich, que ao parecer tivo a idea -el ou o seu cocinheiro- de meter dentro de dúas rebandas de pan, normalmente untadas con manteiga, unha talladiña de queixo, xamón ou carne. Así, o lord podía comer sen ter que marchar da mesa do xogo, ao que seica era un adicto. De aí ven o *sandwich*, que en inglés e en español designa o feito con pan de molde, o cadrado, en canto que en francés e portugués (aquí grafado *sandwich* e convertido mesmo en *sande*) designa o feito en bolos.

E xa que falamos de Inglaterra, sinalaremos que a palabra *derby* - orixinalmente denominación dunha célebre carreira de cabalos e actualmente ampliada a outros eventos deportivos coma o fútbol- procede do nome doutro aristócrata daquel país: lord Derby.

E para rematar aludiremos a unha prenda de vestir, seguramente a máis espallada no mundo actual: o pantalón. O seu nome procede de *Pantaleón*, nome de persoa que se lle aplicou por excelencia aos venecianos debido á abundancia de homes que se chamaban así en homenaxe ao santo. Convertido en *Pantalone*, foi xunto con Pierrot, Arlequín e Colombina, un dos personaxes máis populares da *commedia dell'arte*. Tan célebre se fixo, que a súa prenda típica, que ía da cintura ata os pés e non ata os xeonllos só como era o habitual, mantivo o seu nome, que se xeneralizou pasando do francés ás outras linguas co espallamento da prenda.

CALDO QUENTE

Caldo e *cálido* son a mesma palabra. Ou, mellor dito, fórona orixinalmente. As dúas proceden do adxectivo latino *cālidus*, ‘quente’, mais en canto que a primeira vén dende os tempos antigos e evolúiu segundo a fonética histórica propia do galego tras a fragmentación do Imperio Romano e a aparición das linguas románicas, a segunda palabra é un cultismo, é dicir, unha palabra tirada directamente do latín en época relativamente moderna, cando xa non actuaban as transformacións anteriores.

Eis o motivo da diferenza de forma entre *caldo* e *cálido*. Pero hai outra diferenza: namentres que *cálido* se conserva como adxectivo, *caldo* pasou a ser un substantivo. En italiano *caldo* é adxectivo e mais substantivo (sinónimo de *calóre*: *Fa molto caldo*) tal e como acontece en galego co adxectivo *quente*, que podemos empregar tamén como substantivo sinónimo de *calor*: *Senta aí ao quentiño*.

Son numerosas as palabras da familia de *caldo*: *calda*, *caldear*, *caldeiro*, *caldeira*, *caldeirada*, *escaldar*, *encaldar*, *encaldupar*, etc

Darlle *a un unha calda* é, en sentido literal, pegarlle, zoscarlle, deixalo quente, e, en sentido figurado, rifarlle, reprendelo. En calquera caso, queda un escaldado.

As numerosas *Caldas* (e en diminutivo *Caldelas*) que atopamos na nosa toponimia son indicio da existencia de fontes termais, de balnearios. O nome vén do latín *aquas calidas*, "augas quentes".

Cālidus procede do verbo *cālēre*, do que procede tamén *quente* (de *calentem*) e deste o verbo *quentar*. Dun derivado de *cālēre* (*cālēscere*) procede *quecer*. E será ben lembrarmos que estes dous verbos teñen un significado diferente: se eu poño o caldo ao lume, se *o quento*, o caldo *quece*; se eu *me quento*, eu *quezo*. *Quecer* significa logo ‘adquirir calor’ e é o verbo tradicional na nosa lingua para dicir ‘entrar en calor’. Outro verbo galego sinónimo de *quecer* mais dunha zona xeográfica pequena é *calexar* que, como se ve doadamente, procede tamén de *calere* co sufixo verbal *-exar* que atopamos noutros casos (*alborexar*, *clarexar*, *gorgolexar*, etc.).

A variante *quencer* que atopamos á beira de *quecer* débese á influencia de *quente/quentar*, e a existencia desa variante fixo nacer por súa vez a variante *esquencer* á beira de *esquecer*.

Para rematar lembraremos resumidamente a explicación que os habitantes do Castro de Caldela lle atribúen ao seu topónimo: un poderoso conde do castelo do Castro tiña tres fillas casadeiras, e cando outro rico nobre mandou emisarios para lle pedir unha filla preguntou el: *Cal delas?*

Como din os italianos: *Se non é vero, é ben trovato*

SUBASTA SUB HASTA

Subasta e *subastar* son en galego palabras modernas e ligadas á linguaxe administrativa. As tradicionais son *poxa* e *poxar* (ou *puxa* e *puxar*) que son as que prefere a normativa oficial da nosa lingua. Tamén aquelas son en portugués palabras modernas que proveñen do español, e podemos atopalas escritas coa grafía española (*subasta*, *subastar*) ou coa orixinal procedente do latín (*subhasta*, *subhastar*), abundante en galego nos últimos anos e que empregan outras linguas románicas coma o catalán.

Porque na Antigüidade esta poxa pública facíase *sūb hāsta*, é dicir ‘baixo hasta, baixo lanza’, presidida por unha lanza espetada no chan como símbolo da súa orixe. As primeiras vendas *sūb hāsta* eran poxas públicas dos bens espoliados nos botíns militares.

A palabra *hasta* tivo en galego medieval a variante *haste* (que o portugués conserva ao tempo que *hasta*), igual que a nosa lingua ten aínda na actualidade as variantes *casta* e *caste*.

Un derivado daquel *hāsta* latino (que tamén significaba ‘pau, cana’), xa sen h, é *astela* é dicir ‘anaco de pau’. Del procede a palabra *asteleiro*, ‘lugar onde se constrúen ou se reparan barcos’ (a través do francés *astelier* logo transformado en *atelier*, que inicialmente significaba ‘obradoiro de carpinteiro’). Hoxe a normativa galega unifica coa forma portuguesa *estaleiro*. O filólogo luso José Pedro Machado pensa que se puido producir na denominación portuguesa unha influencia do verbo *estalar*, pois falamos de que a madeira, ao partila, *estala*. Se cadra pola mesma razón, aquela *astela*, a madeira que salta ao estalar, a acha ou racha, ten a variante *estela*.

Por certo que é ben abundante a variante *estralar*. É moi normal a aparición dun r en moitas palabras deste tipo (*astrucia*, *faldra*, *rastro*, *trosquiar*, *xabrón*...) como tamén na preposición *ata* (que abunda castelanizada en *hasta* e aumentada popularmente co r en *hastra*) e mais en *estrela*.

Estrela, procedente do latín *stēlla*, debería ser *estela* (que se conserva no cultismo, no nome de muller e en derivados da palabra como *estelar*) mais ese r alterou a forma primitiva. Hai quen opina que se debe a un cruce coa palabra *astro* que en latín si levaba r.

As hastas poden facer astelas e facernos *ver as estrelas*!

TENRO TENREIRO

Na evolución do latín cara ás linguas románicas, certas palabras que remataban en *-enerum/-eneram* perderon nunha ampla zona da Romanía o segundo *e*, converténdose en *-enro/-enra* (ou *-enre/-enra*, ou mesmo *-enre* nos dous xéneros, dependendo dos idiomas). En galego-portugués o novo grupo non tivo dificultade ningunha para se instalar (*xenro, tenro, venres*, etc) mais o encontro de consoantes pareceu resultarlles incómodo aos falantes doutras linguas, que argallaron distintas solucións. Houbo casos en que se xerou unha consoante de apoio (catalán *gendre, tendre/tendra, divendres*, etc, francés *gendre, tendre, vendredi...*) ou se acudiu ao desprazamento dun dos sons –o que se chama unha “metátese”– como fixo o español (*yerno, tierno/tierna, viernes...*).

O que non triunfou en galego foi o grupo *-alro, -elro, -ilro*, etc. (*Calros, melro, bulra...*), moito máis consolidado en portugués. É produto do desprazamento (a metátese) nos grupos *-arlo, -erlo*, etc (*Carlos, merlo, burla...*). Aínda podemos oír illadamente palabras como *abalroar, guelras, chilrar* e outras pero en galego son moi minoritarias fronte as formas en *-rl-*.

Volvendo ao adxectivo *tenro/a*, diremos que xa en latín serodio apareceron *tenreiro/tenreira*, que, de seren inicialmente adxectivos (*un becerro tenreiro, unha vaca tenreira*), pasaron a facerse substantivos que denominan a cría da vaca (*un tenreiro, unha tenreira*). Máis tarde, en galego e en portugués, apareceron as formas alternativas *terneira/terneiro*.

Como é ben sabido, a cría da vaca recibe na nosa lingua diferentes nomes. As máis novas, que aínda maman, adoitan chamarse *cuxo/cuxa* (ou *cucho/cucha, pucho/pucha*), *xato/a, vitelo/a*, e despois son *xovenco/a, novelo/a, becerro/a*, etc.

Xovenco/a e mais *novelo/a* transparentan ben a súa procedencia. Ambas veñen do latín, coa mesma orixe que *xoven* e mais *novo/a*. Canto a *becerro/a*, trátase dunha palabra de orixe pre-latina, común ao galego-portugués e ao español.

Unha palabra moi abundante na nosa toponimia e nos apelidos é *senra*, forma diverxente de *seara* (non menos abundante) que como ela denomina un terreo fértil. A partir dela temos *senrada* e *serradela*, o cebo utilizado para a pesca, a miñoa.

Senreira ou *xenreira* é sinónimo de *antipatía, animadversión, teima*, e hai quen lle supón á palabra unha orixe a partir de *xenro*. Sería o sentimento do xenro para a súa sogra. A nós parécenos unha elucubración sen fundamento, baseada nun vello tópico. Simple xenreira.

ESTRAR

As linguas románicas proceden do latín tal e como este foi evolucionando. Quer isto dicir que inda que moitas palabras latinas se mantivesen dende a época clásica, outras foron transformándose ou creándose en latín serodio. É o que acontece co verbo galego *estrar*, que non procede do latín clásico senón do serodio *strare*, creado a partir de *strātūs*, participio do verbo *stĕrnĕre* ('botar por riba do chan, espallar, espaxer, cubrir'). Este participio deixounos os substantivos *estrado*, ('entramado de táboas por riba do chan') e mais *estrada* ('camiño, vía de comunicación') pois os romanos preparaban as súas calzadas para o tránsito *estrando* laxes e pedras. Por parte, tamén nos deixou o cultismo *estrato* ('camada, capa' ou 'certa formación de nubes').

En español, catalán, francés, italiano e outras linguas neolatinas non existe como en galego-portugués o verbo *estrar*. O que si existe nelas -como na nosa- é un composto *prostrar/prostrarse* e a súa familia léxica, entre a que se atopa *prostración*. Como é ben doado de recoñecer, fórmase co prefixo latino *prō* ('diante') co que tamén formamos compostos de infinitivos que conservamos (*proseguir, proclamar, propoñer...*) ou desaparecidos no paso do latín ás linguas románicas (*proceder, proferir, progresar...*).

De *prōstĕrnĕre* tirouse o cultismo *prosternar/prosternarse*.

Verbos latinos orixinalmente relacionados con *stĕrnĕre* son *stāre* ('estar de pé, estar firme') e mais *stātūĕre* ('colocar, situar'), *instītūĕre* ('poñer, construír, establecer'), *constītūĕre* ('levantar, construír, fundar') etc.

Prostituír/prostituírse procede de *prōstītūĕre* ('colocar de diante, expoñer á vista de todos, mostrar publicamente'). E a partir do verbo derívanse *prostituta, prostíbulo*, etc.

Tamén *próstata* ten unha orixe parecida pois, inda que procede do grego, significa 'o que está situado de diante'.

O español alterou *prostrar/prostrarse* e *prostración* en *postrar/postrarse* e *postración*. Puidera haber unha influencia doutro prefixo latino, *pōst* ('despois'), orixe de *postergar, apostar, postre*, etc., aínda que a causa máis probable é a supresión dun r para facilitar a pronuncia. Tamén esta redución se deu en galego, e mesmo en portugués, mais a nosa normativa restitúe na escrita o que acontece no resto das linguas románicas e chega ao inglés.

Pola contra, non procede do mesmo xeito no caso de *propio*. Aí a normativa non se alíña co conxunto das linguas neolatinas e co portugués, senón que institúe a redución en *propio*. Se cadra porque algunha lingua románica -coma o catalán- establece tamén normativamente a redución (*propī/pròpia*). Xusto é recoñecer que o lóxico sería aliñarse co portugués e o conxunto das linguas románicas (e o inglés). Sería o propio.

LUMBRIGANTE

Cando tratamos de reproducir sons para nós incomprensibles, facémolo con sons da nosa lingua. Igualmente, ao sentirmos palabras descoñecidas -sexan ou non do noso idioma- tratamos de asocialas a palabras que coñecemos. E unhas veces acertamos e outras erramos. Lembro que hai xa anos unha persoa de idade dicíame de alguén que tiña "unha perna *torpédica*". Descoñecedora da palabra *ortopédica*, asociaba a prótese -metálica e rudimentaria para os tempos de hoxe- con algo que coñecía: un torpedo. Este proceso de falsa interpretación, de alteración polo cruzamento doutra palabra, chámase "etimoloxía popular". A substitución pode -como naquel caso- ficar reducida ao ámbito dunha persoa ou espallarse entre a comunidade sen triunfar normativamente (como *alcolito* ou *vagamundo* por *eucalipto* e *vagabundo*) ou imporse totalmente (como *ferrollo* que debería ter dado *verrollo* ao proceder do latín *verruculum* pero que se transformou polo cruzamento con *ferro*).

Algo semellante aconteceu nas linguas románicas coa denominación do crustáceo de nome científico *Homarus vulgaris*, que en galego coñecemos como *lumbrigante/lubrigante* ou *lombrigante/lobrigante*. Ao parecer a orixe remota está na palabra grega *lycopanther* (é dicir "lobopantera") que se lle daba ao felino *onza* e que se lle aplicou en latín serodio ao crustáceo polo seu aspecto fero e as pintas no seu corpo.

A palabra tería pasado por *logobante/logabante* para finalmente chegar (por metátese, desprazamento de sons) a *lobagante*, denominación portuguesa e española. Abundan as etimoloxías populares deste difícil nome, como as españolas *bogavante* e *vagavante* (de *bogar* ou *vagar* + *avante*) ou a portuguesa *navegante*. As galegas xa citadas poderían vir de asociacións cos verbos *lumbrigar* ('abrir o día, raiar as primeiras luces') e *lubrigar* ('entrever, dexergar con dificultade'), o substantivo *lombriga* ('lombriz') e o adxectivo *lóbrego* ('escuro'). Cousas máis estrañas se viron: Sarmiento, no século XVIII, sinala en Marín a denominación *extravagante*.

O devandito *lóbrego* parece proceder de *lubricus*. Pero parémonos un pouco que a cousa ten miga.

Lūbrīcus significaba en latín 'eskorregadizo'. Hoxe temos *lubricar*, *lubricante* e *lubricación* como sinónimos de *engraxar*, *engraxante* e *engraxamento*. E -a parte- o adxectivo *lúbrico* como 'luxurioso, lascivo'. Que ocorreu? Pois que un uso eclesiástico fixo que 'eskorregadizo' pasase a significar 'perigoso, que fai caer no pecado'.

E tamén *lóbrego* viría dun proceso semellante, pasando *lubricus* de 'perigoso' a 'tenebroso, escuro, triste'.

Non sei se o *lubrigante* é *lúbrico* ou *lóbrego*, o que si é perigoso... para o peto.

CON MORBO

O *mormo* é unha grave doenza infecciosa dos cabalos que pode transmitirse ao home. Caracterízase pola abundante secreción nasal purulenta. Por extensión, dásele o nome de *mormo* a enfermidades catarrais doutros animais, por exemplo dos cans (a doenza coñecida en español como *moquillo*) ou das galiñas. Tamén se aplica ao catarro das persoas; temos así en galego os substantivos *mormo* e *mormeira*, os adxectivos *mormoso* e *amormeirado*, etc. *Mormoso* pode chegar a un simple sinónimo de *mocoso*, sexa en sentido propio ou figurado e despectivo.

A orixe da palabra está no latín *mōrbus*, ‘doenza’, que nalgúns autores chegou a denominar por antonomasia o *morbus veterinae*, a enfermidade devandita. Pero por que cambiou de *morbo* a *mormo*?

Pois pode que pola proximidade das consoantes *b* e *m* que provoca frecuentes vacilacións e cambios (como *ameneiro/abeneiro*, *morno/borna*, *mocarte/bocarte*, etc.). Ou por metátese, da que sería un exemplo a variante galega *bormo* (se é que non se trata dese cambio por proximidade de *m* en *b*). Podería mesmo haber influencia doutras palabras -de orixe latina ou xermánica- relacionadas con *pus* e que produciron denominacións desas doenzas cabalares en francés (*morve*, *gourme*) italiano (*morva*) e provenzal (*gormo*, *vormo*, *morvo*). Lembremos en relación con isto denominacións galegas de pus como *vurmo/burmo*, *vurmeiro* ou *brume*.

E falando de narices e de fociños, podemos falar tamén de morros. *Morro*, voz de orixe pre-latina, aparece en distintas linguas románicas coa significación de ‘fociño’ para despois significar ‘outeiro rochoso, monte’ (lembremos o Morro do Río de Janeiro e o noso Morrazo). De *morro* viría *morriña*, doenza do gando vacún con infección da mucosa nasal, denominación que tamén se lle deu á *gafeira* e á *rabuxa* ou sarna de ovellas e gatos.

A prostración, abatemento, ollos chorosos e somnolencia que as enfermidades catarrosas provocan, explica ben que *morriña* pasase a caracterizar un certo estado físico e anímico das persoas.

Este tipo de asociacións entre problemas de saúde e sentimentos un tanto mórbidos é un mecanismo corrente na lingua. *Saudade* procede de *sōlītāte* (é a *soidade* de Rosalía) coa que se cruzou *saúde* ao se pensar en posibles doenzas. *Melancolía* procede do grego e significa *bile negra*, por atribuírselle a esta o carácter e o sentimento triste e soturno.

Pero o feito de que as palabras denominaran primitivamente doenzas de animais ou persoas para nada embaza nin rebaixa a grandeza da expresión artística, nomeadamente poética, á que estes sentimentos deron orixe.

DELFINIDOS

Xustificaba ese día un amigo a denominación *delfín* (non *arroaz*, a habitual no Morrazo) e dicíame que nos peixes hai moitas especies da mesma familia. Pregunteille se o *arroaz*, o *golfinho* e a *toniña* son especies do *delfín* e díxome que si. A súa é unha opinión de peso: a máis de veterano mariñeiro -xa retirado- é un dos mellores escultores de Galiza, cunha grande agudeza visual. E está afeito a ver e a esculpir delfínidos.

A afirmación veuse corroborada polo Dicionario da Academia Galega e os traballos sobre léxico científico de Luís Daviña e da Sociedade Galega de Historia Natural. Segundo o Dicionario, a toniña viría tendo un metro e medio de lonxitude e o corpo máis goso e o bico máis curto que o do golfinho; este tería un par de metros de lonxitude, e o arroaz mediría uns tres metros e sería de cor escura. Daviña precisa as especies e os nomes científicos: o *golfinho común* é o *Delphinus delphis*, e o *arroaz común* o *Tursiops truncatus*. A toniña non sería propiamente un delfínido senón un focénido, a *Phocaena phocaena*, aínda que hai autores que a inclúen naquel grupo.

Pero o que a min máis me chamou a atención é que o meu amigo non dicía *arroaz/arroás* senón *roás*. Esta (escrita *roaz*) é a forma normativa en portugués e segundo J. P. Machado viría do latín serodio *rōdace*, derivado de *rōdēre*, ‘roer’. Efectivamente, o arroaz roe, rilla, tronza as redes e os aparellos dos mariñeiros. Non procedería, logo, de *rāpax*, *rāpacīs* como opina Coromines. Polo resto, *arroaz* é o mesmo que *roaz* cun *a* protético (engadido diante) como temos en *arrán/ran*, *arrecender/recender*, *arremangar/remangar*, etc.

Delfín (forma non autorizada polo Dicionario) vén do latín clásico *dēlphīnem* (e este do grego). Igual orixe ten *golfinho* pero cunha evolución anormal, xa que en latín serodio a palabra fíxose *dalphinum*, que deu a antiga forma *dolfiño*. Esta transformouse en *golfinho* por "etimoloxía popular" ao se cruzar con *golfo*, termo marítimo tamén.

Toniña procede do latín serodio *thunnina*, un derivado de *thūnnus*, ‘atún’, pois lembra a forma deste. Aínda que -como xa dixemos- cientificamente non é un túnido senón un focénido. É un mamífero, non un peixe.

Delfín chámasele igualmente ao fillo do rei que o vai suceder no trono. A palabra procede tamén de *dalphinus*, pero esta vez como nome de persoa. Delfín/Delfina proceden dun nome de animal igual que León, Úrsula ou Melisa.

Pois ben, algún Delfín foi o primeiro señor da rexión de Grenoble, coñecida logo como o Delfinado. Os seus sucesores recibiron o título-alcume, que logo pasou ao fillo máis vello do rei de Francia e despois, por extensión, ao sucesor -nomeado ou *in pectore*- de calquera gobernante.

Estes *delfíns* son persoas, pero ás veces tamén son "bos peixes".

CORROBORAR

A forma unánime en galego-portugués para denominar a árbore de nome científico *Quercus robur* é *carballo*, palabra de orixe prelatina. Hai ocasións en que en Galiza sentimos dicir *roble* pero o contexto indica en xeral que se trata dun españolismo.

Con todo, é ben saber que en galego-portugués existe tamén a palabra *roble* (antigamente *robre*), derivado do latín *rōbōrem*. A forma antiga para o conxunto de *robres* era *roboredo/roboreda* que se transformou en *reboredo/reboreda*, forma moi corrente en apelidos e topónimos. Igualmente relacionada con estas é a denominación dunha variedade de carballo: o *rebolo*.

Como o carballo ten sona de duro, xa dende a Antigüidade existe a expresión *forte coma un carballo* (ou *coma un roble*). De aí que xa en latín aparece o adxectivo *rōbūstus* ('forte') que deu lugar ao verbo *robustecer*. Por outra banda, tamén o verbo latino do mesmo significado *rōbōrāre* deu orixe a *roborar* ('robustecer, fortalecer'). Del procede *corroborar* ('afirmar conxuntamente con alguén, ratificar o que di'). E a *corrobla* é unha festiña que se facía, con viño e algo de comer, para celebrar o remate dunha obra ou da vendima, a súa consolidación. Cando se trataba dunha casa, os canteiros adoitaban poñer no pincho, no remate, unha ponla de árbore ou arbusto, polo xeral loureiro (símbolo de vitoria). Polo Morrazo sinálase tamén así o *furancho* -é dicir, que se furou o pipo de viño- para que os veciños saiban que poden ir bebelo á casa de quen afurancha.

En troques, non forma parte da familia de *robur* a palabra *rubor*, moi próxima foneticamente. Esta procede do latín *rūbĕum*, 'vermello'.

Os derivados galegos de *rūbĕum* conservan o significado orixinal. Non é raro oír *Púxose todo rubio* ou *Levaba unha saia rubia*. Lembremos tamén o peixe chamado *rubio*. *Roibo* é un resultado con metátese, desprazamento de sons, e de aí procede *roibén*, cor vermella do ceo ou das nubes moitas veces ao mencer ou no solpor. É ben significativa a abundantísima presenza dos derivados de *rūbĕum* na toponimia e nos apelidos galegos: Roibal/Ruibal, Roibás, Roibeira, Rubia, Rubián, Rubiás, Rubio, Rubiós, Pena Rubia, Parderrubias, etc.

Rubor, como dicíamos, ten a mesma orixe, e o cultismo *ruborizarse* é 'poñerse rubio'. Igualmente cultismos son *rubicundo* (lembremos a cor da pedra preciosa chamada *rubín*), *rubro* (vermello forte) ou *rubéola* (polas manchas no corpo).

Curiosamente, o substantivo *rubrica*, hoxe fundamentalmente entendido como sinatura ou sección dun xornal, ten orixe na tinta *vermella* (rubia ou roxa, que vén sendo o mesmo) pois nos antigos libros de leis, os títulos das seccións imprimíanse nesta cor.

Corroboramos e rubricamos.

LAPA

A partir do ruído que fan certos animais ao bateren coa lingua na auga para beber (*lap-lap-lap*) naceu en galego-portugués o verbo *lapar*, que pasou logo a denominar, cun matiz algo caricaturesco, o beber e comer moito. O procedemento é o mesmo noutras linguas románicas e xermánicas. Nós temos abundantes palabras derivadas do verbo: *lapón*, *lapadoira*, *lapabroas*, *lapacaldos*, *lapacoellos*, etc. E variantes como *larpar*, da que derivan *larpán* ou *larpeiro*. Como moitas veces ese comer e beber desordenadamente enzoufallo os fociños (comer coma un porco, dispensando) é sintoma e expresión de desvergoña, de falta de intelixencia, ou vese como tal, algunhas desas palabras tomaron carga negativa ou créanse novas a partir delas. Pensemos en *lapón*, *lapadoira/lapadoura*, *lapantín/lampantín*, etc.

Relacionada con *lapar* estaría *lapa* ('chama, lingua de lume', que tamén "come" o que atopa e ás veces fai un *lap-lap-lap*) coa variante *lapra* e os verbos correspondentes. Tamén sería o caso de *lapo* ('cuspidor, cuspiñazo').

Unha familia léxica distinta é a de *lapa* ('pedra, laxe'), voz de orixe pre-romana que despois se incorporou ao latín como *lapis*. Na toponimia galega aparecen con certa frecuencia *lapa* e *lapiña*, que algúns deturpadores intentaron transformar en *la piña*.

E aquí entra o *lapis*. A palabra vén da Italia do Renacemento e procede da expresión latina *lāpis hæmātites*, é dicir 'lapis da cor do sangue', que denominaba a *sanguina*, material vermello para o debuxo. Hoxe os lapis son de distintas cores e mesmo o italiano *matita* (que coexiste con *lāpis*) non implica que sexa vermello.

Lembremos outra palabra que tamén parte dunha expresión latina medieval: *lapislázuli*, é dicir 'pedra azul'.

Son numerosos os derivados do latín clásico *lāpis* 'pedra' como os cultismos *lápida*, 'lousa que pecha unha tumba' ou simplemente 'lousa con inscricións', *lapidar*, 'apedrear', *lapidario*, 'artífice que traballa as pedras preciosas, descrición ou colección destas', etc. Outros derivados serían *lapa* ('molusco gasterópodo que se pega nas pedras e penedos do mar') e mais *lapo*, *lapote* ou *lapada* ('golpe dado coa man aberta').

Non nos resistimos a tomar esta explicación dun dicionario francés sobre o estilo *lapidario*, o das frases curtas como as das lápidas que pechan, cal lousa funeraria, as bocas e as discusións. "*Lapidario* dise dun estilo que é gramaticalmente correcto, *telegráfico* dun estilo que suprime palabras non indispensables".

Para frase lapidaria a que se conta como inscrición da porta dun cemiterio galego: "*Aquí están os nosos ósos agardando polos vosos*".

E, para maior retransa, dise que o tal cemiterio é o de Monterr...oso.

METAMORFOSE

O nome do felino *lince* vénnos do grego *lynx* a través do latín. Nesta, coma noutras palabras, debemos remontarnos á mitoloxía. A deusa grega Démeter (a Terra fecunda, produtora dos cereais) enviou a Triptólemo para que lles aprendese aos homes o cultivo do trigo. Pero o rei Linco de Escitia matouno para levar el o mérito e a sona. Démeter castigou logo a Linco converténdoo nun felino, ao que se lle deu o nome do rei. Velaí a orixe da palabra *lince*.

Reparemos tamén en que a palabra *cereal* procede de Ceres, o equivalente latino da deusa Démeter.

Curiosamente, o nome da *onza*, outro felino ao que xa aludimos, tamén procede de *lince*, ou máis exactamente de *lyncea*. E chegou á forma *onza* a través dun fenómeno raro: en francés medieval a forma da palabra era *lonce* pero perdéuselle a pista á orixe e creuse, erradamente, que o *l* era o artigo polo que se pasou a escribir *l'once*. Do francés, a palabra pasou -adaptada- a outras linguas románicas (galego-portugués, español, catalán, italiano antigo, etc.).

É frecuente, nas mitoloxías a transformación de homes e mulleres en mineral, vexetal ou animal pola intervención dos deuses. Tras estas metamorfoses o nome da persoa pódese converter no do mineral, animal ou vexetal como vimos en *lince* e temos tamén en *narciso*. A ninfa Eco, castigada pola muller de Zeus a repetir o final das frases (de aí vén *eco*) namorouse de Narciso, quen a desdeñou. Convencido el, ao se mirar no río, de que atopara ao ser máis fermoso do universo, e pensando que este o desdeñaba (pois desaparecía cando el intentaba bicar a imaxe na auga) afogouse. E os deuses convertérono nunha flor: o *narciso*.

Para rematarmos por hoxe coa mitoloxía grega, diremos que Asclepios, o deus da Medicina, tiña unha filla dotada do poder de curar todas as doenzas, como reflexa o seu nome de Panacea :‘remedio para todo mal’. Na Antigüidade creuse na existencia dunha planta capaz de curar as doenzas todas e, naturalmente, o nome que se lle deu a esa planta foi *panacea*.

E xa que falamos de ninfas imos concluír no *paraninfo*. Na antiga Grecia tratábase dunha persoa: o padriño de boda da moza que casaba, ‘o que acompañaba á ninfa’. Logo, no século XVI, denominou o padriño da cerimonia de licenciatura na Universidade, o que acompañaba ao licenciado e facía o discurso de felicitación. Posteriormente denominou a persoa que facía o discurso da apertura do curso universitario, e finalmente a Aula Magna na que esta cerimonia se facía. Toda unha metamorfose

O LOBO

Falamos ese día do lince e cómpre saber que o nome tradicional en galego é *lobo cervical*, é dicir "comedor de cervos". Con esa denominación -anterior á de *lince*- atopámolo no sur de Europa. Mais hoxe queremos falar do auténtico lobo, do *canis lupus*.

Como é sabido, o lobo -o animal probablemente máis temido no noso continente- foi abundante en toda Europa. Hoxe en día desapareceu de moitos países pero a súa presenza segue viva na cultura e na lembranza das xentes. En Francia, por exemplo -onde foi reintroducido hai pouco, pois xa desaparecera- os topónimos formados co seu nome son os máis numerosos de entre os formados a partir de animais.

En Galiza -onde segue ben vivo- deixou abundante pegada. Dende xogos, contos e lendas (como a da raíña Lupa) a refráns, apelidos e topónimos. De nomes de lugares poderíanse citar ducias. Abonda con lembrarmos Lobeira, Lobelle, Lobás, Lobaces, Lubián, Matalobos, Lobomorto, Cova do Lobo, Serra da Loba e Cordal de Lobos. E de persoas citaremos o antigo nome *Lopo* e o apelido actual *López*.

Da importancia do lobo testemuña o feito de que se parta do seu nome para caracterizar outros animais diferentes. Semellante ao caso do *lobo cervical* é o do *lobo mariño*, un mamífero pinnípedo da familia dos otáridos. Outra testemuña é a abundancia de expresións e frases feitas partindo de *lobo*.

As calidades que se lle atribúen son a fortaleza e a resistencia (de aí veñen *peito de lobo*, *ser un lobo de mar* ou que nalgunhas partes denominen *lobada* á acometida con moito pulo ao traballo), a voracidade (de aí proceden *unha fame de lobo*, *comer coma un lobo*, *lobear* ou *lobada*) e máis a crueldade e a rudeza (*lobadío* é sinónimo de áspero, fero). Se o ollar do lobo -animal que ás veces representa ao Demo- infunde terror (*parece que viu o lobo*), tamén se lle teme ao *lobicán*, cruce de can e lobo. E a terrible metamorfose da tradición é a do *lobishome*.

Con *lobo*, como con outras palabras, acontece que temos unha tripla raíz: a galega, xa transformada, a latina e máis a remota grega. Por exemplo en *lobacho*, *lupino* e *licantropía*.

Entre as curiosidades de raíz galega sinalaremos que ao parecer o nome do peixe chamado *robalo* procedería de *lobo*, pois sería antigamente *lobarro* que desprazou as sílabas. De raíz latina son *lúpulo* (o nome da planta é un diminutivo: 'lobiño') e *lupanar*, denominación empregada xa na antiga Roma a partir de *lupa*, 'loba'. E do grego *lycos* procede *liceo*. Explicámolo: o local no que Aristóteles estableceu a súa escola foi coñecido co nome de Liceo por se atopar a rentes dun templo adicado a Apolo *Lycos*, é dicir 'Apolo matador de lobos'.

Lobos non nos coman!

NEFANDO

Esoutro día veume á memoria un verso latino, da *Eneida*:

Infandum, regina, iubes renovare dolorem
("Mandas, raíña, renovar unha dor indicible")

E a partir del fóronseme ensarillando palabras, polo que foi necesario tirar do fío e poñer orde.

Infando ('que non se pode dicir, horrible, abominable') é un adxectivo procedente do latín *infāndus* que vén sendo *fāndus* ('que se pode dicir, lícito, permitido') co prefixo negativo *in*. Outro adxectivo negativo é o que engade *ne*, e de aí *nefando*. *Fandus* remonta a un verbo que significa 'dicir, falar' do que saíu tamén *infans*, *infantis*, 'neno/nena', que é literalmente *quen (aínda) non fala*. De aquí proceden *infantil* e familia léxica, *infante/infanta* ('fillo ou filla non primoxénitos dun rei') e mais *infantería*, 'corpo militar de soldados de a pé', de *infantes* (do italiano *fante*), seguramente porque orixinalmente eran mociños, criados dos cabaleiros aos que acompañaban na batalla.

A partir dos imperativos latinos *fas* e *ne fas* para dar orde de facer ou de non facer algo expresouse naquela lingua a vontade ou a prohibición dos deuses (*fas/nefas*). E os días *fastos* eran os días favorables, expresión da vontade divina, durante os que se podía administrar xustiza e tratar dos negocios públicos, cousa que non se podía facer nos días *nefastos*. *Nefasto* era sinónimo de 'impío, contrario á vontade dos deuses, maldito, desfavorable, prexudicial'. Quen decidían os días *fastos* e *nefastos*, é dicir o calendario, eran os pontífices, as autoridades relixiosas. Incluíanse nas listas chamadas *Fastos* as relacións anuais de maxistrados e cónsules, cos acontecementos gloriosos da súa vida. De aí que *fasto* e *fastosidade* ou *fastuosidade* signifiquen 'orgullo, celebración, luxo, ostentación, pompa'.

O adxectivo *fausto*, 'feliz, favorable, próspero' remóntase ao deus Fauno, deus da fecundidade dos rabaños e os campos. O contrario é, naturalmente *infausto*. É evidente que os nomes propios Fausto e Faustino derivan do adxectivo. Como tamén é o caso de Faustulus, o nome do pastor que atopou e criou a Rómulo e mais Remo.

Fato/fata, en troques, é a persoa que se caracteriza pola fatuidade. O que non ten nada que ver coa fatalidade, é dicir o destino, os fados. Este destino *fatal* é o que dá nome á canción portuguesa chamada *fado*.

Non sei se foi o destino quen me fixo lembrar o verso da *Eneida* pero o certo é que *-por fas ou por nefas-* o que se renovou foi un fausto pracer.

FASHION

Por moi inglesa que aparente a palabra e por moi afastada que estea do orixinal, a palabra é latina. Concretamente o substantivo *factiō, factiōnis*, un derivado do verbo *fācere*. É o galego *facciōn* que usamos cando falamos dos trazos da cara dunha persoa ou do feitío, a feitura, a fasquía de algo. Pois ben, en inglés entrou co francés na Idade Media, e *façon* transformouse en *fashion*, especializándose como ‘moda’ e difundíndose, moito despois, internacionalmente.

Dicimos que o francés entrou en Inglaterra na Idade Media e non é esaxeración ningunha. Entrou cos duques de Normandía, que derrotaron aos Anglosaxóns na batalla de Hastings (1066), suceso plasmado nun dos primeiros antecedentes históricos do cómic: a tapicería de Bayeux. Os Normandos (os novos, non os seus predecesores, *homes do Norte* que se instalaran na Normandía procedentes da Escandinavia) reinaron moito tempo en Inglaterra a través da dinastía Plantagenêt (*Planta da xesta*) dándose o feito de que na corte falábase francés en tanto que o pobo anglosaxón falaba inglés. Mágoa non vemos e entendermos os filmes de Robin Hood en versión diglósica!

En fin, que moitas das palabras de orixe latina que ten o inglés entraron co francés. Moitas delas son recoñecibles e outras non, pois amais de cambiaren a forma, cambiaron moitas veces a significación. Así *budget* (‘orzamento’) procede de *bougette* (‘bolsiña, faldriqueira, falchoca’). O gracioso é que algunhas destas palabras volveron logo transformadas ao francés (e entraron por vez primeira noutras linguas). É o caso de *sport* (francés antigo *desport*, ‘lecer’) ou *tennis* (palabra que ten orixe no francés antigo *tenez!*, ‘teña!’), que se dicía ao enviar a pelota coa raqueta).

Tamén inglesa e próxima a *fashion* é *glamour*, ‘encanto’. Aquí, ao parecer, temos unha deformación escocesa de *grammar*. A gramática que se estudiaba era a latina e eses libros e mais esa lingua descoñecida acabaron tendo algo misterioso e máxico para o pobo, tanto en Inglaterra como noutros países. No propio francés a palabra *grimoire* (‘grimorio, libro de maxia’) é tamén unha alteración da antiga *gramaire*.

Outra palabra que se difundiu internacionalmente -esta vez dende o francés- é *gourmet* ‘persoa de padal fino, bo gastrónomo’. E tamén dela temos algo que comentar. En francés antigo (baixo a forma *gromet*) significaba ‘criado’ e logo pasou a ‘criado de vendedor de viño’, denominando despois ao vendedor, posteriormente ao bo catador e finalmente ao bo gastrónomo en xeral. Pero, ademais, o equivalente provenzal ou catalán pasou a denominar o mariñeiro que realiza traballos de limpeza e de axuda, é dicir, o *grumete*.

Da moda á gastronomía, pasando polo mar. Boa viaxe!

RECORDAR

Para os antigos, o corazón non era só a sede dos sentimentos senón tamén a dos sentidos. E mesmo a do *sentido*. Se reparamos nisto entenderemos moitas cousas. O porqué de moitas palabras derivadas do latín *cōr, cōrdis*, ‘corazón’.

Recordar ou *acordar* -por cambio do prefixo- conserva en galego-portugués (máis en portugués que en galego onde está practicamente substituído por *despertar/espertar*) o significado de ‘volver sentir, volver aos sentimentos e os sentidos, ao sentido’. En certo xeito é volver á vida que se interrompera co sono.

Cordo é alguén que ten todo o sentido, o siso, a intelixencia.

E *recordar/acordar* é tamén ‘traer -ou volver traer- á memoria, lembrar’. Este verbo é tan galego-portugués como *lembrar* (derivado de *memorare*, ‘levar á memoria’). Está formado, xa en latín, sobre "corazón", aquí considerado como a sede daquela facultade e o seu equivalente. Reparemos nas expresións, vivísimas en portugués, *aprender de cor, saber de cor, dizer de cor, repetir de cor, falar de cor*, etc. nas que se conserva a forma medieval *cor*, "corazón", tan presente nos nosos Cancioneiros. E, para comprobarmos que a equivalencia corazón=memoria pode constatarase noutras áreas, sinalaremos a expresión francesa *par cœur*, "de memoria", equivalente da xa citada.

O *recordare* latino deixou derivados na xeneralidade das linguas románicas, aínda que nalgúns casos se perdesen e fosen substituídos por outros verbos. Tal aconteceu en francés, lingua na que *souvenir* ou *rappeler* substituíron ao antigo *recorder*. Mais este último verbo triunfou a través do inglés.

Como xa dixemos, o inglés recibiu numerosas palabras francesas a través dos normandos. E neste caso o verbo *recorder* -que xa en francés se usaba tamén co sentido de ‘rexistrar, deixar constancia escrita de algo’ amais de ‘lembrar’- foi adoptado (e adaptado) polo inglés.

Record, recordman, recordwoman, etc. como termos deportivos (‘plusmarca’, ‘plusmarquista’, etc) teñen esa orixe. Alguén é recordado, ten o recordo da xente, polo triunfo obtido, do que se deixa constancia escrita. De aí *record* pasou a outros eidos.

Co avance tecnolóxico non foi xa a vía da escritura a única para deixar constancia, para rexistrar, para lembrar algo. Rexistrouse o son e a imaxe, e o inglés, lingua xa maioritaria no mundo da tecnoloxía, difundiu mundialmente termos como *record, recorder* ou *recording*.

E como o corazón segue a ser considerado como sede do sentimento, enviamos un saúdo *cordial* a todos os lectores e lectoras.

ALERTA

Moitas palabras que comezan en galego por *al-* son de orixe árabe (por exemplo, *alcol*, *alcuña*, *albarán* ou *alicerce*) e nelas a devandita sílaba *al* vén sendo o artigo árabe. Outras veces o *al-* do comezo é xa de orixe latina como é o caso da rica familia de derivados do adxectivo *albus*, ‘branco’, da que forman parte substantivos como *alba*, *albor*, *alborada*, *álbum* (do latín *album* ‘cadro en branco’), *albúmina* (orixinalmente ‘clara ou branco do ovo’), *albura*, adxectivos como *albar*, *albariño*, *albeiro*, *albino*, verbos como *albear/albexar/albeirar*, *alborear/alborexar/alborecer* e que podemos atopar como nomes de lugares, persoas e apelidos. Pode tamén ese *al-* ter orixe noutra lingua coma o grego (*alabastro*), o francés (*alianza*) ou o italiano (*alerta*). Finalmente, o *al-* pode resultar da propia evolución da lingua: as palabras latinas *animalia* e *anima* transformáronse en *alimaña* e mais *alma*.

Diciamos que *alerta* é palabra de orixe italiana pois procede de *all'érta!*, grito que se daba ante un perigo para chamar a espreitar dende un lugar elevado. Grito moi próximo era o de *all'arme!* para tomar as armas, e del procede *alarma*.

Alarma producíana ben a miúdo os *corsarios*, outra palabra de orixe italiana que adoitamos tomar como equivalente de *pirata* sen ser exactamente o mesmo. O corsario era un mariño que traballaba para un país que lle concedía unha autorización (*patente de corso*) para esbullar os barcos de comercio dos países inimigos del, quedando o corsario con todo o botín ou parte. O corso (que non ten nada que ver coa illa de Córsega senón co "curso", a navegación) era unha actividade legal, recoñecida internacionalmente e regulada por códigos lexislativos, que perdurou ata mediados do século XIX (en España ata principios do XX) e que floreceu no Mediterráneo e máis tarde na ruta de América. Vencellados a intereses estatais e a descubertas xeográficas, como é o caso dos irmáns Pinzón, moitas veces os corsarios acadaban graos de xerarquía na armada oficial, como Drake que chegou a vicealmirante. Ligado ao comercio de escravos, o corso dexeneraba con frecuencia na pura piratería, polo que é comprensible que se convertera en sinónimo.

Escravos e forzados constituíron un exército de remeiros que en condicións infrahumanas tiñan que vogar nas galeras piratas ou estatais. Eran a *chusma*, palabra que a través do latín procede do grego *keleusma*, ‘orde, chamada para sincronizar os golpes de remo’ que se daba a ritmo de timbal. *Chusma* tomou axiña un sentido despectivo, semellante a *canalla*, palabra igualmente de orixe italiana e derivada de *cane*, ‘can’.

Un eco da actividade dos corsarios queda na expresión galega *ir ao corso* ou *andar ao corso*, aínda que os corsarios neste caso veñen sendo rapaces que simplemente pillan algo de froita polas hortas.

ÁNIMO!

A partir do grego *anemos*, que significaba ‘vento’, temos vocábulos técnicos como *anemómetro*, aparato para medir a forza do vento, e nomes de plantas como *anémona*, ‘flor que se abre ao menor vento’, denominación que recibe tamén un invertebrado mariño que abunda nos penedos asolagados: a actinia ou *anémona do mar*.

A palabra grega tiña tamén os sentidos de ‘sopro de vida, alento, paixón do espírito’, sentidos que prevalecen no latín *ānīmus*, ‘principio de vida, sentimento, intención’. Hoxe en día, *animadversión* é sinónimo de ‘xenreira, odio’, que é tamén o que entendemos por *animosidade*, pero na orixe a palabra significaba literalmente ‘acto de volver o espírito cara a algo ou alguén, observación’ e de aí pasou a ‘censura, reprensión’ e logo ao significado actual. De *animus* tamén proceden *magnánimo*, *ecuánime*, *unánime*, *exánime* e *pusilánime*.

Animar é ‘dar vida’ e os *animais* son, logo, seres dotados de alento, de vida, de sentimento: seres *animados*. Unha especialización levará *ānīmālia* a *alimaña* (ou *alimaria/alimalla*, formas medievais) e *animaliu* a *almallo*, o noso touro semental. Pola súa parte, *ánima* será a concreción espiritual dese sopro de vida e a palabra -como xa dixemos- evolucionará ata chegar a *alma*.

Alento, ‘respiración’ (sexa en sentido propio ou figurado), é un derivado do verbo *alentar*, e este procede dun composto do verbo latino *hālāre* co que formamos *inhalar* e mais *exhalar*. *Alento* e *hálito* teñen a mesma orixe.

Ánimo e *alento* son tamén sinónimos de *folgos*, palabra tamén tirada dun verbo, neste caso *folgar*, que significaba orixinalmente ‘respirar facendo o ruído dun fol, respirar con dificultade’ e pasou a significar simplemente ‘respirar’, e de aí ‘descansar, non traballar’.

O portugués, que coñece a palabra *folga* co significado de ‘interrupción do traballo, descanso’, emprega a palabra francesa *grève* para a interrupción concertada do traballo con finalidade reivindicativa, caso no que o galego segue a utilizar *folga*.

É curiosa a orixe da expresión francesa *être en grève*, ‘estar en folga’. Na Idade Media, os parados, os que non tiñan traballo, reuníanse nunha praza de París á que ían os que buscaban xente para contratar. Era a *place de grève*, é dicir ‘praza de grava, de area’ por ter ese tipo de chan, á beira do Sena. E de aí veu a expresión *être en grève*, *faire la grève*, que os portugueses importaron dicindo *estar en greve*, *facen greve*. A tal praza parisiense segue a existir: é a *place de l’Hôtel de Ville* ou praza do Concello, pero agora non se ve area por estar empedrada. Nela tiveron lugar algún día as execucións e suplicios públicos. E o actual edificio do Concello non é senón unha reprodución do orixinal renacentista, incendiado en 1871 no combate que acabou coa Comuna. Unha praza cargada de Historia.

MOI INTENSO

Cando temos unha frase ponderativa, na que nós expresamos unha valoración de algo ou de alguén (por exemplo se dicimos *É importante*), e queremos darlle máis intensidade, máis forza, ao adxectivo cualificativo, temos ao noso dispor varios procedementos. Podemos utilizar un procedemento sintáctico -é dicir que implica á frase- engadindo unha palabra (por exemplo un adverbio: *É moi importante*). Ou podemos utilizar un procedemento morfolóxico -que implica a forma desa palabra- por medio dun prefixo ou sufixo (por exemplo: *É superimportante* ou *É importantísimo/a*). E podemos tamén utilizar un procedemento léxico -que implica o vocabulario- a través da substitución da palabra (por exemplo: *É esencial*).

Neste último caso, resulta curioso como algunhas palabras son utilizadas para unha valoración positiva sen teren orixinalmente ese sentido. É máis: poden conservar ou non o seu significado primeiro e primitivo segundo o contexto. E podemos dicir como sinónimos de *boísimo* outros adxectivos que normalmente indican rareza (*excepcional, extraordinario, fenomenal, etc.*), sorpresa (*asombroso, pasmoso, etc.*) ou irrealidade (*fabuloso, fantástico, portentoso, increíble, etc.*).

Máis curioso aínda é que adquiren esa carga positiva adxectivos que normalmente se usan cun sentido negativo (*tremendo, terrible, brutal, bestial, bárbaro, etc.*). En realidade, estamos ante un procedemento estilístico moi claro, o de sorprender distorsionando o sentido, utilizando o paradoxo cunha finalidade expresiva. Como cando dicimos de alguén intelixentísimo que é un *monstro*.

Non todos os adxectivos sinónimos se utilizan neste procedemento. Utilizamos *tremendo* pero non *estremecedor* (aínda que os dous significan "que fai tremer"), utilizamos *terrible* ("que provoca terror") pero non *aterrador, terrorífico* ou *estarrecedor*, aínda que significan o mesmo. Tampouco utilizamos *horrendo, horrible, espantoso, pavoroso* nin outros da mesma caste.

Mais non debemos pensar que este procedemento, que pode parecer "moderno" e propio da mocidade, é recente. O certo é que xa vén de hai algúns séculos. Velaí, senón, un par de exemplos: *estupendo* (relacionémolo con *estupor, estupefacto, estupidez, etc.*) significaba orixinalmente 'que deixa paralizado', e *formidable* era tanto como *horroroso, horripilante* (ou *arrepicante*, que é o mesmo). Dúas palabras que -para nós- *toda a vida* tiveron un sentido moi positivo.

Non deixa de ser estupendo e formidable que a lingua sexa permanentemente creativa, moza e moderna, e que sempre nos sorprenda con innovacións.

PÁNICO

Nós empregamos hoxe *pánico* como un substantivo, co significado de "terror, pavor", mais orixinalmente era un adxectivo e a frase completa era *terror pánico*. A palabra deriva do nome de Pan, o deus grego. Este tiña un aspecto monstruoso, co corpo peludo, cornos, barbicha e patas de castrón. Andaba sempre a pillar as ninfas e os pastores, que quedaban paralizados polo terror ao velo. Deus da Natureza e da fecundidade, asociado á fruta de canas de distintos tamaños atadas, que a tradición supón inventada por el (fruta de Pan), dis que uns navegantes sentiron un día unha voz misteriosa que berrou anunciando "O gran Pan morreu" e que lles encargou que repetiran máis tarde a mensaxe. Cando eles o fixeron, sentiron o balbordo dos laios e berros de terror dunha multitude invisible, o que se interpretou coma un anuncio da fin do mundo.

Non é o mundo senón a esfera da bóveda celeste o que sostén Atlas, o titán que foi castigado por Zeus a termar dela ao lombo por ter participado na guerra dos titáns contra os deuses. Atlas tiña a súa morada no norte de África, cabo dos montes que colleron o seu nome, o Atlas, e o océano que corre a carón daquel continente chamouse pola mesma razón *atlántico* dende a antigüidade. A figura de Atlas -como a vemos na Praza do Toural santiaguesa no cumio do Pazo de Bendaña- foi reproducida na portada dun célebre libro de mapas publicado polo xeógrafo Mercator en 1585. Por ese motivo, dende entón chamamos *atlas* aos libros de mapas.

Na morada dos deuses, no Olimpo grego, vivían baixo o poder de Zeus as divindades todas do Universo, e podemos deducir que un *desprezo olímpico* é o que sentirían os deuses cara esas minúsculas formigas chamadas seres humanos.

Non do Hermes grego, instalado no Olimpo, pai segundo a mitoloxía dun ser cos dous sexos chamado Hermafrodita por fillo de Hermes e de Afrodita, non dese Hermes senón dun Hermes Trismexisto ('tres veces grande') que se identificou co deus exipcio Thot, procede o adxectivo *hermético*. A el se lle atribúen as doutrinas e procedementos da Alquimia, e saberes de maxia e de ocultismo, doutrinas e saberes impenetrables para os non iniciados, que foron coñecidos como *herméticos*. Como tamén *hermético* era un cerramento de potes que realizaban os alquimistas por fusión da materia do recipiente, e que impedía entrar o aire e conservaba inalterable o contido gardado.

E xa que falamos hoxe de *hermético* e de Compostela, lembraremos unha anécdota -outra máis- daquel profesor santiagués tan celebrado. Nunha ocasión dirixiuse a un alumno na aula e díxolle: "*Abra herméticamente esa ventana!*"

ESTILO DE MESTRE

En latín *stīlus* significaba ‘estaca’ (de aí deriva o galego *esteo*) e máis tarde denominou outro esteo pequeniño: o punzón co que se escribía facendo incisións enriba dunha taboíña cuberta de cera. Utilizando a mesma metáfora que facemos cando dicimos de alguén que é *unha das plumas máis brillantes do país* ou que *ten unha lingua afiada*, pasouse a dicir dalgúns escritores que tiñan *un estilo moi persoal* ou *un estilo moi elegante* aludindo ao xeito de escribir, de se expresaren. Finalmente prevaleceu este significado sobre o de ‘punzón’. Lembremos que a palabra *estilográfica* (en expresión completa *pluma estilográfica*) significa ‘que escribe á maneira dun estilo’.

Mestre procede do latín *māgister*, un derivado do adverbio *māgis* ‘máis’. O mestre é o que máis sabe, e por iso ensina. Desa acepción de ‘profesor’ pasou a ‘a máxima autoridade nunha materia, o mellor, o máximo responsable dunha área’, e falamos así dun mestre da Pintura ou dun mestre da orde de Santiago.

É curioso que, en canto que *mestre* procede de *máis*, *ministro* procede de *menos* (en latín *mīnus*). *Mīnister* significaba ‘servidor, axudante’, sentido que aínda conserva en expresións como *ministro de Deus*. Os ministros en sentido moderno, como responsables dunha área da Administración, son axudantes dun superior, que historicamente foi primeiro o rei e despois o Presidente do Consello de Ministros.

Non son estes os únicos casos nos que se comproba o ascenso ou descenso na consideración social dunha profesión ou cargo a través da palabra que o denomina. O *mariscal* era orixinalmente o criado encargado dos cabalos e o *chanceler* o porteiro que controlaba a cancela. Polo contrario, *vilán*, ‘campesíño, paisano’, recibe un sentido despectivo polo menosprezo dos *burgueses* (habitantes dos burgos) e nobres, e *cortesá*, ‘dama da corte, do palacio’, pasa a ter un sentido totalmente negativo como censura á liberdade sexual das damas da alta sociedade nalgúns países da Europa do século XVI.

Nin as palabras nin as linguas son seres vivos que nacen, se transforman e morren. Son, sinxelamente, instrumentos creados polas persoas, que as utilizan, as transforman e as abandonan. A súa evolución e supervivencia depende da vontade dos homes e mulleres. Deles e delas depende tamén que a manipulación interesada da linguaxe por motivos políticos e ideolóxicos, comerciais e propagandísticos, triúnfese e a converta nun instrumento de opresión e non de liberación como en principio é.

Espero que estas notiñas do *Fío da lingua* non lles parezan pedantes aos lectores e lectoras. *Pedante*, unha palabra que significaba primeiro ‘mestre, pedagogo’ e que despois pasou a significar *presuntuoso*, ‘o que presume de saber, non tendo máis que unhas curtas noticias de latín’. Vostedes disimulen.

CAIXA

Non sei se nalgunhas igrexas seguirán pasando a boeta. Eu lembro a viveza da expresión que usabamos de rapaces, mesmo falando en castelán: *pasar la boeta*. A *boeta* era o peto de madeira coa que durante a misa se pedía esmola para a Igrexa facendo resoar os cartos mentres o pasaban polo medio dos asistentes.

É ben curiosa esta palabra, que non existe en español.

Procede do francés *boîte*, ‘caixa’, pero o que é importante dende o punto de vista lingüístico é a súa adaptación en galego: *boeta*. Unha adaptación que nos transmite unha información interesantísima: a súa data de nacemento no noso idioma.

A grafía francesa *oi* é hoxe pronunciada *uá* (por exemplo no pronome suxeito *moi*, ‘eu’, ou no verbo *avoir*, ‘ter’) pero houbo toda unha evolución fonética ao longo dos séculos: primeiro pronunciouse *ói*, como é a forma escrita aínda hoxe; despois, *oe*, e logo *oé*, máis tarde, *ué* e, finalmente, *uá*. Recapitulemos: *ói*>*oe*>*oé*>*ué*>*uá*.

De aí que se tire a conclusión de que se *boîte* entrou en galego como *boeta* tivo que ser na época en que a pronunciación francesa común era *boete*. É dicir, que a data de aparición da palabra en galego-portugués debeu ser cara o século XIII-XIV.

Modernamente, xa no século XX, volveuse empregar entre nós a palabra, desta vez coa forma francesa plena *boîte* e a pronunciación *buat*. Pero o significado agora, partindo tamén do orixinal ‘caixa’, xa se fixo distinto no propio francés. Denominou un establecemento público con orquestra e baile (e mesmo atraccións) xeralmente de horario contra a noite. O que despois -as modas mudan- foi substituído pola *discothèque*, local se cadra máis xuvenil e popular, de horario menos serodio... e con música "enlatada".

Tamén esta acepción de *boîte* ten a súa miga en francés: ao parecer, algúns cafés e bares con terraza pechaban esa zona durante o tempo frío cun gran cerramento de cristal, o que constituía unha especie de caixa -de *boîte*- e nese espazo colocábase a orquestra que tocaba para que o público que quixese puidera bailar.

Caixa relixiosa ou caixa de diversión profana, tanto a palabra francesa como a súa equivalente inglesa (*box*) proceden do nome latino dunha madeira con sona de dura: o buxo. Unha madeira que, a partir do italiano *bùssola*, denominou outra caixiña ben útil para nos orientarmos: a *brúxula*, que o portugués -fiel ás orixes- escribe *bússola*. A palabra, segundo a actual normativa do galego non existe na nosa lingua pese a existir nas outras linguas románicas.

Esperemos que un día chegue a inevitábel reforma da normativa e non esqueza a revisión léxica (tamén aquí sería mínima pois afectaría a menos do 1% do vocabulario) que restitúa palabras como *brúxula* (ou *búxola/bússola*) e grafías como *maravilla* e acepte creacións como *lonxano* e variantes como *embrullar*, *freba* e *boda*.

ESTROPALLO

Falabamos a semana pasada da necesidade de restituír na normativa galega (o Dicionario da Academia) determinadas palabras, grafías e variantes.

Nos últimos anos a norma coñeceu cambios de grafía, substitucións de palabras e algunhas proscricións explícitas. En determinados casos, adoptouse tamén o criterio de autorizar variantes, mesmo recomendando unha. Estes cambios non foron produto do capricho senón do traballo serio de filólogos expertos. O que non quere dicir que non poida haber razóns -tamén filolóxicas- que opor a algunha decisión adoptada. Eu creo que a Academia debería preparar unha boa revisión léxica que ao meu ver só afectaría a un reducidísimo número de palabras. Moito menos do un por cento do noso vocabulario, se cadra o un por mil.

Porque, mesmo se un cambio na normativa está filoloxicamente xustificado, non sempre é necesario ao provocar molestias no usuario, que ten que volver a aprender a escribir unha palabra ou a eliminar ou preferir outras. As autoridades lingüísticas de cada idioma deben sopesar moi ben vantaxes e inconvenientes.

Dito isto, reiteraremos que os cambios da normativa son constantes en todas as linguas. O que pasa é que son máis espazados e asumidos nas linguas en situación normalizada. A nosa xeración lembra como tivo que aprender, en español, a non escribir *psiquiatra* e *psicólogo* senón *siquiatra* e *sicólogo*, a non acentuar os monosílabos (*fué*, *pié*) e outros cambios. E é permanente -en español e outras linguas- a loita contra os estranxeirismos que logrou, por exemplo, substituír practicamente *chófer* (ou *chofér*, acentuado á francesa) por *conductor*, *hall* por *recibidor* ou *vestíbulo*, e *mouse* (termo informático) por *ratón*. O mesmo podíamos dicir tocante ao portugués e outras linguas.

Pero nin o español nin o portugués realizaron unha sistemática corrección das alteracións lingüísticas que se foron producindo dende hai séculos. Se así fora, o español debería ter corrixido *embestir* ('acometer') por *investir* e o portugués *canhão* (españolismo introducido dende moi antigo) por *canã*. E son só dous exemplos.

Todos podemos ver que *estropallo/estropalho* e *estropajo* son alteracións de *estopallo/estopallo* e *estopajo*, pois proceden de *estopa*, pero: precisa absolutamente a lingua esa corrección? Xustifícase a incomodidade dos usuarios que teñen que aprender a cambiar os seus hábitos?

Naturalmente que o galego, para a súa normalización, precisa unha normativización e esta, indefectiblemente, ten que poñer orde nunha lingua esmagada, mancada, agredida e infiltrada dende hai séculos ata deixala moi ferida. Pero cómpre ser reflexivos e prácticos. Non ter medo aos cambios pero medilos moito. E se algunha das decisións tomadas nos últimos anos se demostrou incorrecta, rectificar. É de sabios.

VETERINARIO

Falamos xa nunha ocasión do *morbus veterinae* ou *mormo*, orixinariamente denominación dunha enfermidade dos cabalos aínda que a denominación galega *mormo* se lle dese despois a varias enfermidades parecidas doutros animais e mesmo ao catarro humano.

Sinalabamos entón distintas causas posibles da transformación do b de *morbus* no m de *mormo*. Hai tamén quen a explica sinxelamente por "asimilación"

A asimilación é a transformación dun son facéndose semellante a outro que está moi próximo a el. Por exemplo, a palabra resultante da evolución do latín *bīlanciā* debería ter sido *bilanza* mais, por asimilación do *i* ao *a*, o resultado foi *balanza*. Igual tería acontecido en *mormo*, e se a asimilación non se deu no cultismo *morbo* é porque este foi tirado directamente do latín en época moi posterior.

O fenómeno contrario á asimilación é a "disimilación". Neste caso, un son, ante a proximidade doutro igual a el, cambia e faise dessemellante. *Filloa* debería ter sido *folloa* pois provén do latín *fōliōla*, folliña de masa (ou máis exactamente de amoado). Pero houbo disimilación. Igual que a palabra patrimonial *redondo* (de *rōtūndu*) é unha forma disimilada e o cultismo *rotonda* non o é.

Mais quixeramos seguir falando do significado daquel *morbus vētērīnae*.

En latín, *vētērīnae* era o nome dado aos animais de carga, aqueles cabalos e bestas que, por vellos, xa non servían para cabalgaduras. A palabra *vētērīna* -derivada de *vētus* -*vētēris*, 'vello'- serviu séculos despois (a partir do XVI) para denominar a ciencia de curar as doenzas dos animais, a *veterinaria*, e desta procede, naturalmente, *veterinario*.

Como é fácil decatarse, a mesma raíz derivada de *vētus* -*vētēris* atópase en *vetusto* e mais en *veterano*, adxectivo que denominaba ao soldado vello, e de aí o sentido de "experimentado".

Por vía da evolución popular, *vētērum/vētēram* chegou en galego-portugués a *vedro/vedra*, e o seu derivado *vedraño/vedraña* ou *vedraio/vedraia*. O primeiro adxectivo está presente na toponimia e apelidos galegos, unhas veces ben transparente como en Pontevedra, Vilavedra ou Saavedra, e outras máis oculto como en Iravedra, Pesavedra ou simplemente Vedra.

En calquera caso, o que non debemos nunca é convertermos a coruñesa Lavedra en A Vedra, por moito que o lugar sexa hoxe pouco máis que unha avenida: avenida de Lavedra.

INFORMÁTICA

Esoutro día, falando de Internet, empreguei o verbo *clicar*. Fíxeno de forma espontánea, sen pensar, aínda que supoño que o tería oído algunhas veces. A palabra está tirada do inglés *to click* que parte da onomatopea *click*, un ruidiño corto e lixeiro. Despois cavilei en que en galego temos unha palabra próxima que podería traducir ben o sentido de ‘premer fugazmente no botón’: *chiscar*. O noso verbo significa ‘pechar e abrir rapidamente o ollo, en xeral para transmitir un sinal’ e tamén o aplicamos - seguramente por extensión- a ‘emitir luces rápidas e fugaces un foco luminoso (lanterna, lámpada, etc)’. A maiores tamén se emprega para sons: ‘chascar lixeiramente ao bater un obxecto con outro’. Tanto polo sentido de ‘abrir e pechar rapidamente’ coma o de ‘ruidiño lixeiro e rápido’ penso que acairía substituír ese *clicar* por *chiscar*.

No vocabulario informático, moitos termos son na maior parte das linguas simples adaptacións do inglés, e non se trata de traducir por traducir se non hai un termo autóctono expresivo e equivalente. Por iso non se me ocorrería propor a substitución do *hard* (de *hardware*) aínda que exista unha *conexión galega*.

Efectivamente, o inglés *hard* e o alemán *hart*, que significan ‘duro’, teñen a mesma orixe que o francés *hardi* (‘rexo, valente’). Este último significado é o que se estendeu a outras linguas como o italiano (*ardito*), o catalán (*ardit*), o español (*ardido*) e o galeoportugués (*ardido*).

O bo traballo dos lexicógrafos galegos permítenos contar na actualidade con vocabularios de case todos os eidos e, naturalmente, temos xa un léxico informático moi elaborado. Isto non quere dicir que non se poida discrepar nalgún termo concreto. A min parécese pouco axeitado o substantivo *a icona* en vez de *o icono*. Claro que, se cadra non é creación dos lexicógrafos da informática pois os dicionarios acólleno para denominar a ‘imaxe relixiosa en pintura ou relevo, característica da Igrexa ortodoxa’. *A icona* esperta en galego asociacións non exclusivamente forestais que producen interferencia e rexouba. Por que non *o icono*? Igual que o portugués *o microfone* e *o cone* -a figura xeométrica- son para nós *o micrófono* e máis *o cono*, ao portugués *o ícone* debería corresponderlle *o icono*. Naturalmente, podemos aínda aliñarnos máis co portugués, pero nunca teríamos *a icona*.

Como se, seguindo o inglés, optamos co portugués por *computadora* (coma outros linguas, tal o italiano que nin mesmo adapta senón adopta directamente *computer*) fronte ao modelo francés (*ordinateur*) que dá *ordenador*.

Eu confeso que prefiro o último termo. Igual confío en que poña *orde na dor*.

ANACO

Na historia das linguas, dáse con frecuencia unha alteración na forma das palabras consistente no incremento ou supresión de sons. Cando este ten lugar no inicio da palabra o incremento chámase *prótese* e a supresión *aférese*. Casos de prótese son *afundir, amalló, arruído, arrecuar, emprestar, escomenzar, encolgar*, etc. e de aférese *badeixo, maxinar, nemigo, namorar, forricas* e outros.

No caso de aumento ou supresión de *a* ou *o*, prodúcese ás veces unha errónea consideración dese *a* ou *o* como artigo ou, polo contrario, o esquecemento de que é o artigo. Ao tomar *a mora, a menta, a vespa* ou *a radio* por unha única palabra (*amora, amenta, arradio*) engádese de novo o artigo co que aparecen *a amora, a amenta, a avespa* e *o arradio*. Polo contrario ao tomar como artigo un *a* ou *o* que forma parte da palabra en *obispo* ou *abodega* (lembremos que o *a* consérvase en *adega*) sepáranse dela aparecendo *o bispo* e *a bodega*.

Este fenómeno ocorre tamén noutras linguas. En español podería ser incremento por interferencia do artigo (ou *aglutinación*) o caso de *la avispa* por *la vispa* e en francés *la lulette* por *l'ulette* ('a úvula'). Polo contrario, a supresión (*deglutinación*) deu orixe en español a *el atril* (orixinalmente *el letril* e despois *el latril*, procedente do latín *lectorīle*) e en francés a *l'once* por *lonce* ('a onza', mamífero do que xa falamos a propósito do *lince*).

A normativa das linguas acepta estes cambios como correctos nalgúns casos e noutros non, quedando entón nun nivel popular e desaparecendo moitas veces.

Unha palabra como *anaco* é para os portugueses (non para os da *raia* ou da *arraia*) *naco*. Trátase logo dunha aférese, xa que o termo parece vir dunha raíz prelatina (hispano-céltica) *ann-*.

Un *naco* é na Arxentina un 'pedazo de tabaco para mascar' e seica a palabra entrou do portugués a través do Brasil, pero: terá algo que ver co noso *anaco* unha peza de roupa que en Ecuador e Perú chaman tamén *anaco*? Unha definición preséntaa como 'prenda consistente en un trozo de tela con que se rodean el cuerpo desde la cintura hasta las rodillas las indias de Ecuador y Perú' (Diccionario María Moliner). Non deixa de ser curiosa a coincidencia de que Sarmiento explique a palabra galega *anaco* como "un pedazo de pan, de pano, de carne, etc.". Ao parecer, o nome da devandita prenda procede da lingua quechua pero un non deixa de pensar que se cadra algún galego (ou galega) introduciu alí a nosa palabra.

Porque casos de integración nas comunidades indíxenas houbo máis de un.

XENTILICIOS

Falamos xa noutras ocasións de adxectivos que se refiren aos países e de substantivos que denominan aos habitantes destes (os *xentilicios*) e que pasan a ser substantivos de sentido distinto. Citabamos *persiana*, *escravo*, *turquesa*, *garavata*, etc. Poderíamos engadir *siamés* para os irmáns unidos pola mesma parte do corpo xa que viña dese país a primeira parella presentada en Europa no século XIX.

Referirémonos agora a algunhas destas palabras que, por mor das inimizadas dos pobos, das conquistas coloniais ou simplemente dun complexo de superioridade de corte racista, tomaron unha carga negativa. Esta pode ser de "baixa intensidade" como en *bohemio*, que nos remite aos naturais do país centroeuropeo de Bohemia. A denominación déuselles en xeral aos grupos étnicos nómades centroeuropeos (con outras equivalentes: *xitanos*, *cíngaros*, *húngaros*...) e estendeuse no século XIX, nun contexto artístico, ás persoas que levaban unha vida máis ou menos vagabunda e desconforme co patrón de vida burgués. Seguindo no mesmo eido, ben sabemos que *xitano* chegou a adquirir un contido moito máis negativo e hostil. De "alta intensidade".

Pero se nestes exemplos é doado recoñecer a palabra, e é posible evitarmos o seu emprego con matiz pexorativo, noutros, por ignorancia, empregamos palabras desa orixe. Así, cando dicimos de alguén que é un *zulú* ou un *cafre*. Os *zulús* (en galego dicimos *zulús* e non *zulúes*) son membros dun importante grupo étnico surafricano. Os *cafres* serían os habitantes do Sueste de África, denominado nos séculos XVII e XVIII a *Cafrería*. Cómpre dicir que a palabra *cafre* é de orixe árabe e significa 'infiel': é a denominación que os musulmáns lles daban aos que non profesaban a relixión islámica. Todos lembramos o uso do termo *infiel* polos cristiáns. O *infiel* sempre é o outro.

Iso de que sexan os alleos os que acaben impondo un xentilicio -e, para máis hostil- ocorre con relativa frecuencia. *Esquimal* (ou *esquimó*) é unha palabra creada polos indios do Canadá para denominar os pobos do Ártico, seus inimigos. Significa 'comedor de carne crúa'. Por tal motivo eles rexéitana e empregan o seu auténtico nome. Son os *inuit*, é dicir 'os homes'.

A recuperación dos nomes propios é unha peza máis na recuperación da propia identidade e en xeral está vencellada ao recoñecemento político. Por iso os países, coa independencia, recuperan os nomes anteriores á dominación esquecendo os impostos polos colonizadores. É o caso xa visto de Taiwan (antes Formosa), Namibia (antes África do Suroeste) ou Sri Lanka (antes Ceilán).

LITERATURA

Hai personaxes literarios que se converteron en arquetipos e pasaron á lingua como substantivos ou adxectivos.

Algúns destes son inmediatamente recoñecibles: cando dicimos de alguén que é un *quixote* temos na mente o personaxe de Cervantes; se a un barbeiro lle chamamos metaforicamente un *figaro* lembramos o barbeiro de Sevilla; e se falamos dun *romeo* para nos referirmos a un namorado seguro que pensamos no *Romeo e Xulieta* de Shakespeare.

Dependendo do grao de coñecementos, recoñecerase ou non nun xantar *pantagruélico* o personaxe de Rabelais, e nunha historia *rocambolesca* a Rocambole, protagonista dunha serie de inverosímiles aventuras moi popular no século XIX.

Da antiga comedia latina -concretamente do *Anfitrión* de Plauto- vennos *anfítrion*, ‘o que invita a xantar ou a reunirse na súa casa’, palabra de uso moi espallado. Ben popular debeu ser esta comedia -e as versións posteriores- porque tamén nos deixou outra palabra que se utiliza con certa frecuencia: *sosias* (que correctamente debe ser *sosia*) para denominar a unha persoa tan semellante a outra que pode ser confundida con ela. Sosia, en efecto, é outro personaxe do *Anfitrión* que se ve en situacións deste tipo.

Outro arquetipo literario é *Pánfilo* (nome de orixe grega que significa ‘amigo de todos’). Seguramente procede tamén doutra comedia latina, esta vez de Terencio. Como no caso anterior, a aparición deste mozo namorado e inxenuo en comedias posteriores -concretamente nunha medieval escrita en latín- aumentou a súa popularidade. E hoxe, para nós é unha persoa moi crédula que se deixa enganar doadamente.

Curiosamente, desta comedia medieval, *Pamphilus seu De amore*, procede a palabra *panfleto*. Partindo do diminutivo *pamphilet* os ingleses denominaron *pamphlet* os escritos satíricos de pouca extensión. A palabra pasou a outras linguas incrementando o seu sentido crítico co de ‘ataque ao poder establecido’. Por iso nós usámolo como equivalente de ‘pasquín político’.

E remataremos cun substantivo ou adxectivo, *renarte*, usado en galego como sinónimo de *raposo* (*É un renarte; é moi renarte*). A palabra provén de *Renart*, o nome do raposo protagonista do *Roman de Renart*, serie medieval francesa de narracións das aventuras e desventuras do raposo. Tan popular se fixo Renart que o seu nome suplantou ao antigo *goupil* (procedente do latín *vũlpes*, como o noso *golpe*) e hoxe en francés un raposo é *un renard*.

APELIDOS

Falamos xa unha vez de apelidos que pasaron a se converter en substantivos comúns, pero como a cousa abunda, vimos con outra xeira.

Se cadra os lectores e lectoras coñecen xa a orixe do verbo *linchar* mais -por se non é o caso- imos lembralo. No século XVIII, nos Estados Unidos, un tal Charles Lynch, propietario rural (é dicir, unha persoa dona dun territorio que fora roubado aos indios), fixose célebre por instaurar a que se coñeceu como "lei de Lynch", que tiña como resultado a execución directa do sospeitoso, pendurado dunha árbore, sen máis probas nin garantías procesais.

Un capitán de apelido Boycott, xerente das terras do Conde de Erne, en Irlanda, provocou, debido ás súas durísimas condicións, alá polo 1880, un rexeitamento a traballar ás súas ordes e mesmo a facer transaccións comerciais con el. Dado que o rexeitamento tivo éxito, pois viuse obrigado a abandonar a xerencia, naceu a expresión *facer boicot* ou *boicotear*.

Atribúeselles aos franceses unha grande dose de chauvinismo, o que só en parte é certo pois tal actitude atopámola en calquera país, e en Galicia temos un conspicuo representante do chauvinismo local nun coñecido alcalde. Mais a orixe da palabra si que está en Francia: Nicolás Chauvin foi o prototipo dun soldado de Napoleón de patrioteirismo agresivo e barateiro e fixose célebre como personaxe dunha peza teatral.

Seguindo en Francia, apuntaremos a palabra *nicotina*, unha substancia que recibiu o nome do introdutor en Francia da planta do tabaco, Jean Nicot, embaixador francés en Lisboa no século XVI. A planta recibiu por esta razón a denominación latina de *Nicotiana tabacum*. Tamén francés foi Étienne de Silhouette, ministro de Finanzas en 1759, que levantou unha grande oposición popular polos seus recortes orzamentarios. Fose unha alusión satírica a estes recortes, ou a unha pretendida afección aos recortes de figuras de sombras chinescas, ou ao seu fugaz paso polo ministerio, semellante a un rápido esbozo debuxado ou recortado, o caso é que do seu apelido deriva a palabra *silueta*.

E non vaíamos pensar que os galegos non aportamos tamén figuras históricas á linguaxe. Cando se fala dos *tempos de María Castaña*, estase -ao parecer- aludindo a unha muller luguesa, María Castaña ou María Castiñeiras, que se fixo célebre por encabezar no século XIV unha rebelión contra os tributos impostos polo bispo.

CON RABO

Dixemos que o nome francés do raposo, *goupil*, derivado do latín *vŭlpes*, desapareceu ante a popularidade do nome propio *Renart*. Tamén en galego pasou algo semellante: a denominación *o golpe* -aínda que se conserva algo- foi practicamente substituída por *o raposo*. A cousa ten moito rabo...

Raposo parece derivar de *rabo* (o raposo sería "o do rabo" por antonomasia, xa que o ten ben grande) como tamén o nome do peixe chamado *a rabada* (pois semella que amais da súa testa tan grande non é senón rabo), coñecido igualmente como *peixe sapo* e en español como *rape* (denominación de orixe catalá tamén baseada no rabo).

Outro que representamos con rabo é o demo, e algúns chámalle *o rabudo*. Por iso dicimos dalgunha xente que é *rabuda*, maiormente dos nenos, que xa se sabe que son o demo. O curioso é que a palabra *rabo* vén do latín *rāpum* que significaba... 'nabo'.

Se o raposo come maiormente aves (pobres das galiñas!) e coellos, outro carnívoro predador come animais máis grandes: o *lobo cerval* (outro nome do linxe) leva nesa denominación inscrita a súa vítima: o cervo. De aí que lembremos o medo tan terrible que debe sentir ante aquel o pacífico cerviño cando falamos de *medo cerval*.

Non é tampouco pequeno o rabo do roedor silvestre chamado en galego *esquiño* (con variantes como *esquilo* -que é a forma normativa en portugués-, *esguilo* ou *esguiro*) e en español *ardilla*. A palabra -a través do latín- vén do grego onde significaba "que fai sombra co rabo". Curiosamente, a denominación catalá deste animalíño, *esquirol*, pasou ao español como denominación do obreiro rompe-folgas. Hai quen explica a cousa do xeito seguinte: a finais do século XIX, ante unha folga na localidade de Manlleu, os patróns buscaron nas poboacións veciñas obreiros para substituíren aos folguistas. Nunha delas chamada Santa María del Corcó ou L'Esquirol contrataron xente que se prestou a tal función, polo que os traballadores folguistas lles chamaron despectivamente *esquirols*, denominación que logo se espallou e se popularizou. Discrepa desta explicación o ilustre etimólogo catalán Joan Coromines que sinala como xa Baltasar Gracián emprega a palabra no sentido de 'persoa insignificante' polo que sería moi doado o paso a 'rompe-folgas'.

Moi brevemente, igual que o tamaño doutro animalíño, o rato, sinalaremos que o seu nome latino (de *mūs -mūris*) pervive nas denominacións galegas *muraño* e *murgaño* e nos verbos *murar* 'cazar ratos e o substantivo *mureira* 'rateira, cova de ratos'. Tamén en *morcego* (que sería un *mur* cego). E moitos lectores e lectoras saberán xa que a palabra latina *mūscŭlus* da que procede *músculo* constituía unha metáfora. Parece que o movemento muscular evocaba un *mūscŭlus*, diminutivo de *mūs*, é dicir un ratiño.

RAPAR

Dixemos que a palabra *raposo/raposa* procede de *rabo* e é certo, pero tamén debemos falar dunha influencia do verbo *rapar*, porque senón o lóxico sería que dera *raboso/rabosa*.

En realidade, *rapar* non é un só verbo senón que hai varios verbos homónimos, é dicir que se escriben igual pero significan cousas distintas. E tamén teñen orixes distintas. Un *rapar* de procedencia xermánica significa ‘arrancar’ (de aí vén "rapar o pelo" e a "rapa das bestas", etc). Outro *rapar* que significa ‘pillar, arrebatarse, roubar’ é de orixe latina (de *rāpĕre*, cun cambio de terminación se cadra debido á influencia de ‘roubar’). Tanto un verbo coma outro, que teñen unha significación bastante próxima, foron moi frutíferos en derivados na nosa lingua á hora da creación de compostos expresivos como *rapabulsas*, *rapacartos*, *rapatundas* ou *rapavelas*. E xa en latín o devandito *rāpĕre* tiña unha longa familia (*rāpāx -rāpācis*, *rāpīna*, *rāptus* e mesmo *rāpīdus*) que deixou moitos derivados nas linguas románicas (en galego *rapaz*, *rapacidade*, *rapina/rapiña*, *rpto*, etc).

Aínda podíamos falar doutro terceiro *rapar* (pasar a *rapa* ou rebola para igualar a rentes o contido dunha medida de gran) e falar doutra *rapa* (instrumento de ferro para arrancar os percebes dos cons).

Pero querémonos referir á palabra *rapaz*, ‘veno, cativo, meniño’, tan característica do galego-portugués. Pois, ao que parece, a palabra tiña orixinalmente un sentido moi despectivo (de *rapacidade*) que na nosa lingua perdeu completamente. Despois veu o feminino *rapaza* e as variantes *raparigo/rapariga*. Por certo que de *rapaz* (pronunciado *rapá*) procede o *pá* que tanto usan os portugueses (*Vamos lá, pá! É muito engraçado, pá!*)

O adxectivo *rapaz* coñeceu unha forma medieval *rabaz* (por exemplo lobo *rabaz*) e do que levamos dito explicámonos o verbo *rabizar/rapizar* ‘cortar, arrancar’.

Poderíamnos remontar de novo a *rabo* e seguir o fío de palabras como *rabenar* ‘cortar o rabo’ e, por extensión, simplemente ‘cortar’, *rabón* ‘animal co rabo cortado’, *rabuxa* ‘sarna dos gatos no rabo’ (e de aí ‘mal humor, mal carácter’ e adxectivos como *rabuxo* e *rabuxento*) pero preferimos rematar referíndonos ao saboroso peixe que nas Rías Altas se denomina *meiga* e nas Baixas *rapante*.

Un diccionario portugués explícanos que *rapante* significa ‘que escava o solo’. Virá de aí o nome deste peixe que ten o costume de se enterrar na area do fondo mariño?

DA TERRA

Os derivados da palabra *terra* son, de primeiras, doados de identificar. Dende *terroso* a *terrestre*, pasando por *terrícola*, *territorio* ou *terraplén*, sen esquecermos *desaterrar* e *desterrar* (que non son a mesma cousa) ou *enterrar*. Algunhas veces, desvíanos da evidencia da forma o feito de se ter perdido a idea da relación coa materia, a terra; así, só parándonos un pouco reparamos en que *terrazza* e mais *terrina* eran orixinalmente unha superficie sen pavimentar, co chan de terra, contigua a unha casa, e mais un recipiente de cristal ou plástico antigamente feito de barro.

Outras veces, o non repararmos na orixe débese a unha alteración da palabra. A raíz *terr-* pode aparecer alterada en *tarr-*, *torr-* e mesmo en *turr-* como en *tarrantés//torrontés*, *torrón* e mais *torreiro/turreiro* por *terrantés*, *terrón* e *terreiro*. Estas variantes, que atopamos con forza na fala popular, na toponimia e nos apelidos non son só exclusivamente galegas pois algunhas alteracións do vocalismo danse tamén en portugués (*torrantés*, *torrão*) e en español (*torrontés*).

Aproveitando que falamos de *torrón/terrón* comentaremos que ultimamente estase empregando bastante o castelanismo *cepellón* para denominar a adherencia terrosa á raíz dun vexetal que o conserva vivo mentres non se transplanta. En galego deberiamoslle chamar *torrón/terrón*.

Tocante a *torreiro/turreiro*, espazo aberto entre as casas da aldea, co chan de terra, onde se reunían as persoas e se facían as festas, repararemos en que é a mesma palabra que o portugués *terreiro* (praza), o seu equivalente urbano e hoxe pavimentado. Un sinónimo galego e portugués é *eirado* que conserva transparente a súa orixe rural.

E se antes aludimos a *desaterrar*, imos agora falar do seu contrario, *aterrar*. Realmente son dous homónimos: por unha parte temos o formado a partir de *terra*, cos significados de ‘botar terra por riba’ ou de ‘pousarse enriba da terra’ (e dicimos que ‘aterraron unha zona da costa’ ou que ‘o avión aterrou con dificultade’) e por outra temos outro verbo formado sobre o latín *terrēre* ‘provocar terror’, do que derivan *terrible*, *terrorífico*, *aterrorizar*, etc. Deste verbo latino deriva *estarrecer*, cunha alteración vocálica no galego-portugués actual que non se daba no medieval (*esterrecer*).

Non deben de preocuparnos excesivamente estes trocos e mudanzas nin a existencia de variantes pois son incidencias normais na vida das linguas. E reparemos na riqueza que supón a variedade de sinónimos como *tarraceño*, *tarracoto*, *tarragueño*, *tarrañolo*, *tarrañote* ou *tarrelo*, todos eles adxectivos derivados de *terra* co significado de ‘pequeneiro, baixiño’, é dicir, que está a rentes da terra.

MAGAZINE

Cada día empregamos no noso vocabulario cotián un maior número de palabras de linguas estranxeiras. Falamos así, con toda naturalidade, do *stress*, dun *body* ou dun *by-pass*. Se este proceso de influencia e de troco (dependendo das relacións entre as culturas e linguas que as vehiculan) é algo vello coma o mundo, o certo é que a aceleración da intercomunicación levou a que agora a incorporación se faga de xeito case instantáneo ao da creación. Lembremos, maiormente, o eido da tecnoloxía.

No mundo da comunicación escrita e audiovisual é corrente o emprego de *magazine*, inicialmente ‘revista impresa de temas variados, ilustrada con debuxos e fotografías’ e, despois, tamén ‘revista de temas variados dun medio audiovisual’. A palabra é inglesa pero, como xa temos visto en moitas viaxes léxicas, a súa orixe está no francés: en *magasin*, ‘comercio, tenda, almacén’. De ser a simple denominación dun relativamente pequeno local de venda, a palabra amplía o sentido referíndose tamén ao depósito, mais ou menos grande, das mercadorías dos comercios. E canto máis grande é o comercio, máis variada é a mercadoría. Parece que esta idea de variedade de contidos (que pode darse dentro dunha mesma temática) é a que determinou a aparición en inglés da palabra *magazine*, que volveu transformada ao francés e se espallou por outros ámbitos lingüísticos. Sinalemos, en todo caso que *magasin* remóntase ao árabe e ten a mesma orixe que *almacén/armazém*.

Unha palabra recente, creada a partir de *magazine*, é *fanzine*. Trátase dunha creación verbal das que en inglés se denominan *portmanteau words* e en francés *mot-valise*: palabras formadas con elementos non significantes doutras, por exemplo, *motel*, de *motor (car) hotel*. *Fanzine* provén de *fanatic magazine*. *Fanatic* é ‘afeccionado’. O *fanzine* é un revista de debuxos, bandas deseñadas ou cómics, e ciencia ficción, feita por afeccionados (oposta neste sentido a *prozine*, palabra moito menos empregada, que sería a publicación autoeditada por profesionais).

Xa hai anos que se vén falando dos *fans*, referíndose inicialmente aos admiradores e seguidores ferventes dun ou dunha cantante, actor ou actriz, equipo de fútbol, etc. para xeneralizarse como ‘afeccionado entusiasta de calquera tipo de actividade, idea ou persoa pública’.

No fútbol, e no deporte en xeral, véñse empregando en galego dende hai pouco un termo autóctono para denominar o *fan*: *seareiro*. É unha venturosa extensión da palabra que xa existía na nosa lingua para denominar o concorrente habitual a un establecemento comercial, pero maiormente unha taberna. Non calquera *magasin*.

GAI

Na Idade Media, un adxectivo da lingua occitana, *gai* ('alegre, ledo'), pasou a outras linguas románicas debido á grande influencia dos trovadores que escribían en lingua de Oc ou provenzal. Efectivamente, *gai/gaia* era un adxectivo fundamental na poética trovadoresca: a primeira condición do *so* ou melodía era ser *gai*, o poeta debía escribir *gaias razós* e *gaias cansós* e a alegría era unha das calidades esenciais do amor cortés, cos motivos das *gaias domnas* (donas ledas) o *gai temps de pascor* (o ledo tempo da primavera) e os *gais auzels* (ledos paxariños). A propia arte trovadoresca era o *gai saber* ou *gaia ciencia*, en contraposición co saber e a ciencia oficial, o da teoloxía e a filosofía medievais.

En galego-portugués entrou daquela o adxectivo *gaio/gaia*, que aparece nos Cancioneiros (a *dona gaia*) e se conserva nos nosos días en topónimos e apelidos. Tamén en francés, catalán, italiano e español entrou o adxectivo, que chegou a través do francés ao inglés, onde tamén existe o apelido Gay igual que en francés. Sinalemos, de pasada, un derivado galego de *gaio*: *gaioso*, que Eladio Rodríguez González rexistra aínda como 'alegre' e que pasou a significar 'raiado con listas ou franxas de cores' como ben podemos comprobar ao mirarmos os escudos heráldicos do apelido Gaioso, tan abundante na nosa Terra.

Modernamente, cara a 1935, nas prisións dos Estados Unidos comezou a utilizarse como termo de ocultación e disimulo este adxectivo, 'alegre', para denominar o homosexual masculino, e a palabra espallouse internacionalmente despois da 2ª Guerra Mundial. Hoxe en día o máis frecuente é atopalo como substantivo, escrito coa grafía inglesa *gay*, mais podemos atopalo adaptado á grafía de cada lingua (*gai* en galego, catalán ou francés).

A denominación para a persoa homosexual feminina é *lesbiana*, é dicir 'pertencente á illa grega de Lesbos'. Atribúeselle a Safo de Lesbos, poetisa da Antigüidade de acesa paixón amorosa, a condición de homosexual, e por iso se fala tamén ás veces de *safismo* ou *amor sáfico*.

O curioso é que antes de se espallar este substantivo para denominar a muller homosexual (a finais do século XVIII) documéntase nalgunha lingua *lesbiano* -hoxe substituído por *gay*- para denominar o homosexual masculino.

E, aínda que é ben sabido, lembraremos que *homosexual* (que significa 'persoa que ten apetencia sexual por persoas do mesmo sexo') está formado co prefixo *homo-* derivado do grego *homoios* 'igual, semellante, o mesmo' que nos serve para formar outras palabras como *homoxéneo*, *homónimo*, *homólogo* ou *homeopatía*.

S "LÍQUIDO"

Non existe nas linguas románicas unanimidade na evolución das palabras que en latín comezaban por s "líquido". O italiano, por exemplo, conservounas tal cal (*spina, scritto, spèce, stòmaco, spettàcolo, scàndalo*), o catalán, español e galego-portugués engadiron un *e* inicial que xa se desenvolvera en latín serodio para axudar a pronunciación (*espina/espinha, espiña, escrit/escrito, espèce/especie/espécie*, etc.) e o francés absorbeu o *s* (*épine, écrit*), aínda que ás veces o conserva (*espèce, estomac*) e nos cultismos é fiel ao latín clásico (*spectacle, scandale*).

Cando se trata de palabras procedentes doutras linguas e de incorporación relativamente recente, o máis xeral é que se utilice a grafía orixinal (*slogan, sketch, stop, stand, stock, strip-tease, snack-bar*, etc.) aínda que as veces houbo intentos de adaptación que non chegaron a triunfar (*esmoquin* á beira de *smoking*, *esnob* á de *snob*, etc.) ou só nalgún caso (*esquí* e *estrés* son case unánimes fronte a *ski* e *stress*).

O que nos interesa aquí, en todo caso, é sinalar o "fío" dalgunhas destas palabras, que adoitan ser anglicismos aínda que non sempre os son. O devandito *ski* é noruegués e seica se pronuncia como en galego *xi*; significa 'tronco, zapato de madeira', en alusión aos *esquís* -orixinalmente de madeira- que permiten andar e correr sobre a neve. *Slogan*, un termo tan empregado na publicidade e a comunicación, é palabra celta, gaélica, e vén sendo o 'berro de guerra dun clan escocés', algo próximo ao galego *aturuxo*. *Snob*, procedente do inglés, parece ter unha orixe moi clasista: sería unha palabra ('zapateiro remendón') que os estudantes de Cambridge utilizaban para se referiren ás persoas non universitarias e que demostraban gustos "vulgares".

Unha palabra que pode aparecer escrita conforme ao orixinal ou adaptada é *standard/estándar*. Procede do inglés, mais a súa orixe está -como noutros casos- no francés medieval; a palabra *estendart* 'estandarte' (procedente dun adxectivo xermánico que significaba 'inmóbil, firme, permanente') conservou en inglés o seu sentido primixenio de 'modelo, padrón, norma'. Lembramos, de esguello, que o tipo de vía pública chamado *bulevar* procede do francés *boulevard* pero que no medievo, naquela lingua, significaba 'baluarte'. Evidentemente, *estandarte* e *baluarte* son galicismos.

Remataremos aludindo ao verbo *especular*, que procede do latín *spēcŭlari* 'mirar, axexar, espíar', palabra emparentada con *spēcŭlum* 'espello' e mais *spectáculo*. Antigamente, o verbo significaba 'observar os fenómenos naturais, maiormente os astros', despois aplicouse ao terreo filosófico-científico 'teorizar, construír abstraccións', para modernamente aplicarse á economía 'aproveitar os fluxos financeiros para lucrarse'.

O que tal facemos cambiar as palabras!

TONEL

Tonel é unha palabra que dende o francés antigo entrou noutras linguas.

E de *tonel* procede *tonelada*, que de primeiras foi unha medida de capacidade dos barcos calculada co volume necesario para almacenar un determinado número de toneis. Esta medida, que por extensión se aplica tamén a outros vehículos de transporte, suxeitouse modernamente a unha norma internacional que nos nosos días establece a *tonelaxe* dos navíos. Posteriormente estableceuse, tamén para os barcos (pero agora para calcular o seu desprazamento), unha unidade de peso igualmente chamada *tonelada*, equivalente a 1.000 quilos, que se espallou logo como unidade de peso en xeral.

Tamén do antigo francés (*tonnel*) procede o inglés *tunnel* que logo entrou noutras linguas e é o noso *túnel*. Como é doado de entender, a forma do tonel ten que ver no asunto. Por certo que a algúns non deixará de lles lembrar que, cando da construción da autoestrada Santiago-Vigo, uns pasos para animais e persoas, de capacidade e forma de pouco máis dun tonel, levantaron a oposición dos veciños ata que foron substituídos por outros dignos. De *túnel*, aqueloutros "pasos" non tiñan senón o aspecto máis escuro.

Nada ten que ver co anterior -canto á orixe- o adxectivo *tunante*, 'truán, larchán, vago, vagabundo' que -como acontece con moitos adxectivos deste tipo- se empregou despois de xeito atenuado e mesmo garimoso. Del procede o *tuno* que denomina aos membros da *tuna*, ronda musical universitaria tan típica e tan tópica. Pero a palabra ten unha historia ben curiosa.

No París medieval existía un barrio, verdadeira cidadela dos ladróns, mendigos e vagabundos, denominado a *Corte dos milagres* pois os supostos tolleitos "curaban" des que regresaban a el. Pululaban por alí nómades procedentes doutros países e a un dos xefes atribuíaselle o título de rei de Túnez. De aí que *tune* en francés se convertera en sinónimo de mendicidade e ladroízo. Cómpre dicir que o título lembraba a figura do "Duque do Baixo Exipto" que capitaneaba os xitanos que chegaran a París.

O pobo xitano, procedente da India, apareceu primeiro en Grecia e na Europa Central para se espallar máis tarde pola Europa Occidental, aínda que en España entrou tamén un amplo grupo procedente do norte de África.

É de *exiptano* (exipcio) de onde procede a palabra *xitano* (español *gitano*, francés *gitan*, inglés *gipsy*, etc.) ao lles atribuír tal orixe. Outras denominacións como a portuguesa *cigano* (do tamén francés *tsigane/tzigane*), o italiano *zìngaro/zìngano* ou o húngaro *czigany*, remóntanse ao grego *azínganos* 'que non se debe tocar', nome dado aos membros dunha seita de Asia Menor que evitaban o contacto coas demais persoas e tiñan sonda de magos, adiviños e encantadores de serpentes.

BOUTADE?

O etimólogo Joan Coromines afirma que o verbo *botar* ten actualmente en galego un uso amplísimo que fai desta palabra unha das básicas da nosa lingua. Efectivamente, se consultamos os dicionarios poderemos constatar a súa ampla gama de significados e de usos, e se examinamos un manual de fraseoloxía como o excelente *Así falan os galegos*, de Carme López Taboada e M^a do Rosario Soto Arias, atoparemos máis dun cento de expresións formadas con el.

A palabra é de orixe xermánica e pasou ao galego e outras linguas románicas dende o francés antigo. Pero, de todas elas, é probablemente na nosa lingua onde maior arraigamento tivo. Mesmo máis que en portugués.

A palabra xermánica significaba ‘golpear, empuxar’ e ao se espallar estendeu largamente o seu campo semántico: ‘poñer, medrar, lanzar’, etc. Nalgúns linguas a súa presenza non se consolidou e o verbo quedou reducido a usos específicos. Así no español de España (non no da América Latina que fai un uso máis amplo) emprégase só practicamente nun contexto de construción naval (*botar* un barco), ou co significado de ‘dar saltos’, particularmente nun contexto de deporte e xogo (*a pelota que bota*), pois onde o galego usa *botar* o español xeralmente emprega *echar*. Pero o campo semántico do noso *botar* é máis amplo que o de *echar*; pensemos en frases galegas como: *botei media hora a esperar por el; botoulle outro piso á casa; botou vinte anos no Brasil; botouse fóra do choio ou o leite botouse*.

O español *echar* procede do latín *jēctāre* como o francés *jeter* ou o italiano *gettare*. Aquel verbo latino (co prefixo *de*) orixinou en galego-portugués *deitar* que ten significados sinónimos de *botar* como en *deiteime na herba* ou *a billa deita*.

O curioso é que o francés, despois de transmitir o verbo *botar*, perdeuno. E ninguén se lembraría del se non fose por algúns derivados como *boutade* ‘frase ou saída máis ou menos enxeñosa que se *bota* con intención polémica ou provocadora’.

Por certo que *botón* ‘peza para abotoar unha prenda de roupa’ -e por extensión ‘peza que se pulsa en distintos aparatos’- procede tamén de *botar* e é un sentido posterior e figurado de *botón* (fr. *bouton*) ‘gromo que *botan* os vexetais’, significado tamén existente en galego.

E se o francés tivo un papel preponderante na difusión de *botar* (internacional no caso de *boutade* e de *botón*) tamén moi coñecido polo mundo adiante é o noso *botafumeiro*.

Non sei se o que levo dito pode parecer un *bota-bota* (confusión) ou se dou a impresión dun *bota por ela* (fato e presuntuoso). Vai ser mellor que pense no *bota-fóra*, é dicir, no remate, na despedida.

CATA!

O verbo latino *captāre* ‘intentar coller’ deixounos gran cantidade de descendentes.

Por unha banda as palabras que resultan da evolución patrimonial. O verbo *catar* ten en galego diversas acepcións todas elas ligadas ao significado orixinal, aínda que unhas se empreguen máis literalmente e outras máis metaforicamente. Así o significado de ‘examinar atentamente, observar, mirar’, e que aínda é moi usual na exclamación *Cata!* (*Cata que cousa! Catade o que facedes!*). Tamén o significado de ‘buscar, intentar pillar’ que ademais do uso xeral coñeceu usos específicos como o de ‘desparasitarse’ (*catar ou catarse as pulgas, os piollos*). Específico tamén é o significado de ‘extraer o mel’ (*catar os cortizos*). Pero sen dúbida o uso máis espallado na actualidade é o de ‘intentar pillar o sabor e as calidades dun alimento ou bebida’ (*catar o viño, o queixo, o xamón...*). Do verbo derivan substantivos como *cata* e *catadura* e outros verbos como *acatar*, *percatar/percatarse*, *decatar/decatarse*, *recatar/recatarse* e *rescatar*.

Pola vía do cultismo a forma mantense como *captar* e os derivados son *captación*, *captor*, *captura*, etc. E que a ninguén desvíe a grafía *mentecato* pois a escrita ortodoxa e antiga *mentecapto* deixa translucir ben a orixe (‘collido ou trabado na mente, no entendemento’). Por certo que, como se se perdera o fio da palabra ou a antiga non expresase dabondo a idea, a partir dun substantivo derivado pódese crear un novo verbo, máis concreto. Así de *captura*, *capturar*.

Imos demorarnos un pouquiño noutro derivado de *captare*: *cativo*. Orixinalmente a palabra significaba ‘capturado, preso’. É ese o sentido do coñecido verso *Cativo de miña tristura*, do poeta padronés do século XV Macías *O Namorado*. O verbo *cativar* e o substantivo *cativeiro* son derivados seus. Despois, *cativo* desenvolveu outros significados próximos que se ensarillan: ‘infeliz, desgraciado, miserable’ e de aí ‘ruín, mao’ para chegar a ‘escaso, pequeno, de pouca entidade’. Pensemos en frases usuais en galego como *é unha persoa moi cativa*, *o tempo está cativo*, *a caza foi cativa* ou *os fillos inda son cativos*. Deste sentido último do adxectivo xurdiu o substantivo *un cativo/ unha cativa* tan usado na nosa lingua e tan característico dela. E de aí o adxectivo *cativeiro*, que desprazou ao substantivo homónimo converténdoo en *cativerio*.

Para remate imos aludir a dous derivados do verbo latino serodio *captāre*, "modernización" de *captāre*. O primeiro deles é *cazar*, empregado xa dende vello, e o segundo *cachar* (ao que xa aludimos noutra ocasión), un verbo moi usado familiarmente no galego actual e que conserva os sentidos de *captāre* (‘pillar, comprender’) como en *Cachouno cando escapaba* ou *Non sei se cachades*.

SERÁN

O galego dispón do substantivo *o serán* para denominar a parte do día que vai entre o momento en que empeza a caír o sol e o comezo da noite. É, daquela, unha parte da *tarde*, período máis amplo que vai entre o mediodía e a noite. O serán comeza no momento que en galego chamamos garimosamente *a tardiña*, cando o sol vai declinando.

Serán é unha palabra que ten a mesma orixe latina que as equivalentes noutras linguas románicas como o francés (*le soir* e o seu derivado *la soirée*) e o italiano (*la sera*, *la serata*). Concretamente, o substantivo francés deriva do adverbio *sēro* 'tarde no día', o italiano do adxectivo *sra* 'tardía' e o galego dun novo adxectivo: *sēranus* que na nosa lingua produciu as dúas variantes *serán* e *serao* como en casos similares (*man/mao*, *irmán/irmao*, *gran/grao*, etc). O adxectivo *serodio*, tamén de base latina, emprégase moi especialmente para os froitos, as colleitas ou os animais (*millo serodio*, *pito serodio*, etc) pero tamén ten un carácter xeral. Nós falamos moitas veces do *latín serodio*, oposto ao latín da época clásica.

Serán/serao non denomina só en galego a parte do día, senón que tamén significa o frescor da noitiña. Temos así expresións como *andar ao serao*, *durmir ao serao*, *deixar ao serao* ou *estar ao serao*. Esta segunda significación é a que atopamos nunha expresión moi similar: *ao sereno*, expresión que se atopa na xeneralidade das linguas románicas (italiano, francés, catalán, español, portugués...). Aconteceu que xa dende o latín se debeu producir unha confluencia de uso do devandito *sēranus* co adxectivo *sērēnus* 'sereno, tranquilo' no substantivo *sērēnum* 'o sereno da noite', é dicir a hora que tamén nas linguas románicas coñecemos por *a fresca*.

E a confluencia de significados quedou reflectida en palabras herdeiras de ambos, entre as que destacamos o nome do hoxe desaparecido vixiante nocturno das vilas coñecido como *o sereno*. Claro que aquí aínda podería haber tamén confluencia con outro substantivo latino *sēra*, este co significado de 'pechadura/fechadura'. Porque a misión do *sereno* era abrir as pechaduras.

Non esqueceremos tampouco outra herdeira: a palabra -de orixe italiana- *serenata* 'ronda musical nocturna'.

E xa que estamos con festas nocturnas cómpre saber que a palabra española *sarao* é a adaptación da galega *serao*. E que, a través do español, o termo galego pasou ao portugués e o catalán.

Permítanme agora a fachenda dun saúdo políglota e gárdeno para a tardiña os lectores e lectoras mañanceiros:

Buonaséra! Bonsoir! Bo serán!

RAIOS

A palabra galega *raio* é o resultado da evolución patrimonial da latina *rādīus* e conserva ou amplía algúns dos significados da súa predecesora. Falamos así dos raios do sol, dos raios que caíron a consecuencia dunha tormenta, dos raios X, etc.

Con todo, a forma máis antiga e tradicional, de empregarmos o singular, non é *o raio* do sol senón *a raia* do sol. Así aparece nas cantigas medievais e mais nas cantigas populares que chegaron aos nosos días. Moitas persoas coñecerán -e moitas se cadra teñen cantado- unha nosa canción folclórica que di: "*Paxariños que alegres cantades/ nas folliñas dos loureiros/ e subides polo ameneiros/ a buscar a raiña do sol*". A *raíña* é o mesmo que *a raiola*, e o verbo que indica 'saír o sol' ou simplemente 'abrir o día' é *raiar/arraiar*, igual que *o raiante* é o lado do que sae o sol, do que abre o día, o nacente.

A normativa léxica galega estableceu tamén a forma *raio* para o uso xeométrico de 'líña recta que vai dende o centro dunha circunferencia a calquera punto dela ou desde o centro dunha esfera a calquera punto da súa superficie'. Restablécese niso a unidade co portugués e a práctica corrente na maioría das linguas románicas pois o español é unha das poucas que utiliza nese caso o cultismo (*radio*).

Foi fundamentalmente a partir dos séculos XV-XVI cando comezaron a aparecer os cultismos como *radiar*, *radiante*, *radio* (óso do antebrazo), *irradiar*, etc. que continuaron ata a época moderna: *radial* 'disposto en forma dos raios dun círculo' e *radiador* 'aparato para difundir a calor' son de finais do século XIX).

O cultismo *radio* é un elemento que entra principalmente en tres grupos de palabras compostas: as formadas a partir do nome do óso (p.e. *radiocarpiano*), as formadas a partir dos procedementos de difusión de ondas hertzianas (*radioelectricidade*, *radiofonía*, *radiotelegrafía*, etc.), e as formadas a partir da emisión de radiacións (*radioactividade*, *radiografía*, *radioterapia*, etc). E, amais do óso e do elemento químico, a palabra *radio* denomina o aparato receptor de *radiodifusión*.

De todos xeitos, non son *raio* e *radio* os únicos derivados galegos de *rādīus*. Outro resultado da evolución patrimonial é *raxo*.

Raxo é a denominación nunha ampla zona de Galiza do tentáculo do polbo, que sae radiado do seu pequeno corpo. *Raxo* é a carne do lombo do porco e dalgúns outros animais, seguramente chamada así por estar situada na zona da que irradian as costelas. *Raxo* é o eufemismo usado para evitar a dureza dun xuramento e a evocación directa dun perigo do ceo (*Un raxo te parta!*)

E -proba definitiva- non esquezamos *a raxeira*, a raioliña que agarima coa súa calor.

Que o sol arraie para todos!

DE...PENDE

Poucas familias (léxicas) tan numerosas e prolíficas como a do verbo *pender*. Numerosos os descendentes e numerosos os parentes.

O latín *pēndēre* 'pender, colgar', ademais do propio verbo *pender*, deixounos en galego outros equivalentes -ou con matices- construídos mediante sufixos, como *pendear*, *pendurar* (coa variante *dependurar*) e *penduricar*. Deles derivan *pendente* 'adorno na orella', *pendello* 'lugar adxacente á casa, cuberto por un tellado que pende saíndo dunha parede do edificio', *pendallo* 'gancho para pendurar o porco despois da mata', *pendurico* 'cousa pequena que colga', *penduricallo*, igualmente 'colgante' pero con matiz despectivo, etc. Aínda é máis forte a carga despectiva en *pendanga* 'prostituta'.

É doado adiviñar o mesmo fío na palabra *péndulo* e derivados, que ten a mesma orixe que *pénsil* 'xardín colgante' como os case míticos de Babilonia, unha das antigas e desaparecidas maravillas do mundo.

E xa que falamos de xardíns suspendidos, comezaremos a parentela de *pender* por *suspender* e derivados (*suspensión*, *suspense*, *suspensorio*...), seguindo por *dependere* con *dependente* (coa dobre función de adxectivo - que forma, por exemplo, *drogodependente*- e substantivo, 'vendedor dun comercio'), *dependencia* (substantivo de dobre significación: 'subordinación, situación de estar dominado/a' e mais 'estancia dun edificio' coa idea orixinal de subordinación a algunha estancia central), *independencia*, etc. Continuando co verbo *propendere* temos *propensión*, *propenso/a*... E, para non cansar, remataremos con *apéndice* (tanto no sentido fisiolóxico -e del *apendicite*- como no figurado), *perpendicular* e -recén saído do forno como o deporte que denomina-*parapente*, tomado do francés.

Pero o propio latín creou outro verbo derivado de *pēndēre*, que foi *pēndicāre*, do que procede o galego *pingar* (e os derivados del: *pingolexar*, *pinguinexar*, *pingallar*, etc). *Pingar* ten o significado orixinal de 'pender, colgar' (e así dicimos, por exemplo, que unha saia *pinga* cando cae de máis por un lado) e o de 'gotear' do que derivan *pinga*, *pingota*, *pingueira* e os significados literais ou figurados de *estar* ou *poñer pingando*.

Humorística e expresivamente, o *oso pingón* é o pene, o *pinguel* a úvula, un *pingalaceira* un avarento e *pingar o moco* chorar. Despectivos son un *pingo* ou un *pingallo* (utilícese para un farrapo ou para unha persoa) e *pingalleira* (cando se emprega para 'vergallo de porco').

E precisamente a graxa de porco, o *pingo*, recibe ese nome por cruzarse ese derivado de *pingar* co sentido da palabra latina *pīngue* 'graxa'.

Como queremos seguir falando disto poñemos simplemente puntos suspensivos.

NON DE PENDE

Dixemos que *pingo*, derivado de *pingar* (verbo galego procedente do latín *pendicare*) tomou o sentido de graxa de porco do substantivo latino *pīngue* 'graxa'. É doado decatarse de que a palabra latina ten que ver co verbo latino *pingĕre* 'pintar' e con *pīgmĕntus*. Píntase con materias graxas e oleosas.

En troques, hai palabras que de primeiras relacionaríamos con *pende* sen atinarmos.

Por exemplo é aínda usada a expresión ponderativa *de moito pendello*, que se considera de uso vulgar, para gabar algo. Pois ben, ese *pendello* non ten nada que ver coa dependencia cuberta da que xa falamos (*pendello*, alpendre, alboio) nin co verbo *pende*; realmente a palabra é *pentello* 'pelo da pube', que procede do latín *pĕctīnŭculu*.

Tampouco *pendencia* 'disputa', que realmente ten a mesma orixe que *penitencia*, pois procede de *pĕnītĕntia*, e do significado de 'pesar, arrepentimento' pasou ao de 'desacordo, contenda'.

É certo que en *pendón* hai un cruce con *pende*, pero realmente, a través do francés, procede de *pīnna* 'pena, pluma, aleta de ave'. A mesma orixe que palabras como *penacho*, *pinnípedo* ou *pendolista*.

Pendón e *pendello* cargáronse de sentido negativo para denominar as persoas, como aconteceu cos xa vistos *pingo*, *pingallo* ou *pendanga*. Realmente, ademais da idea de *pende* e *pingar*, encontramos nese cambio a asociación con farrapo, rachón de tecido ou pel, escalazada e sucia, a metáfora que fai denominar á persoa considerada desprezable con palabras como *bandallo*, *baldreu*, *ciringallo*, *bascullo/bascallo*, *cerello*, *pelexo*, *coira*, etc.

Mais queremos volver á palabra *pena*, ou mellor dito ás palabras *pena* porque en galego temos dúas palabras homónimas, é dicir, que teñen igual forma aínda que distinta significación. Non son a mesma palabra e a súa orixe é diferente.

A primeira delas, *pena* 'dor, coita, mágoa, tristura' procede do latín *pœna* e dela temos derivados como *penar*, *penoso*, *penal* e... *penalti*. A segunda, *pena* 'rocha, penedo' procede ao parecer do latín *pīnna* 'pluma de ave', 'aleta de peixe' ou 'amea dunha muralla' e, tras a metáfora deste último significado cos penedos dos cumes dos montes, acabaría xeneralizándose a calquera penedo. E se *pena* 'pluma de ave' que se conserva en portugués, está practicamente desaparecido no galego actual, non por iso deixa de ser patrimonio noso, polo que debería figurar nos dicionarios como os seus derivados *penuxe* 'plumón fino que cobre o corpo dunha ave' ou *estar en penecho/en penuzo* 'estar desnudo'.

NEGATIVA

O galego ten unha frase negativa moi sinxela: utiliza simplemente a partícula *non*, adverbio de negación: *Vou/Non vou*. Outras linguas románicas utilizan (ou poden utilizar) dúas, caso do francés (*ne ... pas*) ou do catalán (*no ... pas*). Poden estas linguas, en determinadas circunstancias, trocar a segunda partícula por outra (en francés *point, rien, personne...*, en catalán *res, mica...*). Tamén nós utilizamos dúas partículas negativas en certo tipo de frases (*Non dixo nada, Non veu ninguén*).

Tanto as frases negativas do galego como as do francés e o catalán, e mais as das restantes linguas románicas, teñen a súa orixe no latín, e neste, na época serodia ou "latín vulgar", comezouse a reforzar o *ne* (equivalente do noso *non*) cun substantivo que significaba algo de dimensión pequena e pouco valor (*passūm* 'paso', *rēm* 'cousa', *pūnctum* 'punto' ou *mīcam* 'miga', por exemplo) dando lugar a frases como *Non vado passum* ("Non vou un paso") ou *Non habeo rem* ("Non teño unha cousa"). Velaí a orixe das devanditas partículas, que foron perdendo a súa significación orixinal para quedaren en simples negacións.

En galego conservamos algúns restos desas dobres negacións. Dicimos *nada* pero algunhas veces substituímosla por *cousa* (*Non fixo cousa, Non vexo cousa ningunha*). *Nada* procede do latín *rēm nātam* (é dicir 'cousa nacida, cousa *nada*') e mentres cataláns e franceses conservaron *res* e *rien* outras linguas románicas, como a nosa, conservaron *nada*. De todos xeitos, tamén conservamos *res* nunha locución de ámbito moi limitado, *nin res*, e na forma medieval *ren* que se sigue utilizando no nivel culto e literario. Neste caso, conservamos tres tipos de formas (*nada, cousa* e *res/ren*). Todo un luxo.

E sinalamos, a maiores, outras frases con dúas partículas negativas como *Non fixo miga*, na que *miga* (de igual orixe que o catalán *mica* e o francés *mie*) perdeu o significado orixinal ficando nunha simple partícula.

Un proceso algo semellante é aquel polo que certas palabras perderon o seu significado primitivo para tomaren unha carga negativa derivada do contexto. Quen podería pensar que *cretino* é orixinalmente *cristián*, un eufemismo ('inocente, pobriño') para designar un tipo de persoa que ten certo retraso mental debido a un problema da tiroides? Pois éo. A palabra, procedente dun dialecto da rexión francesa e suíza dos Alpes-Valais, espallouse e derivou logo nun significado totalmente distinto e negativo ('parvo, idiota').

Aínda que a primeira vista se nos ocorrera pensar que *cretino* puidera ter algo que ver coa illa de Creta, non ten que ver *nin res*. Nadiña.

MENIÑAS

Meniño/ meniña é a palabra galega (que antes podíamos atopar ás veces escrita *miniño/miniña* pois trátase dun *e* pechado) correspondente á portuguesa *menino/menina*. Relembramos as famosas *Meninas* de Velázquez. A palabra portuguesa pasou á corte española -coa acepción de 'mociña nobre que serve á raíña ou aos príncipes e princesas de curta idade'-na época en que esta anexionara Portugal.

Meniño/meniña ten aínda amplo uso en Galiza, aínda que, de ser xeral, perdeu moito terreo en favor de *neniño/neniña, neno/nena*. A orixe das dúas palabras (*meniño* e *neniño*) parece ser expresiva a partir do balbucido dos nenos pequeniños, dos pequerrechiños, dos *nenés*. *Pequeno/fráxil/maino/mol* e mais *bonito/lindo*, son dous conceptos que unimos garimosamente. Repárese como falamos do dedo *maimiño, meimiño, meniño, mendiño* etc. e da costela *mamiña, memiña* ou *moumiña*.

Tamén lle chamamos *a meniña do ollo* á pupila, cunha metáfora que vén da Antigüidade. A palabra latina *pūpīla* é diminutiva de *pūpa*, que significaba 'moneca'. A *monequiña* que parece verse reflectida no centro do ollo cando miramos a outra persoa é para nós unha *meniña*. Claro que non todos os idiomas interpretan as cousas de igual xeito, mesmo dentro dunha área lingüístico-cultural común. Así, o francés, en lugar de manter nese caso un derivado de *pūpa* (como é *poupée* 'moneca') preferiu ver reflectida no ollo unha froita e chámalle *prunelle* 'ameixiña', diminutivo de *prune*.

Pupila, amais dese significado culto de 'meniña do ollo', mantén tamén o significado latino de 'nena, orfa menor de idade', co seu correspondente masculino, e de aí vén o seu uso para os menores tutelados por un adulto.

Relacionado con *moneco/a* (palabra que en portugués e nalgún lugar de Galiza é *boneco/a*) está *manequín* que inicialmente designaba un moneco articulado que servía como modelo para escultores e pintores e despois como modelo para probar a roupa a xastres e costureiras (ou, con máis *aquela*, a *modistas* e *modistos*, os creadores e espalladores da moda). Finalmente *manequín* designou á muller ou home que desfila presentando a roupa que viste. Son as e os *modelos, top* ou non.

Manequín é palabra de orixe neerlandesa, diminutivo de *man* 'home'. Vén sendo, logo un *homiño*, un *monequiño*.

Quen non lembra o simpático *Manneken pis* que se atopa cabo da *Grand Place* de Bruxelas?

ESMAGAR

Sorpréndemonos os galegos cando -normalmente fóra do país- nos informan de que o verbo *esmagar* non existe en español. Tan afeitos estamos a oílo e empregalo no "castelán de Galiza" que non dubidariamos da súa existencia naquela lingua.

E mais é certo: *esmagar*, 'premer, pisar, machucar', é un verbo que só existe en galego-portugués.

Sobre a súa orixe hai unha certa discrepancia entre os etimoloxistas, aínda que no fondo hai bastante coincidencia. En xeral sostense que procede dunha palabra xermánica, *magan*, 'ter forza, ser forte', que deu lugar a un verbo do latín serodio co prefixo privativo *ex*: **exmagare*, 'privar de forza', chegaría por unha evolución do seu significado ao que temos hoxe en galego-portugués. Estrañamente, non parecen conservarse con esta acepción derivados nas outras linguas románicas. Joan Coromines discrepa algo desta hipótese sobre a orixe e fai derivar a palabra doutro xermanismo (gótico ou suevo), *magan*, que ten numerosos descendentes e parentes en linguas anglosaxonas, xermánicas e nórdicas, basicamente co significado de 'estómago' ou de 'papo das aves'. De aí viría a palabra galega *maga* 'tripa da sardiña ou do peixe' e Sarmiento xa informaba de que *esmagar* é "tirar a maga do peixe". A dificultade desta hipótese é que ningunha lingua románica, nin mesmo o portugués, parece conservar a *maga* ou *magas* que temos en galego (para sermos exactos nunha zona da beiramar). Ademais, existe constancia moi anterior a Sarmiento, da palabra co significado de 'pisar, premer, oprimir, machucar'

Onde si parece haber acordo é noutros derivados de **exmagare* como *desmaiar/desmaiarse*. Neste caso hai numerosos descendentes e variantes en distintas linguas románicas (galego-portugués, español, catalán...) linguas nas que se introduciu a partir do francés antigo co significado de 'perder forza, perder as forzas, perder os sentidos'. En galego, concretamente, hai numerosas variantes: *desmaiar(se)*, *esmaiar(se)*, *esmaír(se)*, *esmaiolar(se)*, *amaiar(se)*, *amaiolar(se)*, etc.

Eu diría que as dúas hipóteses sobre a orixe de *esmagar* son complementarias xa que parece doado pensar na primaria atribución ás tripas e vísceras do corpo de seren o lugar onde reside e se produce a forza. De feito, hai expresións de abondo en distintas linguas que a mostran. Relacionada con esta idea está tamén a locución *facer magas* (que nas Rías Baixas pronunciamos con seseo e con gheada) para expresar triunfo *esmagador*, demostración total de forza.

E, para evidencia total, atopámonos con que en portugués un sinónimo de *tripas* é... *força*.

NORMAS

Difícil terreo, o da norma. Da non escrita, a implícita, obriga social, e da escrita, a explícita, obriga legal. Se non se utiliza con siso pode chegar a aplicacións perigosas.

Aínda que a palabra *norma*, co sentido actual, non apareza ata o século XVIII (en latín significaba *escuadro*, 'instrumento triangular de trazado e debuxo') e o adxectivo *normal* tampouco ata o século XIX, un sorprendente *anormal* aparece en francés xa no século XIII: trátase dunha alteración de *anomal* (do latín *anōmalus*) que despois deu o noso *anómalo* e tamén o moderno *anormal*. Con cambio de acento e de significado. A anomalía tomouse como anormalidade.

A norma escrita, a lei, emana do Poder, por iso a palabra ten que ver co rei. Da abondosa fonte latina *rēx -rēgis*, 'rei', proceden os verbos *arregrar*, *regular*, *rexer*, *dirixir* ou *corrixir* (e os derivados *arreglo*, *regulamento*, *rexión*, *reximento*, *réxime*, *rector*, *dirixente*, *director*, *corrección*, etc.). E no camiño do Imperio poderíamos chegar á palabra xermánica *Reich*, tan asociada ao nazismo.

Estar en situación *regular*, en *regra*, ser politicamente *correcto* é unha esixencia da orde social, agora e sempre. Dos imperios pasados e actuais. O discutible é como debe ser esa orde, cal a súa norma, a súa regra.

Se o principio de que prevaleza o criterio e os intereses da maioría parece lóxico, cómpre ser escrupulosos na aceptación e o respecto dos criterios e usos minoritarios, dos discrepantes, dos desconformes. Actitudes intolerantes e esmagadoras ábreulle o camiño ás inquisicións e as súas fogueiras.

Cómpre sermos vixiantes no uso da linguaxe, pois non é inocente xa que moitas veces cargámola -consciente ou inconscientemente- con valoracións ideolóxicas. Hoxe, por exemplo, debido á maior sensibilización, tendemos a substituír denominacións ou categorías antes aceptadas como *anormal* ou *subnormal* por *discapacitado* ou *diminuído psíquico*. Coñecer os mecanismos, usos e valores que foron impregnando a linguaxe é un primeiro paso para evitarmos transmitir valoracións inxustas.

O habitual, o corrente, converteuse en modelo social, provocando a valoración negativa do que se sae da norma. A conduta non conforme co uso xeral, coa vía, o camiño, a órbita da maioría, considérase así *desviada*, *desorbitada*. A medida ideal é a moderación, e o contrario a ela *desmedido*, *desmesurado*. O que está fóra dese espazo, dese centro, dise que está *descentrado*. Pode que o que se sae da norma e camiña por fóra se interprete como caprichoso, feito expresamente para distinguirse da maioría, algo *excéntrico* ou *extravagante*. Naturalmente, sempre chama a atención o exceso: o que se sae da norma é *enorme*, é *descomunal* por saírse do común.

Certo é que -como xa temos dito- o excepcional, o extraordinario, pode ser considerado moi positivamente, con moita admiración. Afortunadamente.

MERGULLO

Navegaba eu ese día por enciclopedias e dicionarios, guías e publicacións científicas galegas, tratando de identificar axeitadamente unha ave, o mergo, cando unha acertada (e sen dúbida deliberada) frase dos naturalistas Penas Patiño e Pedreira López ao falaren dela me puxo sobre a pista: "...esta inmersión ou *amergullamento* chega a durar dous minutos"

Efectivamente, *mergo*, *amergullamento*, *mergullo* e o verbo *mergullar* ou *mergullarse* forman parte da mesma familia léxica. De feito, a denominación máis especificamente galego-portuguesa dunha das especies de mergos máis coñecida é *mergullón*.

O verbo latino *mergere*, co que está relacionado o nome da ave nesa lingua (*mergus*), deixou unha ampla familia de derivados en galego e no resto das falas románicas: *emerxer*, *emerxencia* (en principio ‘acción de surxir’ e despois, máis especificamente, ‘dificultade ou perigo súbito’), *inmerxer*, *inmersión*, *submerxer*, etc.

Reparemos en que á beira do cultismo *submerxer* temos a evolución patrimonial *somerxer/sumerxer*. Este *so* ou *su* é a evolución galego-portuguesa do *sub* latino que atopamos noutras palabras (*soterrar*, *sopé*, *socalco/sucalco*, etc.) en canto que o *sub* se mantén nos cultismos (*subterráneo*, *subalimentado*, *subproduto*, etc).

E isto lévanos a outro mergullo: o *solago*, do que será doado identificar a orixe despois do que dixemos (*so+lago* é dicir "debaixo do lago, debaixo da auga"). O verbo *solagar* (ou *sulagar*, outra transcrición do o pechado, e na forma normativa *asolagar*) é sinónimo de mergullar, submerxer, e, naturalmente, podemos empregalo tamén cun uso reflexivo: darnos un solago ou darllo a alguén ou a algo. Relacionado con *solagar* está *alagar*, outro sinónimo no que o único que varía é o prefixo.

Para entendermos cumpridamente a formación destas palabras non debemos pecharnos no significado actual de *lago* como termo xeográfico (‘masa grande de auga rodeada de terra’) senón decatarnos de que, xa dende o latín, significaba tamén calquera embalsamento de auga, estanque, cisterna, cuba. Entenderemos, daquela, que un *lagar* é unha pía para conter líquidos, que no caso especializouse no líquido resultante de pisar a uva.

Resulta evidente a relación entre *lago* e *lagoa*. Desta última palabra deriva o adxectivo ou substantivo *lagoeiro*, ‘que é característico da lagoa ou habitante dela ou das súas beiras’. Non debemos, en todo caso, confundir o *lagoeiro* co *legoeiro*, denominación dun antigo oficio, o da persoa que coidaba das estradas e camiños públicos. Este *legoeiro* procede de *légoa/legua*.

GHICHO

Posiblemente, a maioría das persoas con quenza pola lingua nos temos preguntado algunha vez por qué dous fenómenos que en galego diverxen da pronunciación "normativa" padecen distinta consideración social. Falamos, claro está, da *gheada* e mais do *seseo*. Aínda que as dúas son (ou foron) consideradas "incorrectas", o seseo non recibiu a orballeira de invectivas, insultos e agresións que recibiu a gheada: "*defecto de la gente idiota*", "*vicio de la gente inculta*", "*signo de rusticidad e incultura*", e outros "agarimos". E moitos escritores galegos utilizaron nalgunha medida o seseo na súa obra sen acollerer para nada nela a gheada.

É doado pensar que nesta distinta valoración está implícito o feito de a gheada resultar inexplicable (porque se trata dun fenómeno exclusivamente galego) en canto que o seseo ten unha forte implantación dentro do español (Andalucía, Canarias, América), e das outras linguas peninsulares, e era a pronunciación do que para moitos constituía o espello do galego culto: o portugués.

Co tempo as cousas mudaron bastante. Os sectores informados manteñen unha actitude respectuosa cara a esas pronunciacións e a normativa actual distingue a práctica escrita, para a que establece unha única grafía, e a falada, para a que deixa libre opción. É o criterio lóxico, coincidente co doutras linguas.

Con todo, a nivel social, o vello prexuízo segue pesando moito.

Por iso, chama a atención que determinadas palabras con gheada se teñan espallado dende hai relativamente pouco polo territorio galego e se implantaran (mesmo a un nivel expresivo-coloquial) en español-falantes.

É o caso de *ghicho/ghicha*. *ghichar*, *ghipar*, *ghunar* ou *ghiña*, palabras que aparecen sen gheada en áreas de Galiza que non teñen esta pronunciación e mais en portugués.

O adxectivo *guicho/ghicho* ('vivo, vizoso, desperto, guapo, arrichado' ou 'teso, levantado, aguzado') e o verbo *guichar/ghichar* ('axexar') puideron ser os que orixinaron o substantivo *ghicho/ghicha* (familiarmente 'home/muller'), sempre con gheada e ao parecer espallado dende as Rías Baixas. Tamén significan 'axexar' os verbos *guipar/ghipar* e *gunar/ghunar* (en *calão* portugués *gunar* é 'topar ou reconhecere alguén'). E *guiña/ghiña* é en galego 'porcaría'.

Resulta curioso e irónico que persoas que foxen do seu idioma como do demo, empreguen -sen sabelo- estas palabras autenticamente galegas.

A *inculta*, *ignorante*, *bruta* e *rústica* gheada toma a vinganza por ela e pola nosa lingua.

O CHICHÍ

Non para un de levar sorpresas. Resulta que a palabra *chichí*, tan habitual entre nós co significado de ‘nenos, nena ou persoa que recibe os mimos da familia, de seus pais ou doutra persoa; preferido/preferida’, e que os galegos mesmo utilizamos no "castelán de Galiza", non existe en español pois é exclusivamente galega.

Parece que, coas súas variantes (*chiche*, *chischís*), a palabra ten que ver orixinalmente coa idea de ‘xoguete’ ("*É o xogueteño da casa*") e a súa formación é expresiva, baseada nunha onomatopea, como outras voces que se empregan frecuentemente para falar cos pequerrechos. Fálase así con eles dun *popó* (un coche) ou dun *baubau* (un can). A mesma orixe teñen *pipí* e *pupú* e -motivadas polo balbucido dos *nenés- papá* e *mamá* (ou as formas máis tradicionais *mamai/papai*).

Reparemos que en galego dicimos *un nené*, independentemente do sexo, do mesmo xeito que outras linguas empregan *un bebé*, *sexa meniño* ou *meniña*.

Esta repetición onomatopeica dáse tamén, claro está en palabras que non son exclusivamente de ámbito infantil e que representan un ruído. É o caso de *runrún* ou *ronrón*. E é sabido que o nome de determinados paxaros como o *cuco* (tamén chamado *cucú*), o *pimpín* ou o *chaschás* procede do son que eles emiten.

A nosa tradición popular recolle nunha fermosa lenda que cando a Virxe e San Xosé fuxían a Exipto, os soldados de Herodes que os perseguían preguntáronlle a un pimpín se pasaran por alí os fuxidos e este, que non os quixo delatar, respondeu: "Pimpín, por aquí non vin!". Polo contrario, cando lle preguntaron a un chaschás, este respondeu: "Chaschás, por aí ben vas!"

Non menos fermosa (aínda que triste) é outra explicación da denominación *caldo de tatáns* para un caldo pobre, un caldo que era practicamente só auga e que constituía a humilde comida de moitas casas nos *anos da fame*. Resumo o que me contou a miña amiga Pilar Núñez, aínda que antes apuntarei que *un tatán* é un neno; esta palabra non figura (que eu saiba) en dicionario ningún, aínda que está viva no Morrazo.

Nos anos da fame, como non había medios, en moitas casas comíase un caldo dos pobres que practicamente só era auga, entón, os nenos, cando lles daban o prato de caldo, como vían reflectida no fondo a cara dun neno, a súa cara, negábanse a tomalo dicindo: "Non quero, non quero, que ten tatáns!"

Como derradeira curiosidade diremos que a palabra francesa, tamén de orixe onomatopeico-infantil, *dada* (‘cabalo’), atopada buscando ao chou nun dicionario, deu orixe ao nome do movemento literario chamado *dadaísmo*.

CONFETTI

Quen había dicir que o *confetti* se come!

Expliquémonos: En italiano os *confetti* son unhas boliñas de caramelo. Pero: que teñen que ver con elas eses circuliños pequerrechos de papel de cores que se lanzan nas festas? Pois que nalgún carnaval mediterráneo, como o de Niza, lanzábanse unhas boliñas de xeso, imitantes aos caramelos aqueles, e de aí deriva o *confetti* de papel.

Se reparamos un pouco, veremos que *confetti* ten a mesma orixe que *confeitado*, *confeitar*, *confeitaría*, etc., palabras coas que garda estreita relación de significado. Todas elas remóntanse ao latín *conficĕre*, ‘confeccionar’, un derivado de *facĕre*, ‘facer’.

Sería longo de máis relacionarmos aquí a rica familia de derivados do verbo *facĕre*. Utilizando distintos prefixos citaremos simplemente *afacer* (con *afeito*, *afeitar*, *afecto*, *afeccionar...*), *defecto* (e *deficiente*, *déficit...*), *efecto* (*efectivo*, *eficaz*, *eficiente...*), *infectar* (infección, desinfectar...), *perfecto*, *interfecto*, *prefecto* e suficiente.

Anotaremos só que *confección* significaba na Idade Media ‘composición, preparación’, especialmente ‘medicamento composto de varias substancias’, e que *confección* co significado de ‘fabricación de roupa’ data do século XIX.

Antes, pois, de seren caramelos e doces de confeitaría, moitos preparados tiveron unha finalidade medicinal e preparábanse nas farmacias, coñecidas daquela como "boticas". Eran as *drogas*, preparados a base de substancias naturais para sandar os enfermos.

Sobre a orixe da palabra *droga* non hai unanimidade pois algúns especialistas afirman que procede do neerlandés, outros do árabe, outros dun idioma céltico, e outros do latín da Galia a través do antigo francés *dragée* (hoxe ‘caramelo’ e daquela ‘mestura de grans de cereais’).

A estas boliñas de preparados medicinais, recubertas dunha substancia que as disfrazaba para a vista e o gusto, chamámoslles *graxeas*, palabra que procede do devandito *dragée*, ou *pilulas* (español *píldoras*) que veñen sendo *pelotiñas*, bóliñas, pois a palabra é un diminutivo do latín *pīla* ‘pelota’.

Existían en latín varias palabras homónimas (que se escriben e pronuncian igual pero teñen distinto significado) coincidentes en *pila*: a que significaba ‘pelota’ e da que derivan (ademais de *pelota* que entrou a través do francés), *pela* ‘bóla’ (lembramos as *pelas* de manteiga), que non debemos confundir con *pela* ‘pelica’, e mais *pilula*; outra *pīla* que significaba ‘recipiente de pedra para líquidos’ e da que derivan as nosas *pía* e *pío*, onde se deposita auga, viño ou outras substancias; e finalmente *pīla* ‘columna’, de onde proceden *piar* (co topónimo escrito Os Peares) e mais *pilla*, forma coincidente coa portuguesa, que denominaba un piar das fábricas de salgazón onde se salgaba o peixe. De aí que polo Morrazo aínda se use a expresión *salgado como a pilla*.

FANADO

Sola, fané y descangayada dicía aquel coñecidísimo tango.

E debemos pararnos en *descangayada*. Trátase dunha palabra de orixe galega.

O lunfardo -xerga ou xiria bonaerense que no comezo era linguaxe de ocultación usada por ladróns- transmitiulle á linguaxe popular arxentina moitas palabras e locucións difundidas universalmente a través do tango. O lunfardo transforma ás veces palabras españolas e, outras veces, adopta e adapta palabras doutras linguas; maiormente daquelas que teñen unha presenza viva a través dos seus emigrantes como é o caso do italiano. Naturalmente que tamén o galego está presente: palabras como *revirarse* (co significado de ‘tolear’), *lurpiar* (‘estafar, defraudar’), *gaiola* (‘prisión’), *chumbo* (‘balazo, revólver’) ou *rúa* teñen seguramente orixe na nosa lingua. Igual que *descangayada* (‘deteriorada’). E non é casual que Gardel cantara un tango chamado *Normiña* no que o nome da muller destinataria recibe o noso agarimoso diminutivo.

Escangallar e *escangallarse* son verbos usadísimos en Galiza, e é doado decatarse de que proceden de *canga, cangalla* (‘xugo ou xugada para xunguir os bois ao carro’). Cando algo se escangalla, desconxúntase, esmendréllese, escáchase, desfáise.

Pero tamén debemos deternos en *fané*, palabra de orixe francesa.

En francés o verbo *faner*, que case sempre se usa como reflexivo, significa *murchar/murcharse*, e o seu participio é, logo, *murcho*. Tamén en gale-portugués

existe *fanar, fanado* cun significado moi próximo; para nós, *fanar* é ‘mutilar, amputar, cortar a rente’ e usamos *fanado* para un animal cando ten un corno roto ou unha orella amputada total ou parcialmente, para unha persoa cando lle faltan dentes, e para un obxecto cando lle falta un anaco. *Esfanicar, esfanicado* e *fanico* son variantes e palabras da mesma familia léxica. E hai quen opina que *faneca*, o nome do peixe, ten que ver con aquela: sería debido ao aspecto da súa cabeza.

Non hai acordo sobre a etimoloxía de *fanar*. Segundo algún especialista podería derivar do latín *fānum* ‘templo’, aludindo ás mutilacións de orixe relixiosa como a circuncisión.

O que si está claro é que dese *fānum* ‘templo’ proceden *fanatismo* e *fanático*, orixinados polos violentos trances e delirios nos que entraban os sacerdotes de determinados cultos da Antigüidade. *Profano* significa propiamente ‘o que está diante, fóra do templo’, e de aí pasou a significar ‘ignorante dos segredos sacros’, e, xeneralizando, ignorante nunha materia.

Confesemos que nisto da etimoloxía, mesmo os que non son profanos deben ser algo profanadores.

CREBAR

Ao compararmos a forma tradicional galega *crebar* (e a súa familia léxica) con *quebrar* (forma española e portuguesa) é moi posible pensarmos que a forma galega é a que sufríu unha alteración. Non inflúe só nesta apreciación o habitual complexo de inferioridade galego, senón que parece lóxico pensar que linguas que tiveron unha vida normalizada continua, e se beneficiaron dun secular traballo de filólogos, sufriron no seu decorrer menos alteracións producidas polo estado de desprotección que sofre unha lingua non normalizada. Isto, que en principio é así, non aconteceu no caso concreto de *crebar*.

Efectivamente, é a actual forma española e portuguesa a que sufríu unha alteración verbo da forma medieval e do seu étimo latino *crepāre*.

En latín ese verbo tiña o significado de ‘renxer, estoupar, rebentar’, sentido que conservan o italiano *crepare* e o francés *crever*. Nestas linguas, como vemos, conservouse como en galego o grupo *cre-* sen que o desprazamento do *r* (metátese) producise o español e portugués *quebr-*.

En galego son ricos a familia léxica de *crebar* e mais o seu campo semántico, a amplitude de significados. Lembraremos os principais significados de *creba/crebarse* como ‘partir, romper, escachar, regañar’, ‘herniarse’ e ‘pechase unha empresa por non poder afrontar as débedas’. Amais dos substantivos *creba*, *crebadeiro* ou *crebadura*, o verbo orixina numerosos compostos do tipo *crebafolgas*, *crebaondas* ou *crebanoces*. E expresións como *auga crebada* ‘auga morna’, *marea crebada* ‘marea morta’ ou *andar aos crebazos* ‘mercar do máis barato’. Naturalmente á mesma familia léxica pertence *crebantar* e os seus derivados.

Aínda máis: en galego temos compostos de *crebar* a partir da utilización de prefixos. Formáronse así *decrebar* ‘ir perdendo a saúde e a forma física e mental’, e *escrebar* ‘romper, escachar, abrir’ que tamén empregamos en locucións como *escrebar o día* ‘raiar ou riscar o día, amencer’ ou *escrebar o tempo*, ‘levantar o tempo, desanubiar, estiñar’.

E hai tamén unha ampla familia de cultismos derivados de *crepare*, tamén fieis á orixe latina. Eses si, en español e portugués, entraron sen alteración. Son *decrépito* (equivalente da forma popular *decrebado*), *crepitar*, *increpar*, *discrepar* e outros.

A normativa léxica do galego, adoptando unha solución salomónica, admite as formas en *quebr-* aínda que opta polas patrimoniais en *creb-*. Non sendo no caso de *quebrantar* e derivados, no que só admite esta solución.

Remataremos cun dito que podemos empregar nun uso literal ou nun uso figurado: *Despois de que neva, escreba*.

Pois iso: nunca choveu que non escampara.

REGAZO

Falamos xa nunha ocasión das palabras derivadas dos verbos latinos *captāre* (*captar, catar, acatar, decatarse, recatarse, etc.*) e mais *captiāre* (*cazar, cachar*). Queremos hoxe falar de *recaptiare*, hipotético verbo do latín serodio, derivado, como *captiāre*, de *captāre*.

Dese *recaptiare* procedería *regazar* (ou *arregazar*, co *a* engadido ao principio da palabra ou *a* "protético") que significa 'recoller cara arriba unha prenda de roupa, as pernas do pantalón, as mangas, etc'. E do verbo procedería o substantivo *regazo* 'concavidade que o vestido forma entre os xeonllos e a cintura cando a muller está sentada'. A *regazada* é a cantidade de cousas que se levan no regazo ao regazar o mandil.

Haberá quen se sorprenda con *regazo* pero é unha palabra plenamente galega. O feito de que exista tamén -e de que se use moito máis- en español non a invalida. Tamén é portuguesa.

Outro derivado de *recaptiare* é *recachar* ('levantar a muller a saia do vestido máis do que aconsella a honestidade' en resesa definición de hai décadas). De aí que *recacharse* sexa 'falar ou obrar con certa desvergoña' e *recachado* sinónimo de 'descarado'. E que *levar ao recacho* sexa 'deixar ao descuberto, mostrar unha parte núa do corpo'.

Recachar e *requichar* significan tamén 'levantar' en xeral, e aplícanse especialmente aos animais, maiormente falando do rabo. *Recachar o rabo* é en frase humorística 'morrer'. Existen as variantes *repichar* e *reguichar*, esta última relacionada con *guicho/ghicho* 'levantado, vivo', do que falamos hai pouquiño. Naturalmente, todas estas formas poden aparecer coa devandita "prótese" do *a* (*arrecachar, arrequichar, etc*).

E volvendo a *regazo*: ben sabido é que en galego (e mesmo no castelán de Galiza) a palabra foi practicamente substituída por *colo* 'pescozo'. É habitual que o neno que se leva no regazo se agarre ao pescozo, ao colo, de quen o leva, e de aí naceu o desprazamento de significado. Un emprego que xa se utilizaba nas cantigas medievais e que tamén é común co portugués.

Esta especialización de *colo* orixinou á súa vez a práctica substitución de *colo* 'parte do corpo entre a cabeza e os ombros' por *pescozo*. Con todo, non debemos desbotar aquel sentido da palabra nin os seus derivados (*colar* 'adorno que rodea o pescozo', *colares* 'parte dunha prenda de roupa que rodea o pescozo', *coleiro* 'cesto que se apoia no pescozo, especialmente o empregado na vendima', etc).

E por moito que ese *coleiro* apareza ás veces como *culeiro*, a palabra non pode ser cualificada de "forma híbrida castelano-gallega". É confundir o cu coas témporas.

COSMOS

Andaba eu esoutro día a revisar unha miña tradución do francés cando me decatei de que escribira *microcosmo* e non *microcosmos*, que é a forma que me pareceu correcta. O orixinal francés era *microcosme*, o que me levara á forma utilizada. Como non a inclúe o Dicionario da Academia Galega, busquei a palabra no dicionario portugués onde a única forma é *microcosmo*. Consultei outras linguas e vin que o italiano tamén emprega só *microcòsimo*, o catalán só *microcosmos* e o español -salomonicamente- admite as dúas.

A palabra formaba parte da terminoloxía filosófica medieval a partir dun latín que a forma sobre o grego ("pequeno universo") para se referir ao corpo humano en contraste co *macrocosmo*, o universo, o grande. Só modernamente, no século XIX, apareceu como palabra illada *cosmos* (tamén do grego, naturalmente) como denominación do universo, e mais concretamente do espazo extraterrestre. Engánanos pois o aspecto "moderno" do termo que aparenta ser da xeración de *microondas*, *microclima*, *microfilme*, *microeconomía* ou *microordenador*.

Naturalmente, son ben recentes as palabras derivadas deste *cosmos*: *cosmonauta*, *cosmovisión*, *cosmódromo* ou *cosmobioloxía*.

Algo máis antigas (do século XVI) son *cosmoxía*, *cosmografía* ou *cosmogonía*. E mais *cosmopolita*: persoa que se considera cidadán do mundo, do universo. Por certo que, agora, cando para determinadas cousas, os que mandan no mundo, no universo, o imperio, imponen a *globalización*, só unha reducida parte da Humanidade pode sentirse de certo cosmopolita. Ao resto seguen a mantelo en reservas ou coutadiño no seu país e só o deixan achegarse ao paraíso cando se precisa man de obra barata.

En fin, que iso da globalización non é máis ca unha operación de maquillaxe, e o propio termo, como nos lembrou lucidamente Pepe Carreiro nestas páxinas, intenta facernos esquecer a denominación (e o que é máis grave: o concepto) que sempre utilizamos: o imperialismo.

O fío da palabra levounos do *cosmos* á *cosmética*. E non é por casualidade.

Orixinariamente, en grego, a palabra *cosmos* significaba 'orde' e mais concretamente 'a orde do Universo', un todo ordenado, e era o concepto oposto ao *caos*, o baleiro, a nada. Desa idea de orde, de equilibrio, desenvolveuse -xa en grego- o sentido de 'ornato, enfeite, adorno'. E, dende o século XVI, o de 'os coidados de beleza (da pel e do cabelo)'. Que modernamente creou unha potente industria baseada na consolidación deses coidados como preocupación fundamental, e mesmo obsesiva, de amplas masas de consumidores.

CORPO

Falabamos ese día de cosmética e cómpre dicir que o coidado e o arranxo do corpo con finalidade estética é vello coma o mundo. Dende sempre, homes e mulleres enfeitáronse, adobiáronse e compuxéronse para se gustaren máis a eles mesmos e aos outros. Volvemos, daquela, hoxe ao corpo.

Xa dixemos nunha ocasión que é de orixe galego-portuguesa a palabra *corpiño*, denominación dunha prenda de roupa feminina que cingue a parte superior do corpo e se axusta ao peito. Mesmo se a prenda non é xa habitual hoxe (e polo tanto tampouco a palabra), aínda se seguen utilizando unha e mais outra en determinada roupa de muller.

O portugués, á par de *corpinho*, utiliza *corpete*, unha denominación posterior e baseada no italiano *corpetto*, tamén diminutivo de *corpo*.

Outra prenda e outra denominación moi relacionada con *corpiño*, e practicamente desaparecida é *cós*. Tratábase dunha prenda de homes e mulleres que cubría tamén a parte superior do corpo (de aí o nome de *cós*). Viña sendo como unha camisa. *Cós* é palabra galego-portuguesa que xa aparece nos cancioneros medievais e que durou ata os nosos días. Actualmente consérvase só practicamente en certas locucións como *estar en cós* (estar en *panos menores*) ou *Adiós, mangas do meu cós*, expresión humorística, baseada na rima, que se di botando en falta algo.

Múdanse os tempos e múdanse as vontades. E mudan tamén as modas e as denominacións das prendas. Pero moito menos do que pode parecer a primeira vista. Porque se, para cinguir e axustarse ao corpo feminino, apareceu no século XIX unha novidade, o *corsé*, a palabra ten a mesma orixe que as anteriores. *Corset* é o diminutivo de *cors* 'corpo', en francés. Por certo que *cors*, grafía medieval, reproduce a única pronunciación correcta, a que segue na actualidade mesmo se agora se escribe *corps*; o *p* foi introducido por un prurito etimoloxista que afectou a unha parte da escrita do francés.

Permítaseme a reviravolta de facer un desvío por *garda de corps*, locución tamén de orixe francesa, que denominaba a garda persoal do rei, a encargada da súa seguridade persoal, de protexer o seu corpo.

E hoxe, destronado o corsé e relegado só a certos usos como os ortopédicos, outra vez volvemos utilizar a mesma palabra para unha prenda que cingue e se axusta ao corpo feminino: o *body*.

A novidade é que agora dicímolo en inglés.

SALSA

Só a primeira vista sorprende o feito de que nalgunha zona de Galiza exista a denominación de *salsa* para a auga do mar. Se nos decatamos de que o adxectivo latino *salsus* (en feminino *salsa*) significaba ‘salgado’, entenderemos doadamente o porqué daquela denominación: a auga do mar, a auga salgada. Tamén *salseiro* denomina a esta auga: o salseiro é a auga que salpica o mar ao bater ou que o vento trae sobre terra.

E *salsa* tamén serviu para denominar a mestura máis ben líquida, feita con sal e diversos condimentos, que se confecciona ao cociñar para darlle substancia a un alimento.

En galego temos outras palabras sinónimas de *salsa*. Como *mollo*, o líquido, esa *salsa* que molla o alimento de que se trata e no que tamén nós mollamos con gusto o pan. Pero queremos reparar especialmente noutro sinónimo de *salsa*: *prebe*.

Prebe procede de *pebre*, palabra catalá que significa ‘pementa’ e puido entrar en galego a través do español xa que nesa lingua tamén se rexistra *pebre* como ‘salsa composta de pementa, allo, perixel e vinagre’.

Tamén é certo que a popularidade da palabra en Galiza (onde *prebe* pasa a ser denominación de calquera *salsa* e chega case a substituír a estoutra palabra) non ten comparanza ningunha coa súa escasa implantación en español. Poderíamos, daquela pensar en que houbo algún factor na nosa Terra que propiciou esta popularización. Se cadra a conserva, coa súa forte presenza de cataláns, tivo algo que ver. Pensemos que unha *salsa catalá* é (segundo recolleu Fernandez Rei nalgún porto galego de tradición conserveira) un ‘tipo de escabeche que se fai a base de aceite, vinagre, loureiro e pemento, utilizado para aderezar o mexillón en conserva’. E outras receitas de "salsa catalá" utilizan a pementa.

Un breve comentario lingüístico referente a *prebe*: a alteración da palabra é unha metátese, é dicir o desprazamento de lugar dun son dentro da palabra. O caso é exactamente igual ao que se produciu en *probe* ou en *freba*, pero mentres que a normativa só admite *pobre* ou prefire *febra*, non pon reparo ningún a *prebe*.

Finalmente, queremos aludir tamén a *peperete/piperete* ‘prato ou comida moi saborosa, lambonada’. Algúns especialistas, como o eminente etimólogo catalán Joan Coromines, inclínanse por considerar esta palabra un derivado do latín *pīper* ‘pementa’, aínda que á vista da falta doutros derivados patrimoniais en galego e en portugués (pois *prebe*, que non existe en portugués, sería un derivado indirecto) tal hipótese semella pouco fundamentada.

Hoxe, *O fio da lingua* presentou máis posibilidades que certezas. Non todo na vida son verdades establecidas e absolutas. A dúbida tamén fai pensar, percurar e avanzar. Todos os sabores son necesarios. Como os do sal e a pementa.

SALARIO

Nun conto popular galego (*Pedro Cortizoilo*) un rei preguntalle ás súas tres fillas canto lle queren. Unha responde: "Quérolle pola vida"; outra "Quérolle polo corazón", e a máis nova "Quérolle tanto como ao sabor dos sabores". Descontento con esta resposta, o rei bótaa da casa e só co tempo recoñecerá a esta súa filla cando se ve obrigado a comer unha comida sen sal: "e o sal é o sabor dos sabores", dirá el.

O sal xogou un papel primordial non só na condimentación senón na conservación dos alimentos. E da importancia que se lle atribuíu dá idea o feito de que a paga dos soldados na antiga Roma recibiu o nome de *salārĭum* (inicialmente 'ración de sal') é dicir 'diñeiro para mercar sal'. Da paga dos soldados pasou logo á dos demais *asalariados*.

Un sinónimo de salario é *soldo* que procede do latín *sōlĭdus* 'sólido', nome de certa moeda de ouro. A denominación alude ao material, metal sólido, forte e de valor constante, en contraste co das moedas menores. E o *soldado* é o mercenario pagado con un soldo, unha desas moedas. *Soldo* e *soldada* pasaron tamén despois a denominar o salario dos outros traballadores.

Houbo na Europa medieval diversas moedas, de distinto valor, co nome derivado daquel *sōlĭdus* (*soldo* en Portugal, *sueldo* en España, *sou* en Francia, *sòldo* en Italia...), que pouco a pouco se foron deprezando. Hoxe, en italiano e en francés *soldi* e *sous* son sinónimos de diñeiro en xeral ou de moedas de pouco valor; coma quen di *cartos*, ou mellor aínda *patacos*. Por certo que o de *pataco*, moeda de pouco valor, aínda que se conserve fundamentalmente en Galiza, tamén foi coñecido noutros países do sur de Europa.

Por vía popular chegaron a nós derivados do adxectivo latino *sōlĭdus* (agora xa non do substantivo que denominaba a moeda) como por exemplo o verbo *soldar* ('unir solidamente dúas cousas, pegar') e por vía culta *consolidar* e *solidario* ('unido nun todo').

Igual vía popular e culta se dá noutros casos : *solteiro* e *solitario* teñen a mesma orixe, ambas proceden da familia de *solto*, *só*.

Sinalemos á par de *solteiro* o cultismo *célibe* (con *celibato*). O latín *cælebs* 'solteiro' deixounos tamén en galego-portugués *ceibe* 'solto, libre' que, como é ben sabido, pode presentar esta única forma para masculino e feminino ou ben a variación de xénero usual na maioría dos adxectivos: *ceibo/ceiba*. E a partir do adxectivo xerouse o verbo *ceibar*.

Tamén alguén un día (é de supoñer que de broma) falaba dunha *ceibeta*.

SOLLEIRO

Cando falamos é como se fôsemos collendo as palabras dunha especie de saco imaxinario no que temos todas aquelas que nós coñecemos ou cremos coñecer. Facémolo cunha velocidade extraordinaria e dun xeito practicamente mecánico, de tan afeitos que estamos. Pero hai razóns que nos fan escoller unha palabra e non outra. Ás veces facemos a escolla dun xeito máis ou menos consciente (por exemplo, non falamos igual cun descoñecido e cun "superior" que cun amigo, ou cando damos unha explicación "técnica" que cando damos unha explicación coloquial) pero outras veces -na que esa distancia non se produce- parece que podemos empregar indistintamente unha palabra ou outra. E mais tamén nestes casos optamos por unhas palabras e construcións esquecendo outras que coñecemos e poderíamos empregar. Isto débese a que o ambiente lingüístico que nos envolve inflúe dun xeito profundo e permanente facendo que escollamos as palabras e frases que "temos máis a man" -como se estivesen na superficie dese saco do que falamos- en tanto que outras quedan no fondo. Estamos máis condicionados do que parece. Na nosa época, os medios de comunicación -moito máis xa que o sistema educativo- teñen unha influencia determinante.

Isto explica moitos dos cambios nas palabras e construcións. Por que moitas van quedando vellas e arrombadas e acaban desaparecendo, substituídas por outras que ou ben estaban tamén aí ou ben créanse no momento.

Este proceso de depuración, normal no conxunto da linguas, representa un mecanismo de renovación dende dentro delas. Pero no caso das linguas dependentes, non normalizadas, non se produce unha renovación senón unha simple invasión: as formas tradicionais e propias son substituídas por formas alleas, as dominantes.

Ven esta reflexión a conto para ilustrar o porqué, por exemplo, estamos substituíndo por *soleado* adxectivos tradicionais galegos como *solloso*, *solleiro*, *solleiroso*, *sollío*, *sollento* ou *asollado* que son postergados e abandonados en beneficio da forma española ou coincidente co español.

E mais é moi fértil a familia destes derivados galego-portugueses de *sol*. Substantivos como *solleiro*, *solleira*, *sollío* e *sollía* 'lugar ou terreo onde dá o sol e xeralmente ao abeiro', ou *solleirado* 'momento de sol intenso, ou momento de sol entre outros de chuvia', e verbos como *asollar/asollarse* ou *asolleirar/asolleirarse* 'pór ou pórse ao sol, tomar o sol'. Sinalaremos tamén, pola súa expresividade, a locución *asollar o diñeiro* ou *asollar os cartos* é dicir, gastalos.

Asollar os problemas da lingua (e os problemas todos), sacalos á luz do día, airealos, é o primeiro paso para resolvelos.

SOMBREIRO

Se no artigo pasado falamos do *solleiro*, neste imos falar do *sombreiro*.

E non só para xogar cos contrarios *sol* e *sombra* senón porque *sombreiro* é un caso máis de substitución polo termo coincidente co español, substitución da que falabamos tamén no artigo anterior.

En efecto, dende a Idade Media existían en galego dúas palabras máis ou menos sinónimas: *chapeu* e *sombreiro*. En tanto que a primeira, procedente dun derivado do latín *cāput* ‘cabeza’, é de orixe francesa (ben sabemos que na Idade Media, co Camiño de Santiago e os contactos entre os trovadores, entraron na nosa lingua moitos termos franceses), a segunda palabra é creación do español e do galego-portugués a partir de *sombra*: ‘pucho ou chapeu que produce sombra coa súa aba’. Certo é que resulta difícil de determinar se en galego-portugués se trata dunha importación do español. Sexa como for, o caso é que en canto o portugués conservou *chapeu* sen que *sombreiro* chegase a callar, o galego foi esquecendo *chapeu* (que aínda se conserva precariamente) en beneficio de *sombreiro*.

O que si é común ás dúas linguas é a palabra *sombra*. No conxunto das linguas románicas só o galego-portugués e o español presentan un *s* inicial na palabra derivada do latín *ūmbra*. *Sombra* fronte a *ombra* en catalán, *ómbra* en italiano, *ombre* en francés, etc.

E mais nos adxectivos derivados de *sombra* temos o dobre resultado: por unha banda, os termos patrimoniais, que derivan da palabra romance, como *sombrió* e *sombrizo* (*sombriso* con seseo, como escribía Rosalía), e pola outra os termos cultos, tirados da palabra latina, como *umbrío* e *umbroso*. Igualmente é cultismo *penumbra*, que literalmente significa ‘case sombra’.

Tamén son innovacións destas dúas linguas peninsulares os verbos *asombrar/asombrarse* no sentido de ‘asustarse, sorprenderse’ e o correspondente substantivo *asombro*. Parece que a orixe deste novo significado está no medo e a sorpresa que produce unha sombra que se toma como ameaza. De todos xeitos, xa na palabra latina *umbra* estaba implícito este sentido, pois un dos seus significados era ‘espectro, fantasma, espírito dos mortos’.

Os dous significados de *sombra* e *asombrar* fúndense conmovedoramente no célebre *Negra Sombra* rosaliano. A impresionante ladaíña de sons vocálicos e consonánticos forma un laio estremecedor que arrola e que zoa, que chora e se mofa, que ecoa e afoga:

negra sombra que me asombras

CONCHEIRO

Se comezamos esta serie de artigos de *O fío da lingua* falando da peregrinaxe a Compostela e da cuncha vieira, o seu símbolo, queremos rematala do mesmo xeito.

Dicimos en galego *cuncha* e mais *concha*, aínda que a primeira é a forma máis espallada e a que prefire a normativa. Igual acontece con *cunca* e *conca*.

As dúas palabras están relacionadas. *Cunca* procede do latín *cōncha* ‘cuncha, ostra, molusco do que se extrae a púrpura’ e tomou xa naquela lingua empregos figurados como o de ‘utensilio para beber con forma de cuncha’ ou de ‘bóveda celeste’ ‘corno, trompeta’, e outros. Os usos galegos de *cunca* ‘recipiente cóncavo que se utiliza en xeral para tomar líquidos’, ‘terreo cóncavo no que se embalsan augas ou que recolle as dunha vertente’ teñen esta orixe. Naturalmente, de *cunca* deriva o masculino *cunco*. E, evidentemente, o adxectivo *cóncavo* é un derivado de *conca/cunca*

Dado que *cōncha* se cargara con diferentes significados, o latín construíu un novo termo, un diminutivo daquel, *cōnchūla*, para as cunchas, e del procede a nosa palabra. Velaí o porqué da parella *cunca/cuncha*.

Sinalaremos que os *concheiros* son depósitos de restos prehistóricos nos que abundan as cunchas dos moluscos que servían para a súa alimentación.

Prehistórico ou non, o depósito chámase tamén *cunchal* e *cunchido*. O que ten cuncha é *conchado*, *conchoso* ou *conchudo*, e á acción de abrir un bivalvo chamámoslle *escunchar*. Claro que a cuncha pode ser tamén un caparazón duro cóncavo: por iso chamamos tamén á tartaruga *sapo concho*, e *concho* é unha denominación da noz.

Pero *concheiro* é tamén o que vende cunchas ou fabrica reproducións delas, e esta foi unha actividade comercial e artesá de moita importancia en Compostela.

Efectivamente, convertida a vieira en símbolo da peregrinaxe ao Santiago dende o século XII, os concheiros constitúense como gremio que terá o seu apoxeo nos séculos XIII e XIV. Baixo a tutela da Igrexa Compostelá, que regula a actividade e cobra a concesión, florece o comercio de vieiras naturais e nace a artesanía da reprodución en metal e acibeche. Comerciantes e artesáns agrupan tamén os seus obradoiros, depósitos e vivendas nun barrio santiagués que aínda hoxe leva o nome deles: os Concheiros. E Compostela logra a exclusiva da fabricación e distribución do símbolo xacobeo por todo o Camiño. O Papa castiga a falsificación coa excomunión, e os reis con penas severas.

Tanta importancia acadou a humilde cuncha vieira, que deu nome a unha orde militar. Unha auténtica, non unha deses estangurriadas choqueiras que pululan polo país. O conde Floris V de Holanda creou en 1290 a Orde da Vieira ou Orde de Santiago (de Saint Jacques ou de Saint James en francés e en inglés), hoxe xa extinguida, que non debemos confundir coa súa homónima española, a de Santiago da Espada. Segundo o "Almanaque de Bruxelas", que estuda as dinastías, é unha orde do Reino de Galiza.

CASIÑA

O latín *cāsa* (ou, máis exactamente, un seu diminutivo, *casŭla* ‘casiña, cabana’) deixounos en galego derivados interesantes de comentar.

Casula, na nosa lingua, é unha palabra polisémica, é dicir que ten varios significados diferentes. É a denominación da *casiña*, da celiña do cortizo na que as abellas depositan o mel. É tamén o envoltorio (*casiña* ao cabo) das sementes de certas plantas como as fabas, os chícharos ou ervillas, as xudías; e por extensión tamén se lles chama casulas en certas zonas ao froito todo. Tamén é o envoltorio da mazaroca do millo, que se *escasula* ou *esfolla*. *Casula* é tamén a denominación dunha peza de coiro que recubre a o extremo da pértega do mallo e serve de articulación dos dous paus. Aínda *casula* é a denominación do envoltorio filamentoso que fabrican as larvas dalgúns insectos e, por extensión, as mesmas larvas. Nalgunhas destas denominacións podemos atopar a variante masculina: *casulo*.

Finalmente, a casula é tamén unha peza do vestiario do sacerdote católico. Orixinalmente era unha especie de capa con capucha, e visualmente evocaba unha especie de cabana, de aí a denominación metafórica latina de *casŭla*. Trátase da mesma evocación visual das antigas corozas ou capas de palla, que lembraban un palleiro ou meda.

Tamén é polisémica a palabra *vaiña*, que tradicionalmente se escribía con *b* como mantén o portugués. Por unha banda denomina as casulas, os envoltorios das plantas das que acabamos de falar. Por outra, en costura, é a basta, dobra ou o bordo que se fai nun pano, tecido ou prenda de roupa para que non se esfiañe (e mesmo o reborde que se fai nas empanadas para que o amoadado ou a zaragallada non caia). E tamén a *vaiña* é a funda, o estoxo onde se meten certas armas como as espadas e puñais e mais algunhas ferramentas. Ese era o significado da palabra latina *vāgīna*, da que estoutra procede. Naturalmente, ten a mesma orixe *vaxina*, conduto do aparato xenital feminino. Pero é un termo culto, aparecido no século XIX.

Sinalaremos que o galego-portugués, no caso de *vaiña/bainha* e noutro similar como *raiña*, conserva a acentuación do latín, en tanto que outras linguas romances desprazaron o acento (español *vaina/reina*, francés *gaine/reine*, catalán *beina/reina*).

Por certo que unha planta tropical americana que proporciona unha substancia aromatizante moi utilizada en pastelería recibiu o nome español de *vainilla*, pola súa forma. E a palabra adoptouse (e adaptouse) en moitas linguas.

Lembraremos, para rematar, unha fermosa expresión idiomática galega, *avaiñar as palabras*, coidar ben a expresión e a linguaxe, controlar moi ben o que se di. É como se a coseramos facendo unha vaiña, para que non se nos esfiañe, para que non se derrame. Como se quixeramos prendela ben co fío da lingua.

VARAS

Falamos hai tempo da palabra latina *bācūlus* ‘vara, bastón’ que nos deixou en galego *báculo*, *bacelo* e *bacilo*. Volvemos hoxe a ela para dicirmos que a partir do seu derivado italiano *bācchio* se creou despois un diminutivo feminino, *bacchèta*, que denominou unha variña, xeralmente de pau. Usos especiais son os da variña que utiliza o director dunha orquestra, a que serve para bater en certos instrumentos de percusión, a que se lles atribúe aos magos e fadas para os seus encantamentos, ou a que se utilizaba antigamente para calcar a pólvora despois de introducila polo cano dos fusís. Velaí, pois, a orixe da nosa expresión *tratar á baqueta* ou *a baquetazos*, é dicir, tratar a paus, de malas maneiras. De aí tamén *estar moi baqueteado*, maltratado ou curtido por circunstancias desfavorables.

A palabra italiana tamén pasou ao francés, onde adoptou a forma de *baguette*. E amais de conservar os significados devanditos, nesta lingua utilizouse para denominar unha vara ou barra de pan estreitiña, de 250 gramos. Tipo de barra que, co nome francés, se fabrica tamén agora noutros moitos países. É un caso semellante ao do *croissant*. A palabra francesa *croissant* denomina o cuarto crecente da lúa; de aí a denominación do bolo, pola súa forma.

Mais volvendo ás varas e ás barras, diremos que ao parecer primeiro foi a vara e despois a barra. Falamos das palabras, claro está.

Do adxectivo latino *vārus*, ‘oposto, contrario, colocado cara a fóra’, naceu o substantivo *vāra* ‘travesa de madeira’ que primitivamente tiña o sentido de ‘pau que separa’ e despois, onde nós, calquera pau estreito e longo. Mais tarde, no latín serodio, aparece a palabra *barra*, que semella relacionada con outras das linguas célticas que teñen o sentido de ‘extremidade, cabo, remate’. Idea moi próxima, logo, á de separación que tiña *vara*. O certo é que o *barra* do latín serodio ten o mesmo sentido que *vara*: travesa de madeira.

Dese significado de ‘peza delgada e longa de madeira’ proceden os distintos sentidos que ten hoxe en galego e noutras linguas a palabra *barra*.

Imos só reparar nun moi específico, o da barra dun establecemento público de bebidas, como unha cafetería ou un... bar.

Efectivamente, *bar*, palabra inglesa, procede de *barra*, a palabra latina da que estamos a falar. Era a barra que servía para separar o espazo reservado para uso do establecemento daquel outro onde se encontraban os clientes, a *barreira*.

Por unha desas ironías da vida das que xa temos dado outros exemplos, o francés medieval introduciu no inglés a palabra *barre* e o inglés devolveulla (ao francés e aos outros idiomas) transformada en *bar*.

CHAPAPOTE

Retomamos hoxe excepcionalmente -para explicar a orixe de dúas palabras- *O fío da lingua*, convertido por mor dunha negra actualidade en *O fío da negrura*.

A palabra *chapapote* úsase dende hai décadas en Galiza -en galego e en español- como sinónimo de ‘asfalto, alcatrán’. Para a nosa sorpresa, moitos galegos nos temos atopado con que fóra de Galiza non se coñecía este termo que nós empregamos a cotío. Agora está de triste actualidade e chegou a todos os recunchos de España.

A palabra é orixinaria de Centroamérica e probablemente a súa popularización no noso país se debeu á influencia dos emigrantes galegos ao novo continente.

Parece que *chapapote* é unha variante de *chapopote*, termo mexicano procedente da palabra *chapopotli*, da lingua náhuatl ou azteca. Con todo, hai discrepancias á hora de explicar o termo: dende quen o cre formado sobre dúas palabras náhuatl (*tzauctli* ‘pegamento’ e mais *popotchli* ‘perfume’) aos que o fan remontar á lingua maia (*chak* ‘mascar’, *pak* ‘entregar’ e mais *pok* ‘limpar’)

Non coñecía eu esta explicación que o relaciona con *mascar* cando pensei que se cadra tiña que ver co nome dunha planta, ou mellor dunha familia de plantas: as sapotáceas. Son plantas tropicais xeralmente arbóreas, de froitos comestibles, que desprenden un látex ou goma. Algunhas teñen madeira cernella e moi empregada na construción; adoita ser branca aínda que a do *sapote negro* é -naturalmente- negra. Claro que esta especie non se trata realmente dunha sapotácea senón dunha ebanácea, un tipo de ébano.

Do *sapote chico*, árbore orixinaria das Antillas, extráese o famoso *chicle*. E tanto a palabra *sapote* (ou *zapote*) como a palabra *chicle* proceden tamén da lingua náhuatl, na que son respectivamente *tzapotl* e mais *tzictli*.

Poderíase supor que o nome da planta do chicle, pronunciado aproximadamente *chapote*, se lle dera por extensión a esa pasta alcatranosa que serve para asfaltar camiños e estradas.

En todo caso, o que nos interesa é subliñar aquí a aclimatación da palabra no noso país. Sería erróneo tratar de proscribila por allea. Maiormente, argumentando que o termo galego é *piche*.

Porque *piche* é tamén aclimatación dun termo estranxeiro, esta vez inglés. Trátase da palabra *pitch* ‘pez, breia’ (ou ‘breu’). Esta é unha denominación moi asentada en Galiza, particularmente na zona sur, e tamén se documenta en portugués xa dende finais do século XVIII.

Daquela, tan lexítimo é empregar *piche* como *chapapote*. Con todo, debemos sinalar que a aclimatación da primeira palabra foi tan boa que deu lugar en galego a novos termos. É o caso do verbo *empichar*, ‘asfaltar’.

SAÚDO

Comezamos esta nova xeira de *O fio da lingua* cun saúdo aos lectores e lectoras de *A Nosa Terra*. Saudámoslos, é dicir, desexámoslles *saúde*.

Os saúdos, dirixidos de maneira xeral ou individualizados a unha persoa ou grupo, transmiten unha mensaxe de bos desexos, unha expresión de interese, unha idea de simpatía ou unha relación de dependencia cara a quen se dirixe. Estes son os contidos que manifestamos cando saudamos ao atopar ou ao despedirnos de alguén.

Tamén algunhas fórmulas de saúdo son (ou eran orixinalmente) unha simple interxección de sorpresa. Enténdese que sorpresa agradable ao toparnos a esa persoa. Este é o caso do saúdo *Hola!* (que tende a escribirse *Ola!* seguindo a grafía portuguesa). Non se trata dun mecanismo exclusivamente utilizado na área ibérica, pois na área anglosaxona existe baixo a forma de *Hello!*

Mais o que predomina é a expresión dos bos desexos: un bo momento (*Bo día! Boa tarde! Boa noite!*) ou unha boa situación en xeral (*Saudiña! Que che vaia ben!*). Neste sentido temos ouvido algunha vez a despedida *Que che medre!* naturalmente referida ao benestar da persoa á que vai dirixida. Por veces o bo desexo concrétese na protección divina explícita (*Vai con Deus!, Adeus!*) ou en bos agoiros como en *Abur!* (que procede do latín *augurium* a través do vasco *agur*)

Outras veces o saúdo faise manifestando o noso interese pola outra persoa preguntando por ela (*Como che vai? Que tal? Como está?*) ou, na despedida, a nosa seguridade en volver a verse, como síntoma de boa relación (*A máis ver! Ata logo! Ata despois!*). Xa temos sinalado que a despedida galega *A máis ver!* é a que se corresponde co francés *Au revoir!* e co italiano *A rivederci!*.

E xa que estamos co italiano, falaremos tamén doutra despedida orixinal deste idioma que cada vez se fai máis universal. Trátase de *Ciao!* Pois ben *ciao!* vén sendo *escravo* nunha forma veneciana. Ao saudar así, un declárase escravo da outra persoa, ao seu servizo, ás súas ordes. Este mecanismo tamén é ben coñecido: declarámonos, sobre todo nas despedidas (particularmente nas escritas) *o seu seguro servidor*, e expresámoslle que estamos baixo o seu mandato para o que queira (*A mandar!*) O favor que se fai coa relación provoca que o que o recibe sinta a obriga de corresponder. O agradecemento é sintomaticamente expresado polos portugueses cun *Obrigado!*

É característico de galegos e portugueses utilizarmos dun xeito garimoso moitas fórmulas de saúdo, despedida e agradecemento para facelas máis íntimas (*Saudiña! Aburiño! Graciñas! Ata loguiño! Obrigadinho!*). O portugués chega mesmo a adaptar o referido *Ciao!* en *Ciaozinho!*

Despedirémonos cunha fermosa frase galega xa coñecida: *Saudiña e que cante o merlo!* é dicir, que a saúde veña, para todos, acompañada do alegre canto deste paxaro anunciador da primavera. Que para todos veñan bos tempos!

COIOS

Con ocasión da maré negra do Prestige moitos galegos escoitamos por primeira vez unha palabra que non coñeciamos: *coído*. Enchéronse de piche algúns coídos da nosa beiramar. E a palabra foi mesmo empregada en español por un xornal galego ao dar a noticia malia non existir *coído* naquela lingua.

Naturalmente os coídos son conxuntos de *coios*, pedras procedentes de anacos de rocha desprendidos pola erosión e arredondados polo traballo do mar, que abundan na costa e chegan a cubrir praias e enseadas.

É sabido que o sufixo *-ido/-edo* (co feminino *-eda*) abunda en galego e indica conxunto, normalmente de vexetais ou minerais. Como é lóxico, moitas veces, o substantivo atópase en topónimos e apelidos. Temos así, por exemplo, *cunchido*, *bugallido*, *figueirido/figueiredo*, *lourido/louredo/loureda*, *xestido*, *xestedo/xesteda*, *carballedo/carballeda*, *laxedo/laxeda*, *reboredo/reboreda*, *piornedo*, *seixedo*, etc.

A palabra *coio* pode presentar unha variante, *croio*, e calquera das dúas formas deu lugar a distintos derivados.

Seguindo na idea de conxunto de coios, á beira de *coído* podemos ter *coieira*, e tamén *coiñal* e *coiñado* (derivados de *coiño*, o diminutivo). E mais *croeira* ou *croieira*, derivados de *croio*.

Os coios serviron sempre a rapaces e raparigas para xogar, e así hai varios xogos que teñen esa palabra como denominación: a *coiña* e os *coiños*, xogo tamén denominado os *pelouros*.

Como vemos en *coiña* tamén podemos empregar o feminino (*coia*, *croia*) nun procedemento moi usual no léxico galego.

Esa idea de cousa dura é a que explica que esta palabra, con distintas variantes como, *caroia*, *coia*, *croia*, *groia*, *goio*, etc., se empregue tamén co significado de ‘carabuña da froita’ ou de ‘gran da uva’. Noutro eido, enténdese doadamente que *groio* sexa unha denominación de ‘quiste, tumor duro nun músculo’.

Pero só os coios traballados pola auga do mar ou dos ríos adoitan ser arredondados, lisos e feitiños. En xeral o coio, o croio, é irregular e mal feito, tosco. De aí que empreguemos tamén a palabra para denominarmos unha persoa -home ou muller- de aspecto desagradable, xa sexa polo seu físico, polo seu xeito de vestir ou polos seus modos ou carácter.

Das dúas variantes, *coio* e *croio*, é a segunda a máis fiel á orixe etimolóxica pois a palabra procede do céltico *crodios* ‘duro, cernello’.

Quen pensara que ao facemos en galego a comparanza *é duro coma un croio* estabamos reafirmando as raíces celtas!

MUSAS

Na actualidade tendemos a facer unha separación demasiado ríxida entre as artes, contra do que moitos artistas loitan desenvolvendo unha actividade pluridisciplinar. Pero non sempre foi tan estrita esta separación, e aínda temos moitas veces ocasión de ver como a creación mobiliza diferentes artes nun único xénero. Isto é maiormente perceptible no eido das artes escénicas e musicais, onde hai xéneros que resultan da fusión da música, o canto, a representación e a danza.

Cal será, por exemplo, a musa da Ópera?

Porque a clasificación das Musas mostra ben aquela visión pechada: Clío é a musa da Historia, Calíope a da Elocuencia, Melpómene a da Traxedia, Talía a da Comedia, Euterpe a da Música, Terpsícore a da Danza, Erato a da Poesía Amatoria, Polimnia a da Poesía Lírica e Urania a da Astronomía. Naturalmente que esta caracterización procede de antigo, de Hesíodo -cando aínda non existía a Ópera- e sorprende, tanto polas disciplinas que exclúe como por algunhas que inclúe. Hoxe tampouco non separaríamos tan radicalmente algúns xéneros do que consideramos unha mesma arte, e na clasificación entrarían moitas outras. Aínda que se cadra precisaríamos musas de máis.

O caso é que, antes desta clasificación de Hesíodo, as antigas mitoloxías gregas non delimitaban tan concretamente o número de musas nin a súa especialidade. Eran divindades menores que cantaban, danzaban e alegraban coas súas manifestacións artísticas a vida do Olimpo, o monte sagrado onde moraban os deuses.

Pero a esencia mesma das Musas era a *música*, palabra que procede delas como vemos doadamente. Sen dúbida o seren primitivamente deidades das augas levou a lles atribuír a harmonía do son da auga que corre ou que cae: a musicalidade, o propio das musas.

‘Das musas’ é o que significa literalmente a palabra *museo*, e empregouse para caracterizar un lugar consagrado a elas (como un montiño de Atenas), un seu templo (como o que Pausanias di que estaba ornado con fermosas obras de arte) ou o recinto do palacio de Tolomeo 1º en Alexandría -non lonxe da célebre biblioteca- onde el reunira aos máis célebres sabios para formar un centro de cultura, polo que tamén era un lugar “das musas”. O concepto actual de *museo* é moi recente, pois data do século XVIII.

Artistas de Alexandría foron os que introduciron en Roma a técnica do mosaico, técnica que serviu para decorar as grutas artificiais dos xardíns romanos. Pois ben, tamén a palabra *mosaico* -que se difundiu no resto das linguas a partir do italiano- ten relación coas Musas: *opus musaicum* vén sendo ‘obra das musas’.

Que non falte a súa inspiración!

EMBAZAR

Como a maioría dos galegos, eu utilicei sempre o verbo *embazar/embazarse*. Mesmo en castelán, pensando que era correcto aquilo de "están embazados los cristales". Aprendín despois que en español cómpre dicir *empañar/empañarse*. En galego o verbo *empanar/empanarse* non ten -mal que lle pese a algún dicionario- ese significado: *empánanse* (rebozados *en pan*, naturalmente) os filetes, por exemplo, ou diversos ingredientes entre masa de pan para facer unha *empanada*. Tamén se *empana* (ou, mellor aínda, se *empanica*) aquilo que se envolve *en pano*. Pero os cristais *embázanse*. E a partir desa idea veñen outros usos figurados: "*embazouselle a vista*", "*ese feito non embaza a súa conduta*" etc.

Confeso que nos últimos anos véñome sentindo dicir *embafar*. "Están embafados os cristais", digo ás veces no coche. É lóxico, asócioo con *bafo*. Pero: trátase dunha "etimoloxía popular", dun cruce indebido con outra palabra, ou é unha corrección motivada? A asociación parece bastante fundamentada: é o bafo, do alento ou do vapor, o que *embaza*.

É ben rica en galego a familia léxica de *bafo*: *bafar, bafarada, bafaxe, bafento, bafexar, bafío, bafuar, bafiúa, bafuallada, abafar, abafante, abafallo, desabafar...* E toda ela parte da idea de *bafo*, de alento, de vapor, de aire quente, e procede dunha onomatopea, a do son *baf / bof / buf*, que atopamos noutras palabras como *bofe, bufar* ou *bufido*. A partir daquela idea inicial, moitas destas palabras foron desenvolvendo outros significados.

Paréceme, daquela, moi probable que ese *embazar* sexa o resultado dun cruce entre un primitivo *embafar* con outro *embazar* (que tamén existe con outros significados) ou con *bazo* (adxectivo que significa 'escuro' e mais substantivo que denomina un órgano interno do corpo). Isto explicaría o galego *embazar* e o portugués *embaçar/embaciar*. Anotaremos, en calquera caso e sen entrar no asunto, que sobre a orixe da palabra *bazo/baço* hai varias hipóteses.

As palabras ás veces transfórmanse, como xa temos visto adoito, e a corrección posterior, se é que non se debe a unha masiva tendencia dos falantes a reconducir as cousas, só debe ser valorada polas autoridades lingüísticas se hai razóns de peso.

Porque non sempre é conveniente reintroducir modificacións que, por moi fundadas que estean, sempre complican os hábitos das persoas que falan e escriben unha lingua. Por poñermos un exemplo: *vaho* e familia levan en español unha grafía incorrecta, xa que a etimolóxica, utilizada antigamente, era *baho* pero a Academia Española, no século XVIII, relacionou erradamente a orixe da palabra con *vapor* e impuxo o *v*. E así quedou sen que ninguén reclame modificala.

FALSOS LATÍNS

O latín tivo entre nós ata hai poucas décadas unha presenza constante por ser a lingua vehicular do cerimonial relixioso. Cantos, fórmulas e réplicas repetíanse ritualmente, sen saber xeralmente o seu significado e moitas veces deformando o texto orixinal.

Por esa razón téñennos chegado en ocasións palabras dun latín deturpado que seguimos a utilizar así. É o caso de *panxoliña*, a denominación que nós lles damos en galego aos cantos tradicionais do Nadal. Pois ben, *panxoliña* provén de *Pange, lingua* ("Compón, oh lingua!"), o comezo dun canto da liturxia católica.

Na nosa literatura popular hai exemplos da utilización paródica dun falso latín como nunha célebre epístola carnavalesca, a *Epístola do lobo*. A ela pertence este anaco que evoca fórmulas rituais: *Naquel monte de fraguín fragatis / vin estar un cabrín cabratis / asomado a un penedín penedatis. / Pasou por alí un lobín lobatis / e díxolle - "Báixate, cabrín cabratis". / "Eu non me baixo baixaratis / porque me comerín comeratis". / "Eu non te comerín comeratis, / que fixen xuramento xuramentatis / de non comer carne nin carnatis / dende o mes de xulio ao de xuliatis".*

Ben sabemos que se di dunha persoa, expresivamente e en ton festivo, que é un (ou unha) *tolitatis* ou *tolitates*. Cremos que é outra mostra dese latín humorístico e que tamén pesa na palabra outro presunto latinismo, *orate* 'demente', substantivo utilizado moi frecuentemente en plural, como en *casa dos orates*. Realmente, este *orate* non é latín (pois procede do catalán) pero popularmente puido ser percibido como latinismo ao se confundir co *orate* da fórmula *orate, fratres* ("*Orates fratres / con rapaces non me trates*" conclúe un conto tradicional moi coñecido).

Unha secuela deste latín paródico podería ser tamén *niquitatis* ou *niquitates*. Nós cremos que -influído polo modelo de *tolitatis/tolitates*- se trata dun derivado do adverbio latino *nīhīl* 'nada', adverbio que no latín serodio aparece como *nichil* (pronunciado *niquil*, de onde procede *aniquilar*). Distintos filólogos derivan *niquitate/niquitates* de *iniquitate*, palabra que se repite nun salmo de defuntos, mais coidamos que a prol da nosa interpretación están a forma popular portuguesa *nicles*, derivada daquel adverbio, e mais outra galega, do barallete -a linguaxe gremial dos añañados- que aparentemente tamén deriva del: *niquis*. Os dous adverbios significan 'nada'. E un *niquitates* é unha persoa que non é nada, que non vale nada, un ninguén, alguén ruín, de moi pouca entidade.

E rematamos con outra epístola, pero desta vez auténtica: a que o apóstolo Paulo lles escribiu aos habitantes de Éfeso. Pois ben, da *Epístola ad Ephesios* naceu a palabra *adefesio*, que hoxe denomina unha persoa ou cousa extremadamente fea, extravagante e disparatada. Nun comezo a palabra (ou mellor, a expresión) significou 'en van, infrutuosamente' e despois 'fóra de propósito, disparatadamente'.

Esperemos que esta nosa nota non resulte un adefesio.

CACARACÁ!

Nun sentido restritivo, cando falamos de interxeccións pensamos só nesas palabras cortiñas, xeralmente monosílabas, que son case sempre gritos proferidos espontaneamente polas persoas como reacción emocional (*Ai! Boh!*) ou como acompañamento dunha acción (*Opa! Dálle!*) ao nos dirixirmos a outras persoas ou a animais (*Xo! Churras!*). Pero nun sentido amplo entendemos tamén por interxección as exclamacións, coas onomatopeas que reproducen un son (*Bumba! Plaf!*), os substantivos e adxectivos acompañados ou non de determinantes e epítetos (*Coidado!, Meu pobriño!*), adverbios e locucións adverbiais (*Adiante! Amodo!*), verbos (*Oíches! Veña!*) e mesmo frases enteiras (*Manda truco! Estache boa a navalla!*)

Cada lingua ten as súas interxeccións e exclamacións características, e mesmo aquelas que reproducen sons, as onomatopeas, presentan variacións que van alén das grafías e sistemas fonolóxicos de cada unha para algo que en principio debería ser reproducido de xeito idéntico.

Por exemplo: cantan os galos de xeito distinto nos distintos países? Diríase que si se comparamos o *cock-a-doodle-doo* do inglés co *kraai* do afrikaan, o *kykliky* do dinamarqués, o *gu-gú* do chino ou o *cocorico* do francés. En galego, o tradicional é *cacaracá!* pero tamén existe *quiquiriquí!* (foneticamente igual ou moi próximo ao español, catalán, italiano, alemán e outras linguas) porque, dentro da mesma lingua podemos ter unha certa variedade de interpretación: o portugués, por exemplo, ten *cocorocó* e *quiquiriquí*.

E mais tamén non sempre o son dunha acción é exactamente igual en todas as ocasións. Probemos a anotar como espirran as persoas. Ou incluso a mesma persoa. Pareceranos que unhas veces fai *Achís!*, outras *Chiss!*, outras *Achá!*, outras *Achumba!*, etc. Este é un terreo moi dado á creatividade e mais o humor. Lembro unha amiga velliña, xa hai tempo desaparecida, que cando o can da casa a recibía co seu *Bou! Bou! Bou!* dicía sempre entre bondadosa e retranqueira: *Irás, ho! Irás!*

As onomatopeas son en todas as linguas fonte de creación de palabras. Pensem en nomes de animais (o *pimpín*, o *paspallás*), en verbos e substantivos que denominan os sons destes (*miañar*, *cacarexo*) ou doutra orixe (*borboriñar*, *tecoleteo*, *trebón*).

O paraíso da interxección é a historieta gráfica. As viñetas de cómic ou banda deseñada son un auténtico pracer nese eido. Letras, formas e cores constitúen unha auténtica eclosión de expresividade que nos fai verdadeiramente sentir o que pretenden.

A interxección é un dos elementos máis dinámicos da linguaxe. Está en constante renovación. (*Glups!*). E, maiormente nesta época de desaparición de fronteiras nas comunicacións, as interxeccións transmítense rapidamente dunhas linguas e culturas a outras. Hai vinte ou trinta anos ninguén pensaría que unha persoa, para expresar alegría e admiración, había dicir *Guau!*

COCO

Unha chea de palabras galegas (e algunhas outras doutras linguas) articuladas arredor de *coco*, *coca* e as súas variantes teñen orixe onomatopeica. Basicamente proceden de dúas onomatopeas, a do ruído dunha *casca* ao *escachar* (velaí tamén dúas palabras de orixe onomatopeica) e a do son que emiten o galo e a galiña. Ás veces, conflúen as dúas motivacións nunha mesma palabra

De novo topamos neste caso a variación de xénero tan abundante en galego (*agro/agra*, *saqueto/saqueta*, *boto/bota*, etc.) que en xeral marca diferenzas de tamaño.

Coco e *coca* son palabras que remiten a elementos máis ou menos redondos (ovos, froitos, bagas e excrecencias de árbores, grans de cereais, vinchas...) e bechocos ou animais que proceden de ovos, como vermes, insectos e serpes.

Por unha metáfora moi común en todas as linguas, a cabeza recibe como denominación familiar e festiva o nome dun obxecto redondo (como *bóla*) que é xeralmente un froito (*melón*, *cabazo*, etc). Enténdese así que *coca* sexa en galego unha destas denominacións. E mais *coco*.

Xa dixemos nunha ocasión que *coco* (o nome do froito do coqueiro) é unha palabra de orixe galego-portuguesa que pasou a moitas linguas. Efectivamente, foron os navegantes portugueses do século XVI os que denominaron así este froito exótico porque o seu aspecto era o dunha cabeza peluda, como a que se podía supoñer do ser imaxinario con que se asustaba aos meniños: o *coco*. Nós, en galego, preferimos o aumentativo, o *cocón* (que, por extensión, tamén empregamos para denominar unha persoa moi pouco sociable) en canto que o portugués preferiu o feminino: a *coca*.

Esta figura que mete medo atopámola tamén na Coca, serpe monstruosa que desfilaba en certas procesións dalgúns cidades galegas como Ourense, Pontevedra e Santiago, e que actualmente só se conserva en Redondela.

Naturalmente, as cocas das que viñemos falando non teñen nada que ver con outra *coca*, a cocaína ou a planta que a produce, xa que a orixe desta palabra está nunha lingua americana, o quechua. Pero o que si ten que ver cos *cocos*, minúsculos ovos de vermes e bechiños, é o cultismo *coco* de orixe grega ('gran') que empregamos ao falar dos estafilococos, estreptococos ou pneumococos.

E falando de ovos e aves: do francés *coq* 'galo' (lembrems a onomatopea *cocorico*!) procede a palabra *coqueta*. Curiosamente, e malia a tópica atribución da coquetería como unha característica feminina, orixinalmente foron os homes os que presentaban este comportamento, segundo a orixe da palabra. *Coquet*, é dicir "galiño", comezouse a chamar ao home que se pavoneaba, fachendeando coma un galo no medio das pitas. E despois formouse o feminino.

IANQUIS

Non está moi clara a orixe desta denominación que se lles dá –ás veces algo despectivamente- aos habitantes dos Estados Unidos de América. Como en casos similares, algúns dos que a reciben propoñen unha explicación glorificante e os seus críticos (ou simplemente enredantes) unha explicación abaixante. Neste caso teríamos unha imaxinaria tribo de Massachussets, os *yankos* ou *invencibles*, fronte a unha palabra cheroque, *eankee* é dicir *escravo*, *covarde*. A hipótese máis aceptada, con todo, é que a palabra procede do holandés *Janke*, diminutivo de *Jan*, Xoán, denominación familiar que os holandeses comezaron a darlles no século XVII aos habitantes de Nova Amsterdam, hoxe Nova Iorque. Os xans, uns xanciños.

Se tivéssemos que escoller os símbolos dese país orixinalmente formado polo aluvión de inmigrantes e a eliminación da poboación autóctona, os USA, probablemente o 90% (polo menos) dos terrícolas coincidiríamos en tres palabras: *coca-cola*, *rock and roll* e *Hollywood*,

A coca-cola, bebida de misteriosa fórmula, é un refresco a base de *cola*, como a súa rival, a pepsi. E a cola é unha árbore da África Occidental da que se extrae a substancia tamén denominada así. A palabra procede dunha lingua africana, mais o que moitos non saben é que foi o portugués Duarte Lopes quen no século XVI espallou o nome.

O rock-and-roll, como baile, non precisa ser explicado. Movemento, viravoltas, deslizamento. Sinxelamente, dicir que a denominación desta música e danza saída do rhythm and blues significa “Abaneádevos e roladel!”. Ben expresivo.

E a “fábrica de soños” -e de sonos- Hollywood (que en galego ven sendo ‘bosque de acevos ou acivros’ é dicir *acevedo*, *acibeiro*, *cebreiro*, *cebral* ou calquera outra das variantes que temos no país) coa súa industria e os seus premios anuais, os Óscar. E a anécdota do motivo polo que seica se chaman así é ben norteamericana. Os primeiros anos, os premios da Academia das Ciencias e das Artes Cinematográficas e as famosas estatuíñas non tiñan un nome específico pero algún tempo despois, a bibliotecaria da Academia, Margaret Herrick, ao velas por primeira vez dixo algo así como: “Oíches, é cuspidiño ao meu tío Óscar!” E quedoulle o de Óscar. Como din os italianos *se non è vero è ben trovato*.

Por certo que Walt Disney, un multipremiado de óscars, non chegou a acadalo con *Bambi*, que estivo seleccionado nalgunha categoría. *Bambi*, que leva un nome especialmente buscado para agradar aos italoamericanos: *bambino*.

E xa que todo está *oquei* despedirémonos coa orixe desta expresión despois do paseo polas rúas, as *street*, da mitoloxía estadounidense (Por certo, repararían xa en que o inglés *street* e o galego *estrada* proceden ambos os dous do latín *strata*, non si?). Pois ben, *okay* procede dunha alteración de *all correct* ou como din os portugueses *tudo bem*, equivalente do británico *all right*. A grafía fonetizante *oll korrekt* e as súas siglas O.K. parece que xa existiron dende comezos do século XIX.

E nós pensando que o k superabundante nas pintadas, graffiti, cómics e mais sms era cousa moderna, da mocidade de agora!

ROTA

O verbo latino *rūmpĕre* deixou en galego numerosos descendentes: en primeiro lugar o verbo *romper* e as palabras derivadas deste que conservan a raíz (*rompedura*, *rompedeira*, *rompedor*, *rompente*, etc). Entre elas está o participio regular *rompido/rompida* que existe á beira do irregular *roto/rota* procedente do participio latino (*rūptus/rūpta*). Os verbos compostos que derivan tamén do latín *rūmpĕre* fan en galego -loxicamente- como *romper* (*corromper*, *interromper*, *irromper* ou *prorromper*) aínda que non sempre se mantén a posibilidade do dobre participio: temos así *corrompido/corrupto*, *interrompido/interrupto*, pero só *irrompido* e *prorrompido*. O cultismo mantense en moitas palabras derivadas destes verbos ou de orixe común como *ruptura*, *corrupción*, *interrupción*, *interruptor*, *irrupción*, *erupción*, *abrupto*, etc.).

Xa comentamos que as linguas crean moitas veces palabras novas modificando lixeiramente outras preexistentes da mesma familia. Vimos así que a partir de *captus* (participio latino do verbo *capĕre* 'coller') e do substantivo *captūra* creouse o verbo *capturar*. Do mesmo xeito a partir de *roto* e de *rotura* creouse *roturar* 'romper, sachar, abrir a terra improdutiva para facela de cultivo".

Pero o noso idioma preferiu outros dous verbos da mesma orixe para denominar esa acción: *rotear/arrotear* e *rozar* (de *rūptiare*), cos correspondentes substantivos *rotea/arrotea* e mais *roza* ou *rozada*. Como o terreo a monte precisa para cavalo que antes se corten as silvas, o toxo e o mato, *rozar* foise especializando neste sentido -o máis usual no agro- pasando despois a caracterizar o tipo de corte moi a rentes do chan que fan os animais ao comeren a herba, e de aí 'roer'. Ao final do proceso, o verbo *rozar* chegou a significar tamén 'fregar, tocar algo moi superficialmente, moi suavemente'. Este último significado ten un uso metafórico, referido ao trato, ao *roce* social, cando dicimos dalgunhas persoas que *se rozan* ou non *se rozan* moito.

Unha *roza* é tamén unha pequena canle que se abre nunha parede, no teito ou no chan para pasar, por exemplo, fío eléctrico ou tubería.

Igualmente houbo que abrir a terra para facer camiños, *rotas*, que son vías abertas na terra que se rompe (en latín *vīa rūpta*), aínda que despois se empregase a palabra tamén para o camiño marítimo.

Ruta (e derivados) son, en galego e mais en español, un galicismo (adaptación de *route*) como podemos constatar ao compararmos con *derrota* 'rumbo dunha embarcación' ou o español *derroteros*. En troques, a palabra homónima *derrota* co significado de 'desfeita, revés militar' si que é préstamo, e tamén do francés pois procede de *dé-route*. Vén sendo cando a tropa, vencida, marcha, espallándose fóra do camiño, e inicia a desbandada.

Cando se repite sempre o mesmo, a monotonía da mesma rota, provoca a *rotina*. O que non acontece se un le *A torre da derrota*, un creativo libro de Gonzalo Navaza no que os versos, coma o título, son palíndromos; é dicir que o camiño da lectura pode facerse de diante para atrás ou de atrás para diante, porque a frase é a mesma.

SEMANA

Sete días. O número descobrese máis doadamente nunhas linguas románicas (italiano *settimana*, catalán *setmana*) ca noutras (galego-portugués e español *semana*, francés *semaine*) mais a orixe é común: o latín *sēptimāna*.

Os romanos puxéronlles aos días nomes dos planetas : *Sōlis diēs*, *Lūnae diēs*, *Martīs diēs*, *Mērcūrī diēs*, *Iōvis diēs*, *Vēnērīs diēs*, *Satūrni diēs*. Vemos que o nome dalgún planeta coincide co do deus ou deusa romana que lle foi imposto.

Nas linguas románicas conserváronse os derivados desas denominacións. Con algunha variación. O derradeiro día da semana perdeu o “padreado” de Saturno para pasar a celebrarse o descanso xudeu, o *sabbath*. E posteriormente, co triunfo do cristianismo, situouse como derradeiro día o que antes estaba consagrado ao sol e que foi dende entón consagrado ao Señor, a Deus. Foi o do descanso e da oración dominical.

Con variantes, as linguas derivadas do latín conservan ese sistema. Algunhas eliminaron da denominación a palabra “día” (como en galego e español *luns/lunes*, *martes*, etc) e outras conservárona integrándoa no final da palabra (francés e italiano *lundi/lunedì*, *mardi/martedì*, etc.) ou ao comezo (catalán *dilluns*, *dimarts*, etc.).

Outras linguas manteñen vivo o eco do antigo culto no que corresponde ao noso sábado e domingo. Para eles son aínda días de Saturno e do Sol (*Saturday* e *Sunday* en inglés, *Sontag* en alemán).

Non vían con agrado estas alusións pagáns as autoridades relixiosas cristiáns e intentaron substituír o sistema. Só o portugués o adoptou (*Segunda feira*, *terça feira*, *quarta feira*, etc.). Naturalmente, a *feira* por excelencia, a primeira, sería o domingo, *día santo*, día *feriado*, no que non se traballaba, para render o culto ao Señor. E, inicialmente, no mundo rural era o día no que tiña lugar a feira.

En galego sobreviviron illadamente restos deste segundo sistema: *tercia feira*, *cuarta feira* ou *cortafeira* mais triunfou esmagadoramente o sistema *astral*.

Quixeramos lembrar brevemente algunhas palabras derivadas dos nomes dos astros e deuses *semanais*.

Da *Lúa* temos o *luar*, a súa luz, e a influencia negativa que se lle atribúe sobre algunhas mentes (dementes) as dos *aluados* ou *lunáticos*, o seu debuxo de pequena lúa negra na pel, o *lunar*, ou o reflexo de pequenas lúas no cristal, que orixinou a palabra *luneta*. *Marte*, deus da guerra, está na orixe do adxectivo *marcial*, ‘guerreiro’. *Mercurio* denominou ao metal líquido que se extrae do cinabrio. *Iovis*, xenitivo de *Iupiter*, orixinou *xovial*, pois o carácter ledó atribuíaselle á benéfica influencia do pai dos deuses. Diametralmente oposta á de Saturno, que orixinou o adxectivo *soturno*, é dicir ‘de carácter triste e sombrío’. A *Venus*, deusa do amor, atribúenselle desexos e doenzas *venéreos*. Sen esquecermos a cuncha *vieira*, a cuncha na que naceu Venus. Relacionado co sábado está o *sabbat*, que denomina o xuntoiro das meigas co demo en forma de castrón. Malévola asociación medieval antixudea..

E o dominical, o propio do Señor, lévanos a *dōmūs*, á casa. Falaremos devagar.

DOMUS

Dōmūs era en latín 'casa' -velaí a Domus, a Casa do Home, na Coruña- e o *dōmīnus* era 'o que manda na casa, o señor'. Claro que non tiña por que ser o home necesariamente pois existía tamén *dōmīna* 'a que manda na casa, a señora'.

Algunhas linguas románicas conservan para a muller un derivado desa palabra latina: o italiano *donna* (dela deriva a *Madonna*, a Señora, a Virxe María), o catalán *dóna* e o galego *dona*, tratamento de respecto (*Miñas donas e meus señores...*). Tamén o francés *dame* e *demoiselle* (e *madame* e *mademoiselle*) que pasaron, adaptadas, a outras linguas; para nós *dama* e *damisela*. Do diminutivo latino de *dōmīna* procede *doncela*, igual que os devanditos *demoiselle* e *damisela*.

É coñecido o feito de que un animal nocivo no campo –e do que a mordedela era considerada popularmente como mortal- recibe en moitas linguas nomes agarimosos e tratamentos de respecto. Por iso lle chamamos en galego *doniña*, diminutivo de *dona*, e *donicela*, nome da mesma orixe. Pero a denominación *donosiña* non ten a mesma orixe pois procede de *donosa*: garridiña (que é tamén outra das súas denominacións galegas).

O señor e a señora adoitan ser os propietarios, polo que *dono* e *dona*, derivados de *dōmīnus* e *dōmīna*, conservan ese sentido. E o *dominio* e *predominio* social orixinou o tratamento de respecto *don/dona* (Don Xosé, dona María).

Pero non queremos abandonar a casa sen sinalar un par de derivados relacionados con ela: o substantivo *domicilio* e o adxectivo *doméstico*, do que derivou o verbo *domesticar* 'facer que un animal teña un comportamento que lle posibilite vivir na casa'. O mesmo significado primitivo que *domesticar* ten o verbo galego *domear* aínda que por extensión falemos de *domear* unha vara de pau ou unha barra de metal.

Naturalmente, fórmanse derivados de *dominio* e de *dominar* con prefixos: *predominar*, *predominio*, *condominio*, etc

Xa dixemos que o *domingo* é o día da semana adicado ao "Señor", o día que a relixión católica adica á misa e á oración. É o día do descanso dominical. E actualmente o dos suplementos dominicais dos xornais e dos condutores "domingueiros".

Domingo (ou mellor aínda *Domingos*, que é o tradicional) é nome de home, e *Dominga* –e mais *Dominica*- de muller. E os *dominicos* ou dominicanos son os frades da orde relixiosa fundada por Domingos de Guzmán. Tamén os Dominicanos son os naturais da illa de San Domingos, hoxe República Dominicana.

Finalizaremos con outra palabra derivada de *domus*: a denominación do xogo do *dominó*. É doado decatarse pola acentuación que o nome se espallou dende o francés (por iso *dominó* e non *dómino*) pero: como se explica a palabra? O *dominó* era unha ampla capa negra con capuchón que levaban os clérigos en inverno. Mais tarde, esta vestimenta utilizouse para disfrazarse, incorporándose ao carnaval de Venecia. E se cadra foi da metáfora por *unha capa negra que serve para ocultar* polo que denominou as fichas do xogo (unha "capa negra" esconde a cara branca onde figura a puntuación delas). E das fichas pasou á propia denominación do xogo.

MESES

Como é que os nomes dalgúns meses parecen inducirnos a erro? Setembro non é o sétimo mes senón o noveno, outubro non é o oitavo senón o décimo, e novembro e decembro tampouco non son o noveno e o décimo senón o undécimo e o duodécimo.

A explicación é que o antigo calendario romano dividía o ano en dez meses: *Martius*, *Aprīlis*, *Māius*, *Iūnius*, *Quintīlis*, *Sextīlis*, *Sēptēmbēr*, *Octōber*, *Nōvēmbēr* e *Dēcēmbēr*. Como se ve, fóra dos catro primeiros, a denominación é sinxela: quinto, sexto, sétimo, oitavo, noveno e décimo. Velaí, logo.

O primeiro mes do ano, *Martius*, estaba consagrado ao deus Marte, pai dos fundadores de Roma, Rómulo e Remo. A denominación *Aprīlis* posiblemente teña relación con Afrodita, a deusa Venus. *Māius* parece adicado á deusa Maia, nai de Hermes representada no ceo por unha das sete estrelas pléiades. Tocante a *Iunius*, podería –non é seguro– aludir á deusa Iuno.

Máis tarde, os propios romanos engadiron dous meses novos, *Iānuārius* e *Februārius*, sen modificaren o comezo do ano, que seguía a ser *Martius*. Finalmente, con Xulio César que estableceu o “calendario xuliano” estes dous meses situáronse no inicio. *Ianuarius* levaba ese nome en honor do deus Iano, que presidía o inicio, o comezo das cousas (*iānuā* significa ‘porta, portelo’ e de aí procede o galego-portugués *xanela*). E *Februarius* significa ‘das purificacións, das penitencias relixiosas’.

Como a louvanza, a pompa e a circunstancia, adoitan ir de par co imperio, dous emperadores deixaron os seus nomes no calendario: *Iūlius* e *Augūstus* substituíron a *Quintīlis* e *Sextīlis* perpetuando a Xulio César e a Octavio Augusto unha vez que morreron. Un endeusamento certo. Con todo, fagamos xustiza, deámoslle ao César o que é do César: non foi el o que fixo que séculos mais tarde outros emperadores tomaran o título de *césar*, nin que do seu nome derivasen outros títulos imperiais coma o ruso *tsar* e o xermánico *káiser*.

Os nomes dos meses en galego derivan directamente desas denominacións do calendario xuliano: Xaneiro, Febreiro, etc. Naturalmente, como é habitual en todas as linguas, téñense producido variantes: marzo/marzal, xunio/xuño, xulio/xullo, etc.

E tamén, á beira desas denominacións, a tradición popular rexistrou outras baseadas nas celebracións relixiosas. Así, Xuño tamén é coñecido como mes de San Xoán, Xullo como mes de Santiago, Agosto como de Santa María ou de Nosa Señora, Setembro como de San Miguel, Novembro como de Santos (ou de San Martiño) e Decembro como de Nadal. Outubro recibiu tamén o nome da estación do ano: outono.

Igualmente os nomes das estacións (*primavera*, *verán*, *outono*, *inverno*) proceden do latín aínda que nin a súa duración nin a súa denominación coinciden coas da época clásica (*vēr*, *aestās*, *autūmnum* e *hīems* ou *tēmpus hībērnnum*). *Ver* dividiuse logo en dúas (*prīma vēra* e *tēmpūs verānus*) co que durante algúns séculos existiron cinco estacións. A partir do século XVII volveuse ás catro, coa duración e denominación que coñecemos.

CROQUES

Abunda en galego a variación *coc-/croc-* nas palabras *coco* e *coca* que xa comentamos. Temos así *coca* e *croca* para certas bugallas de árbores, ou *coco* e *croco* para certos insectos, vermeños e bechocos pequenos .

De igual xeito a *coca* e mais a *croca* son denominacións familiares da cabeza.

Dixemos xa que a base destas palabras era onomatopeica, e se atopaba nelas a idea do ruído que facían ao cascar ou escachar algúns elementos máis ou menos redondos (como ovos, fritos, bagas e excrecencias de árbores, grans de cereais, vinchas, etc), pasando a denominar despois o propio elemento ou o becho orixinado nel.

Canto a *coca* ou *croca* como ‘cabeza’ trátase dunha metáfora moi común na liña doutras denominacións expresivas: *bóla*, *melón*, *cabazo*, *coco*, etc. De *croca* derivan *croque/cruco* (lembramos o *santo dos croques*), *crocazo*, *crocadura*, *crocar*, *encrocar* (que no Morrazo, por metátese, fai *encorcar*), etc. e mais variantes en *coc-*.

Tamén *croca* é unha denominación da castaña. E igualmente a *croca* é a parte da anca da vaca próxima ao nacemento do rabo. Zona arredondada.

É ben sabido que na ría de Vigo *croque* é a denominación do berberecho (ollo, que *berberecho* é tan galego e a orixe da palabra podería ser ártabra ou celta! O español adoptouna do galego como outras denominacións de especies mariñas). Esta denominación ten que ver con todo o que vimos dicindo -é un bivalvo arredondado- e está emparentada coa francesa (*coque*) e coa inglesa (*cockel*, adaptación do francés *coquille*).

Onde parece que se atopa a idea do ruído '*croc*' (e é xa o derradeiro *croque* de hoxe) é nalgunhas das denominacións das flores da dixital: *croques*, *cloques*, *cróqueles*, *milicroques*, *troques*, etc. En definitiva, *estalotes*, *estralotes*, *setestralos*.

Este son (*croc!*) é o que se atribúe en francés aos dentes. De aí que xusto *croc* sexa a súa denominación expresiva, concretamente a dos caninos. E que *croquer* sexa morder, trabar. Desta lingua proceden as palabras *croqueta*, que viría sendo un “bocadiño”, e máis *crocante*, adxectivo que empregamos para algo que ao comelo *estrala* lixeiramente na boca. Os italianos, magníficos fabricantes de xelados e de pastelería, adaptaron a palabra: *croccante*.

E a mesma procedencia ten a palabra *croquis*, deseño que se fai rapidamente, en catro trazos, como algo que comemos en poucos e rápidos bocados.

Esperemos que este artigo, aínda que curto e feito a rápidos trazos, non resulte de dixestión pesada.

CALAMIDADE

A palabra latina *cālāmus* significaba ‘cana’. E, como os romanos escribían cunha caniña coa punta cortada transversalmente, denominou este instrumento para escribir, que andando o tempo foi substituído por unha pena ou pluma de ave.

Tamén *cālāmus* denominou a cana, o talo, a palla dos cereais, particularmente do trigo. De aí que *cālāmitas* (“desgraza, praga, catástrofe”) fose empregada tamén, en concreto, como ‘a perda da colleita do trigo por causa dunha praga dos talos ou por un desastre meteorolóxico’. Aproveitamos, de pasada, para sinalarmos que *des-astre* (desgraza) quere dicir *sen astro*, e que unha persoa *desastrada* revelaría polo seu aspecto que non ten (boa) estrela, que non goza do favor do Ceo. Unha calamidade.

E volvendo a *cálamo* iremos a *calamar*, o nome do cefalópodo mariño. A palabra é de orixe italiana e espallouse polo Mediterráneo e a Península Ibérica.. En portugués non deu desprazado á forma autóctona, *lula*, que en Galiza –onde é habitual nas Rías Baixas- chamamos *lura*. A curiosidade da palabra italiana está en que ao cefalópodo se lle chamou “tinteiro” (*calamaio*) pola semellanza entre este conxunto escritorial e a lura: bolsa de tinta e cuncha estreita e alongada como a cana de escribir.

Un derivado de *cālāmus*, e posible españolismo, é *carámbano*, estalactita de xelo que se forma ao conxelárense as pingueiras de auga co frío, pendendo dos tellados ou pericotos como unha cana, un pau. En galego a forma máis espallada é *carambelo*, coa que tamén alterna *caramelo*. É moi doado de entender que da auga conxelada, *caramelo* pasase a denominar esoutra materia moi semellante formada por azucre derretido. A palabra *caramelo* para denominar esta lambetada é de orixe galego-portuguesa, de onde pasou ao español, e a través desta lingua a outras románicas.

E para non cansarmos máis aos lectores e lectoras, o derradeiro derivado de “cálamo”, unha palabra exótica que nos relembra lecturas do Far-West e malfadadas historias de Indios sempre enganados e asoballados: o *calumet*. O longo *cálamo* que constituía o tubo da pipa de fumar acabou denominando a propia pipa. A da paz que nunca daba chegado.

A palabra é normanda, da Normandía francesa, pois foron os Normandos conducidos por Jacques Cartier os que descubriron e colonizaron primeiro (de aí a implantación do francés no Québec) o Canadá.

Aínda que hai quen sostén que os primeiros Europeos en chegar ao novo continente -que daquela se pensaba era un dos xa coñecidos, pois esta rota marítima era a da India polo camiño inverso- foron outros: os auténticos Normandos. É dicir, os “homes do Norte”, os *Nord man*, os viquingos. Dis que eles viaxaron ás terras do que hoxe é Alaska e chegaron antes que Colón a ese continente que despois se chamou América en lembranza do xeógrafo Américo Vespuccio.

Os homes do Norte, que na Idade Media se instalaram na Normandía e que fixeron incursións en Galiza como lembran –hoxe testemuñas de ledas romarías e de confraternizacións folclórico-gastronómicas- as Torres do Oeste en Catoira.

CARABELA

Resulta curioso que a unanimidade existente entre os etimoloxistas ao consideraren que a palabra *carabela* é de orixe portuguesa resulte rota polo lado portugués. O relevante especialista Jose Pedro Machado considéraa de orixe italiana, mais se un acode ás fontes italianas, estas remiten... ao portugués.

A orixe primeira estaría no latín medieval *carābus*, denominación dunha pequena barca feita de vimbias e coiro. Posteriormente, daríase o nome de *cáraba* na área mediterránea a unha embarcación máis grande. “De aquí formaron os portugueses e galegos –asegura Joan Coromines, unha das máximas autoridades no terreo da Etimoloxía- o seu diminutivo *caravela* para designar a nave lixeira e veloz de catro mastros e velas latinas que inventou a súa ciencia náutica. Esta aparece por primeira vez nun documento portugués de 1255 referido a unha embarcación pesqueira, mais xa o Rei Sabio, que centraba a súa armada rudimentaria nas costas de Galiza, menciona as *caravelas* nas súas *Partidas* entre varios tipos de nave maior”.

É evidente a relación do nome daquela barquiña de vimbias co dun cestiño ou cestiña chamado en galego *carabela* ou *carabelo* (e tamén coa variante *garabelo*). Unha metáfora moi clara

E xa que no título do artigo escribimos *carabela* e na cita de Coromines *caravela* (como está no orixinal) poderiamonos facer a pregunta: Como debemos escribir o nome do barco, con *b* ou con *v*? Velái a resposta: na Idade Media, as palabras que estaban neste caso –pois procedían dun *b* latino situado entre vocais- escribíanse en galego-portugués con *v* (*cavalo*, *fava*, *duvidar*, *provar*); posteriormente, esta grafía única rompeuse por parte galega ao adoptarse a grafía española tras desaparecer a diferenza de pronunciación entre *b* e *v*.

Pero a cuestión ortográfica non modifica en absoluto os datos que semellan apuntar a unha orixe galego-portuguesa da palabra *carabela*

Por carambola batemos con outra palabra: a *carambola* mesmo.

Esa si que é –sen obxección ningunha- unha palabra de orixe portuguesa.

A *carambola* é o froito dunha árbore asiática, o *caramboleiro*, que ten como nome científico *Averrhoa carambola*. O portugués adaptou o primitivo nome da lingua marata: *karambal*.

Pois ben, o froito, esférico e alaranxado, seica ten un sabor agre. E parece que é ese o motivo polo cal a palabra incorporou en portugués o sentido de ‘trampa, intriga’ (*fazer carambola*). A palabra –cos dous significados- pasou despois a outras linguas. E aínda se lle incorporou un terceiro, o do xogo do billar: o da xogada que se fai cando a bola branca que lanza o xogador bate contra as outras dúas, a outra branca e mais a vermella.

Porque –como era de esperar- noutra nova metáfora, chamóuselle á bóla vermella deste xogo co nome do froito do *caramboleiro*.

Carambola!

BISCOITO

Para atopar o fío das palabras é ben termos unha actitude imaxinativa e facermos asociacións inesperadas e sorprendentes. Pero, naturalmente, é preciso comprobarmos sempre as cousas, porque senón podemos meter o zoco ben metido.

Así, un *biscoito* non ten nada que ver cun segundo *coito*, nin cunha petición dun novo acto sexual como “propina” tras dunha execución semellante á dun aplaudido recital. Como é sabido, o biscoito é un doce feito no forno con fariña, ovo e azucre.

Pero primitivamente o biscoito era unha torta ou galleta de pan sen lévedo, que se cocía dúas veces para que se deshidratase ao máximo e se conservase moito tempo. *Biscoito* significa ‘dúas veces cocido’ xa que aquí *coito* é un antigo participio do verbo *cocer*, hoxe en desuso (supoño que pola asociación que comentabamos). E *cocto* sería a forma culta que liga todas estas palabras á familia de *cocción*, *cociña*, etc. Por certo que a forma feminina italiana (*cotta*, en plural *cotte*) deu orixe ao termo *biscotes* e mais á palabra *terracota*, terra cocida.

Á súa vez, o substantivo *coito* ‘acto sexual’ procede do latín *coitus*, que é un derivado do verbo *coëo* ‘unirse, xuntarse’ formado de *co-ëo* ‘co-ir, ir conxuntamente’. Nótese a permanencia deste sentido no uso coloquial dos verbos *xuntarse* ou *arrexuntarse*. E mais nunha frase que se usa polo Morrazo. “*E non lle ías?*”.

O mesmo significado deste *coito* teno a palabra *cópula* (do latín *cōpŭla* ‘unión, atadura, nexo’) que utilizamos tamén en Gramática. Lembremos, por exemplo, as conxuncións copulativas.

Pero en galego temos un terceiro *coito*.

Con este nome denomínase en amplas zonas do país o xogo das escondidas ou do “escondite”, que pola Coruña se coñece co curioso nome de *tulé*.

Coito (ou *coite*) e mais *couto*, porque tamén está moi espallada esta variante. Unha variación *ou/oi* moi frecuente en galego como vemos en *loura/loira*, *nacedouro/nacedoiro*, *vasoura/vasoira*, etc.

Pois ben, o *couto* do xogo das escondidas ten moito que ver cos outros significados da palabra *couto*. Lembremos os principais: 1) Territorio que estaba baixo a xurisdición dun señor feudal e estaba libre de determinados impostos por ser posesión do devandito nobre. 2) Terreo de monte ou tramo de río onde está vedada a caza ou a pesca. 3) Terra cercada e protexida. 4) Marco que sinala os lindes dun terreo.

O latín *cautus* significaba ‘protexido, gardado, precavido’ e o derivado galego *couto* conserva nidamente o sentido nas catro acepcións que acabamos de citar. A partir de *couto* creáronse os verbos *coutar* e *acoutar* ‘delimitar, poñer marcos, impedir que se saia duns lindes’.

E, paralelamente, conservamos tamén o cultismo *cauto* ‘precavido’ e os seus derivados: *incauto*, *cautela*, *caución*, *caucionar*, *precaución*, etc.

Tirando con cautela do fío da lingua vimos que había tres palabras homónimas, é dicir escritas da mesma maneira pero de orixes e significados diferentes.

Triscoito!

CIRCO

Unha longa familia, a do *circo*. A do *cerco*. A do *círculo*.

E témola moi *cerca* nosa.

Todas esas palabras parten da idea de arredor, de rodeo, é dicir de volta en roda..

O latín clásico recollía xa ese sentido en distintos vocábulos como os adverbios *circum* e *circa* (que tamén existía como preposición), os substantivos *circus*, *circulus*, *circuitus* e os numerosos compostos co prefixo *circum-*.

Cercar é, logo, rodear, e de aí, o segundo significado de marcar o terreo de arredor, poñer un *cerco*, unha *cerca* ou un *cercado*. Claro que unha zona pode cercarse non con marcos ou valados senón con exércitos ou con xente para capturar un territorio, unha cidade ou unha persoa ou grupo delas . Este *cerco* é un asedio.

Cerco ou *circo* é tamén a forma xeométrica de rodiña, de aro, que pode ás veces rodear un corpo ou un astro; e na arte de pesca chamada do *cerco*, dous barcos dispoñen as redes na forma daquela figura para capturaren o peixe. Hai quen lle chama *cerqueiro* ao barco que practica esa arte, e non debemos confundilo co outro *cerqueiro*, a árbore. O nome desta non procede de *cerco* senón de *quercus*, denominación latina do carballo, do que o cerqueiro é unha variedade.

O que rodea á terra que cercamos atópase *cerca* (tamén está *cerqueiro*), é dicir, non arredor, próximo. Por esta razón temos o verbo *acercarse* e a locución prepositiva *acerca diso*, ‘arredor diso’.

Non son necesarias máis explicacións para entender doadamente o sentido de *círculo* (que ao principio, en latín, tiña un sentido diminutivo de *cerco*), o verbo *circular* ou o substantivo *circuíto*, unha das moitas palabras creadas a partir do prefixo *circum-* como *circuncidar*, *circunferencia*, *circunloquio*, *circunnavegación*, *circunspecto*, *circunstancia*, *circunvalación* e tantas outras, mais si queremos deternos no *circo*.

O *circo* romano era unha construción circular, oval ou oblonga, na que tiñan lugar espectáculos e xogos, loitas e carreiras de carros. O circo moderno é creación británica do século XVIII. Ao primeiro foi un espectáculo fundamentalmente de equitación, acrobacia, sombras chinescas, pantomimas, etc. nun anfiteatro fixo, e despois -co seu desenvolvemento en Norteamérica- en carpa itinerante. O inglés adoptou o termo latino de *circus* para denominar a pista circular onde tiñan lugar as actuacións, nome finalmente dado ao conxunto do espectáculo.

E, chegados ao momento de pechamos o círculo é de xustiza dicir que o latín tomou a palabra *circus* do grego *kirkos*.

Aínda que o noso “pechar o círculo” é só provisorio, pois que seguiremos a falar do tema. Só que falaremos do *ring*.

Os lectores e lectoras que coñecen o inglés teñen unha pista segura de por onde imos ir. Pista que os non anglófonos poden deducir sabendo que *The Lord of the Rings* é o título orixinal de *O señor dos aneis* (traducido ao galego por Moisés Rodríguez Barcia).

Con todo, falaremos de máis dun *ring*.

RING

O inglés, que é unha lingua do grupo xérmánico, posúe a palabra *ring* ‘anel’ que ten equivalentes próximos noutras linguas daquel grupo. A palabra foise empregando pouco a pouco para denominar o recinto onde ten lugar un espectáculo ou unha competición. Hoxe relacionamos universalmente o *ring* co boxeo, que ten lugar nun cuadrilátero. O *círculo* fórmalo os espectadores que *rodean* o ring.

Pero non é este o único *ring* que existe (amais da palabra que evoca o ruído dun timbre, que é unha onomatopea) porque moitos lectores e lectoras han coñecer a palabra *ring* como denominación da circunvalación das cidades en Bélxica (o ring de Bruxelas ou o de Amberes) ou noutros países de lingua xermánica (o ring de Viena). Velaí temos outro círculo.

E outro círculo máis é o da praza de touros, o que en español se chama *ruedo* e os franceses chaman *arène*. Nova conexión co circo latino, pois a *hārēna* era o espazo circular do interior dos circos, anfiteatros e estadios onde tiñan lugar os xogos, loitas, combates entre gladiadores ou con animais, etc. Este espazo tiña chan de area, polo que ao lle chamar *hārēna* se está facendo unha metonimia: denomínase o espazo ou o obxecto pola materia da que está feito, como cando falamos de *os metais* para denominarmos os instrumentos musicais feitos de metal.

Do latín *hārēna* procede o galego *area* (e o catalán e español *arena*) e aínda que o francés e o italiano tamén teñen os seus derivados, estas linguas preferiron outro termo, *sable* en francés e *sabbia* en italiano, da mesma orixe que o galego *xabre* ‘terra areosa’.

A propósito disto: resulta curiosa a palabra *xabrón*, variante galega de *xabón* moi espallada. Seguramente se produciu aquí un cruce de *xabre* con *xabón*. O que é totalmente lóxico pois a area tamén se ten empregado para limpar utensilios. Moitos lectores e lectoras han lembrar un produto galego que hai anos era moi popular nas nosas cociñas para fregar potas, tixolas, vertedeiros, etc. A marca comercial era ben expresiva, dicíao todo: Pedramol.

Mais volvamos ao ring. Temos outro derivado do xermanismo **hrings* ‘círculo’. É a palabra *arenga* ‘alocución, discurso destinado a acender o ánimo dun auditorio’ A palabra ten orixe nas reunións do exército na Antigüidade, reunións nas que se arengaba aos soldados antes do combate dende un espazo circular. As *ringleiras*, as fileiras de soldados, despregábanse logo en liñas en formación de batalla. E, naturalmente, a xerarquía, o *rango*, tamén se ordena en liñas.

Remataremos tamén no ring, no cuadrilátero do boxeo, este artigo cheo de combates, lembrando a loita libre, a que internacionalmente se coñece coa palabra inglesa de *catch*, denominación saída do imperativo do verbo *to catch* ‘agarrar, pillar’. Pois ben, este verbo está relacionado co galego *cachar* ‘pillar, agarrar’, do que xa temos falado en varias ocasións. Tanto o verbo inglés como o galego son derivados do latino *captiare*, do que tamén procede *cazar*.

Seguro que haberá sorprendidos ao sabelo, aínda que se cadra haberá quen xa cachara a cousa antes.

SARGAZOS

O Mar dos Sargazos é unha perigosa zona do océano Atlántico rodeada de misterio. E a orixe do seu nome tamén ten algo de misterio aínda non esclarecido. Sabemos que foron os navegantes portugueses os que lle impuxeron o nome de *sargazo* a un tipo de alga moi abundante alí e que despois pasou á denominación dese mar, pero non hai unanimidade sobre o motivo de lle chamaren así. Hai quen mantén que foi porque as boliñas ou vinchas de gas que as sosteñen aboiano na superficie lembraban os acios de uvas dunha variedade chamada *salgaço*. Para outros, en troques, foi a semellanza co aspecto correoso dun arbusto da familia das salicáceas, unha especie de carpaza, a *sargaça* ou *sargaço*, a que determinou o nome.

Sargaço como denominación de alga prendeu axiña en portugués, onde abunda ao lado da variante *argaço* que é a que atopamos practicamente como forma única en Galiza: o *argazo*.

Podería ser que o nome de *argazo* procedese de *sargazo*, ben debido a unha confusión do artigo (o que se chama unha “deglutinación”) ao separar o plural incorrectamente e formarse un falso singular (*os sargazos*>*os argazos*>*o argazo*) ou debido a unha influencia da palabra *alga*. De feito, tanto en portugués como en galego documéntanse *algazo* e mais *argazo*.

No que os filólogos coinciden é en que *sargaça/sargaço* como denominación do arbusto é un derivado do latín *sālix*, de onde procede igualmente o noso *salgueiro*. E tamén en galego, a rentes de formas que conservan o l do latín, temos outras que o trocan en r; sen ir máis lonxe rexístrase nalgunhas partes a forma *sargueiro* por *salgueiro*.

E mais *sarga*, que é xustamente o nome de dous arbustos da familia das salicáceas: a *sarga* común e a *vimbieira*.

Por certo que os sitios nos que abundan as sargas chámanse... *sargadelos*, palabra que, como topónimo, deu nome a un importante complexo industrial, o do vello Sargadelos nos séculos XVIII e XIX e o do moderno Sargadelos no XX e XXI. Unha industria que espalla o nome de Galiza polo mundo enteiro

Aludiremos, para rematar, a que as algas -tradicionalmente usadas na beiramar como abono dos terreos de cultivo- teñen na actualidade unha importante utilización na industria farmacéutica e alimentaria.

E é ben coñecida a importancia do salgueiro como planta medicinal. Xa o médico grego Hipócrates receitaba na Antigüidade remedios con follas de salgueiro para aliviar a dor. E modernamente, a aspirina –ese popular e universal medicamento- obtívose a partir da casca do salgueiro branco. Ata que a finais do século XIX se sintetizou quimicamente o ácido acetilsalicílico.

Industria e medicina, industria e alimentación, industria e arte

Saberán xa os lectores e lectoras que a palabra *industria* significaba primitivamente *enxeño*.

Enxeño e mais valor, distintivos dos navegantes.

TESTUDO

Digo *testudo* e haberá lectores e lectoras que entendan o mesmo que “testarudo”. Ou que *testán*, *testalán* ou outra das variantes derivadas de *testa* que temos en galego para significar *teimudo*, *obstinado*, *cabezón*. E eses lectores e lectoras estarán no certo.

Claro que haberá outros que pensen na tartaruga, ben porque lembren dos seus estudos de latín que ese era o nome do animal naquela lingua, ou porque -debido aos coñecementos de Ciencias Naturais- asocien a palabra cun xénero de quelonios. E tampouco se enganarán, pois tamén teñen razón.

O sorprendente é que as dúas palabras, aparentemente tan afastadas, están relacionadas. Vamos amodiño para non nos perdermos.

Comezamos pola tartaruga: A palabra *tĕsta* significaba en latín ‘cuncha’ (cuncha de molusco, de ostra ou de tartaruga) e mais ‘tella, ola de barro, ou anaco deles’. De *tĕsta*, cuncha, formouse *tĕstūdo*, o nome da tartaruga. E tamén *tĕstūdo* denominaba unha formación de ataque das lexións romanas cubertas cos seus escudos e protexidas así cunha especie de forte caparazón, de tella ou de tellado.

Pero en latín a parte superior do corpo chamábase *căput* –como xa explicamos un día- e só por unha metáfora semellante á que facemos cando á cabeza lle chamamos *o coco*, *o melón*, *o cabazo*, etc. algunhas linguas derivadas do latín pasaron a chamarlle *a testa*, a ola. Talmente o que acontece actualmente en español cando, por metáfora expresiva se lle chama *la olla*.

Por iso o *testudo* do galego é aquel que ten a testa grande... ou dura.

Esclarecida a relación, étranos a curiosidade: Se a maioría das palabras das linguas románicas proceden do latín e naquela lingua o nome do animal se dicía *testudo*, de onde procede a palabra *tartaruga*?

A nós, hoxe en día, resúltanos moi difícil considerar a pacífica tartaruga coma un ser infernal. Pero o caso é que na Idade Media, ese animalíño resistente e constante (ía dicir *testudo*), que tripaba a lama de terras lagoentas e bretemosas, cheas de misterio e de perigos, pasaba por unha especie de monstro inquietante e era a personificación do mal, do Inferno, que o latín chamaba *Tártaro*, palabra procedente do grego. Déuselle, logo, o nome de *tărtăruca*, “besta do Inferno”. Así aparece representada en antigos mosaicos a loita entre a tartaruga, o Mal, e o galo, o Ben, oposición que xa se daba en culturas da India e de Persia.

Dende o italiano, *tartaruga* pasou a outras linguas, e nalgunhas a palabra sufriu unha alteración: primeiro *tartuga* e despois *tortuga*, cunha influencia de *torto* (seguramente polas súas patas *tortas*).

Digamos, de paso, que os pobos *tártaros* se denominaban realmente *tátaros* pero que tamén foron considerados como infernais, do Tártaro. Os europeos déronlles o nome de *tártaros* aos mongois despois de un xefe deles, Xenguis Khan, establecer mediante a conquista un vasto imperio que ía dende Corea ata as beiras de Europa

Tamén nós –inda que non reparásemos ata agora no asunto- facemos unha indirecta asociación co inferno ao lle chamarmos en galego á tartaruga *sapoconcho*. *Sapo*, compañeiro habitual de meigas e meigallos.

COMPOSTA

Pásame Luís Cachafeiro unha pista fornecida por Anselmo López Carreira que este me amplía: na Idade Media, nos contratos de aforamento, era habitual a fórmula *a uva no lagar e a composta na viña*. Con ela, os asinantes determinaban quen corría co carrexo e onde se entregarían os produtos: o foreiro levaríalle a uva ao propietario ao lagar e o propietario iría recoller a *composta* á viña

Que era *a composta*? Pois eran as follas e demais restos da vide que quedaban despois de vendimar, de levar os acios para a fabricación do viño. E para que se utilizaba? A cousa está clara: para fertilizar as terras. E velaquí o allo: *a composta* vén sendo o que nos nosos días chamamos *o compost*.

A cousa ten miga porque *compost* é palabra inglesa.

Composta deriva do latín *compōsīta* ‘restos agrupados e diversos’. A palabra pasou a ser en francés medieval *composte*, de onde –cos normandos- pasou a Inglaterra e se transformou en *compost*.

En italiano *compōsta* segue existindo co mesmo sentido, pero non teño constancia da súa pervivencia no galego-portugués actual.

A palabra italiana ten tamén outro significado “conserva de froitos cortados en anacos e cocidos nun xarope de azucre”. Vén sendo a *compota*, palabra que moitas linguas (como o catalán, o español, o galego-portugués, o romanés, o alemán, o holandés, o danés, o checo ou o ruso) adoptaron e adaptaron do francés *compote* en canto que outras pouquiñas (como o grego ou o turco) conservan o *s* orixinal da palabra latina que mantén o italiano.

Para a curiosidade gastronómica diremos que na Idade Media a palabra denominaba un conxunto (un *composto*) de alimentos que adoitaban ser peixe ou carne confeitados en vinagre ou ben froitos confeitados en viño, mel ou azucre. Só modernamente o significado de *compota* se lle atribuíu en exclusiva aos segundos.

E chegamos a Compostela, coa discutida orixe do seu nome. Como é ben coñecido, a lenda popularizou unha orixe da palabra a partir de *Campus stellae* ‘campo da estrela’ ligándoa á milagreira orixe xacobeá que se lle atribuíu. Non parece fundamentada fonéticamente esta hipótese, aínda que tamén é certo que –como xa temos visto nalgún exemplo- ás veces prodúcense cruces e asociacións que poderían explicala. Pero o máis probable é que o étimo da palabra sexa tamén *compōsīta*, ben co significado de ‘enterramento’ ou ben como denominación dun pequeno núcleo, dunha aldeíña pegada á vila primitiva e que despois foi incorporada a esta. *Composta*. *Compostela*, no diminutivo garimoso que atopamos con frecuencia noutros nomes de poboacións galegas como Redondela, Paradela, Taboadela, Vilela ou Ventosela.

DEDO

A cousa provocara unha gran conmoción naquel Lugo de finais de mil novecentos cincuenta ou primeiros anos dos sesenta. Indignados, uns exclamaban: “*Menudo animal! Nos dejó a la altura del betún! Nos van a llamar “burros” toda la vida!*”. Os outros calaban. Coma sempre.

Todo viña dun concurso da radio –a nivel español- no que o participante lugués respondera “*Diez*” á pregunta “*Cuantos dedos tenemos?*” Por moito que o rapaz explicase despois que a resposta era correcta porque os dos pés eran *dedas*, nin os radiofonistas españois se volveron atrás na decisión de eliminalo (que sabían eles e que contaba o galego!) nin a opinión dos concidadáns indignados variou, considerando que “*Iso de dedas es como les llaman los de la aldea*”. A intuición do malfadado rapaz -que pensara que a pregunta levaba trampa pois non podía ser tan doada- por pouco non lle costa unha malleira. Afortunadamente só foi sinalado co dedo e non coas dedas.

Por certo que a palabra nalgunhas zonas só se lle aplica ao dedo gordo de cada pé. Isto de os dedos dos pés teren nome específico –sen deixaren, con todo de seren dedos, aí trabucábase o mociño lugués- non é privativo do galego. En francés o dedo do pé é *orteil*, palabra que deriva do latín *artīcūlus* de onde proceden tres palabras galegas; *artigo*, *artículo* e *artello*. Estas tres palabras galegas son exemplos clásicos que os manuais filolóxicos citan como derivados patrimonial (*artello*), culto (*artículo*) e semiculto (*artigo*) dunha palabra latina.

Da familia de *dedo/deda* son as denominacións de obxectos e instrumentos que seguimos a empregar, como o *dedal* e mais o *dedil*. A diferenza entre estes dous obxectos é que o primeiro –utilizado para coser- é totalmente pechado e de materia dura, en tanto que o *dedil*, tamén chamado *dedeira* vén sendo unha simple funda ou protección do extremo do dedo para certos labores e non ten por que ser necesariamente pechado. Pode o *dedil* ou *dedeira* ser chamado *dedaleira*, aínda que este nome dásele máis ben a unha planta.

A *dedaleira* recibe dúcias de denominacións por Galiza adiante: *croques*, *cróqueles*, *milcroques*, *estraloques*, *estalotes*, *estralos*, *setestralos*, *estoupos*, *tastalás*, *saxoáns*, *seoanes*, *abelurias*, *borletas*, etc. Adoita empregarse o nome en plural pois as súas flores son moitas e penden do talo en dúas ringleiras simétricas, diminuíndo en tamaño ata o extremo superior. Son de cor rosa e a súa forma suxire un dedal, de aí a denominación *dedaleira*, aínda que a maioría dos seus nomes fan referencia ao costume tradicional de pechalos cos dedos e facelos estralar (contra a testa, contra a outra man ou contra outra superficie). A *dedaleira* tamén recibe a denominación máis culta de *dixital*, que é o do seu nome científico: *Digitalis purpurea*. Como é ben coñecido, dela extráese a dixitalina, unha substancia estimulante do corazón usada en medicina pero que indebidamente administrada pode resultar mortífera.

É igualmente sabido que ese *dīgītālis* do latín é un derivado de *dīgītus*, ‘dedo’.
Seguiremos a falar de dedos!

DÍXITO

Dixemos que palabra latina *dīgītus* evoluiu a *dedo* e se conserva en cultismos como *dixitalina*. E, efectivamente, unha serie destes é agora de uso moi frecuente.

En primeiro lugar aqueles que conservan o primitivo significado de *dedo*. Falamos así de arterias ou veas *dixitais*, impresións *dixitais*, etc. E da *dixitación*, xeito de colocar e mover os dedos para tocar un instrumento musical, para escribir no teclado dunha máquina de escribir ou dun ordenador, etc

Noutros casos *dixital* e toda a súa familia léxica son derivados de *díxito*, termo que entrou na maioría das linguas procedente do inglés co significado de ‘número do sistema decimal que se expresa cunha cifra só’ Son, en consecuencia, os números de un a nove, os que (descontando o dez) podemos contar cos *dedos* das mans. Falamos, así, por exemplo de *reloxo dixital* para denominar aquel no que –por medio dos díxitos– podemos visualizar as vinte e catro horas do día contrariamente ao reloxo tradicional, esférico ou circular, que só permite visualizar doce horas.

Dixital, *dixitalizar*, *dixitalización*, etc. coñecen nos nosos días un uso xeneralizado debido á extensión do sistema de codificación, almacenamento e transmisión de datos mediante díxitos. É o sistema *dixital* (que algúns recomentan denominar *numérico* para que non induza á confusión) fronte ao *analóxico*.

Mais aínda temos outro grupo de palabras co significado de dedo que proceden doutra fonte, o grego. En efecto, de *dáctilos*, dedo naquela lingua, proceden *dactilografía* (que é o mesmo que mecanografía), *dactiloscopia* (técnica de identificación a partir das impresións dixitais ou *dactilares*) e *dactiloloxía* (linguaxe dos xordomudos que se expresa por medio dos dedos). O *dáctilo* era un pé, un elemento da métrica dos versos gregos consistente nunha sílaba longa e dúas breves, a semellanza dos dedos, formados por unha falanxe longa e dúas curtas.

Tamén a maioría dos etimoloxistas pensan que a palabra *dátil*, o nome do froito, procede igualmente do grego. Denominaríase así por unha certa semellanza co dedo.

E se *dixitación* ten que ver con dedo *prestidixitación* ten tamén algo que ver? Si e mais non; explicámonos.

Prestidixitación foi creada a partir de *prestidixitador*, inicialmente en francés e desta lingua pasou a outras. Entendeuse que *prestidixitador* era unha persoa que grazas á *presteza* dos seus *dedos*, facía desaparecer os obxectos, escamoteábaos da vista do público. Pero na orixe da palabra hai unha confusión, un cruce: realmente mesturouse o latín *praestigiator* ‘enganador, charlatán, persoa que escamotea os obxectos da vista’ con *digitus*, que non tiña que ver con aquela outra. *Praestīgiātor*, en troques, era un derivado de *praestīgĭum* ‘engano, impostura’. Só modernamente, a partir do século XVIII *prestige* colleu o significado de ‘concepto favorable que se ten dunha persoa’.

Prestige, engano. Lémbbralles algo, non si?

PÉS

Pé é unha palabra de orixe latina (procedente de *pēdem*) que ten unha ampla familia léxica sexa de derivados patrimoniais sexa de cultos, e quer en palabras simples quer en compostas.

Derivados patrimoniais son *peón*, *pezuño*, *pegada*, *piollo*, *apear*, *sopé* ou *traspés* (palabra que en portugués é admitida pero non en galego normativo). *Peón* é unha palabra de distintas acepcións que parten do significado de ‘aquele que vai a pé’. Inicialmente a palabra denominou ao soldado da infantaría, o que ía a pé (como se conserva na denominación da peza do xadrez,) para aplicarse tamén ao traballador menos cualificado. O *peón* ou trompo baila enriba dun pé. Máis dubidoso é que o peixe chamado *peón/pión* ou *piarda* teña que ver coa idea de *pé*. Si ten que ver con ela a *pegada* ‘marca deixada polo pé’, polo que non deberíamos falar de *pegadas dactilares* ou *dixitais* senón de *impresións* (como en portugués) ao ser un contrasentido.

Os derivados cultos son moi numerosos, dende aqueles que pasaron ao uso común (*pedal*, *pedestre*, *supeditar*, etc.) a aqueloutros que aínda teñen un uso moi científico ou especializado (*pedúnculo*, *peciolo*, *pedículo*, *pedicuro*, etc).

Ás veces os derivados de *pé* non proceden directamente do latín senón que son préstamos –adaptados– doutras linguas románicas. É o caso de *pedestal*, de orixe italiana ou dos galicismos *peatón* (para o que a normativa restituíu *peón*) e mais *peaxe* (pago medieval polo dereito de paso a pé, aínda que agora pasemos en vehículo) que o portugués non introduciu, conservando a denominación de *portagem* (pago polo dereito de pasar a porta).

E xa que falamos doutras linguas diremos que de *pé* tamén proceden *petanca* e *pedigrí*. A primeira vén do occitano *pe tanco* ‘pé chantado’, que é como se mantén o pé ao lanzar a bola do xogo. A segunda vén do inglés *pedigree* mais a súa orixe está no francés *pied de grue* ‘pé de grou’ pois nos rexistros xenealóxicos ingleses utilizábase un signo con tres riscos que lembraban a *pegada* –aquí si– daquela ave.

Outra forma de incluír nunha palabra o significado de *pé* é utilizar no composto o prefixo ou sufixo grego *podo* (*podómetro*, *podólogo*, *antípoda*, *monipodio*, *artrópodo*, etc). En xeral son palabras de uso técnico e científico.

Ás veces podemos escoller para andar pés latinos ou gregos: sermos *bípedes* ou *dípodos*, e irmos ao *pedicuro* ou ao *podólogo*.

E, para completarmos este *trípode*, *trespés* ou *trepia*, un terceiro pé que traemos do inglés. Trátase do *foot*.

O que entra na composición do deporte/espectáculo/distracción de masas (ou negocio a conta das masas) por excelencia: o *football*.

Escríbese *fútbol* á española ou *futebol* á lusa.

POMA

O *pomo* dunha porta é a peza redonda que collemos coa man para pechar ou abrir aquela. Na orixe desa denominación hai unha metáfora, porque a esa bóla chamóuselle literalmente *froito*.

Efectivamente, a palabra latina *pōmum* significaba ‘froito comestible dunha árbore’. No latín serodio, contra o século V, a palabra comezou a empregarse especificamente para o froito da maceira, a mazá, que no latín clásico se chamaba *māla*. Por outra banda, unha caste de mazá foi denominada *māla mattiāna* en honor dun tratadista de Agricultura, Caius Matius.

O que acabamos de dicir explica varias cousas:

1) Que nas distintas linguas románicas convivan derivados de *pōmum* (ou do plural *pōma*) nas acepcións de froito, caso do italiano *pomodoro* (*pomo d'oro*) ‘tomate’ ou do francés *pomme de terre*, fronte á acepción específica de mazá, como no catalán *poma* ou o propio francés *pomme*

Tamén en galego temos esa duplicidade en derivados de *pōma* que atoparemos escritos con *o* ou con *u*, pois ben sabemos que un *o* pechado aparece representado moitas veces cun *u*. *Pomar/pumar*, *pomareiro/pumareiro*, *pomariño/pumariño*, etc denominan nunhas zonas do país terreos plantados de árbores froiteiras e noutras terreos plantados de maceiras, e mesmo esta propia árbore. Por parte, aínda que poida quedar algún punto no que á mazá se lle chame *poma*, esta palabra úsase maioritariamente en Galiza para falar doutro froito, o do millo, pero non para denominar o froito en si, a mazaroca, senón a folla que o envolve.

2) Que algunhas linguas románicas preferiran tirar o nome do froito da maceira dun derivado de *mattiāna*. Temos así en galego-portugués *mazá/maçã* ou o español *manzana*.

Outra metáfora foi a de chamarlle *mazá* ao óso da meixela. Efectivamente, chamámoslle *pómulo* é dicir froitiño, mazanciña. Os portugueses son máis explícitos pois a denominación popular e máis abundante é *maçã do rosto*. A imaxe existe tamén noutras linguas como o francés *pommette* ou o italiano *pommello*.

O que non ten que ver con *poma/pomo* é *pomelo* pois o nome deste cítrico procede do inglés e a súa orixe non está moi ben explicada.

Pero si ten que ver *pomada*. Orixinalmente -antes de tomar dende o século XVII o sentido de crema medicamentosa- era o que hoxe nós chamariamos un produto de beleza, utilizado para o coidado da pel ou do cabelo. Na súa composición entraba a mazá, que como se sabe é un froito moi san. E ao parecer, o tipo de mazá preferido era a que aquí chamamos camoesa, unha mazá moi recendente que tamén se ten utilizado nas casas para meter nos armarios entre a roupa e darlle así a esta un agradable aroma.

Dis que o nome das mazás camoesas venlles de procederen da parroquia de Camos, por terras de Nigrán. Non sabemos se a cousa é moi certa. O que si é seguro é que de alí procedían os devanceiros do poeta portugués Luís de Camões.

Bo enxerto.

PERFUME

Moitas veces pásanos o que conta o dito: “Estamos na aldea e non vemos as casas”. Tan habituados a empregarmos as palabras, perdemos a percepción delas, ou cando menos dalgunhas características súas, das semellanzas e as cousas en común entre elas. Só de cando en cando, un detalle que estaba aí bate con forza nos nosos ollos e decatámonos da súa existencia.

É o caso de *perfume*. E logo: terá algo que ver con *fume*? Pois claro que si, pero como a palabra *perfume* existe en español a un xa non se lle ocorre pensar en *fume*, que nesa lingua tería que ser *humo*. O noso inconsciente está moi afeito a traballar de xeito subordinado culturalmente e máis ideoloxicamente. Precisamos independencia mental. Pensarmos no mundo a partir da nosa realidade.

Pois ben, volvendo ao rego, *perfume* procede do verbo *perfumar* e este do latín serodio *perfumare* ‘espallar fume’. Naturalmente, non se trata de calquera fume senón do fume resultante de queimar plantas e madeiras aromáticas. Esta práctica facíase en lugares pechados onde se reunía moita xente e se requiría eliminar malos olores. É perfectamente comprensible que tras longas semanas de camiñada, magoados, con chagas moitas veces, e en condicións hixiénicas moi difíciles, se precisase absolutamente que, en tempos pretéritos, o fume do botafumeiro espallase o seu recendo na catedral de Compostela ao acoller os peregrinos.

Non precisamos tampouco queimar substancias aromáticas –coma o incenso dos incensarios- para perfumar alimentos co doce cheiriño do fume de preparar a comida. Na cociña tradicional pousábanse chourizos, touciños, queixos e outros alimentos perto do *fumeiro* para que fosen adquirindo devagar ese gustiño gorentoso.

Por certo que o de *cheirar* e *cheiro*, como é ben sabido, nalgunhas partes pódese empregar en sentido positivo ou negativo (*cheirar ben* / *cheirar mal*) en canto que noutras sempre é negativo e para un sentido neutro ou coas dúas posibilidades utilízase *ulir*. Son cousas do falar. Nesas zonas, aconteceu con esa palabra o que noutras casos é xeral. Por exemplo, normalmente cando falamos de *ter sorte* todo pensamos en *boa sorte*, polo que de ser a contraria teríamos que especificalo. Reparemos en que ese sobreentendido utilízámolo tamén en frases como *Aí falaches* (é dicir *Aí falaches ben*) ou *Hoxe portácheste* (*ben* / *como hai que facelo*, etc.).

E volvendo ao de queimar, indicaremos que o verbo *recender* parece que ten a mesma orixe que explicabamos para *perfumar* pois procedería de *re-acender* ‘prender lume’.

Queremos dar un chimplo rápido ata as herbas aromáticas, moitas delas utilizadas para a fabricación de perfumes e outras na cociña. O ramallete delas –ou tamén o de flores- coñécese en francés como *bouquet* (o que vén sendo ‘bosquiño’). E de denominar o ramallete, a palabra pasou a significar o agradable aroma desas plantas e, finalmente, por unha asociación, o aroma dun viño.

Diso saben os bos catadores.

FALA DO SOL

Non, o artigo de hoxe non vai falar do sol senón das notas musicais e de música: Fa...la...do...sol...

O nome das notas procede dun himno relixioso medieval, un canto gregoriano que ao parecer compuxo en honor de San Xoán un diácono chamado Paulo. Como tiña a particularidade de que cada verso comezaba nun ton máis alto que o anterior, a finais do século X un frade da Toscana, Guido de Arezzo decidiu darlle o nome da primeira sílaba de cada verso ás notas da escala musical. E este era o texto latino:

Ut queant laxis / **R**esonare fibris / **M**ira gestorum / **F**amuli tuorum / **S**olve polluti / **L**abii reatum / Sancte Iohannes.

Daquela a escala comprendía só seis notas, e cando máis tarde se engadiu a sétima, optouse por unir as letras iniciais do nome latino do santo: SI.

O troco de *ut* (o popular termo dos encrucillados) por *do*, seica foi motivado pola súa dificultade para o solfexo. E por que se escolleu *do*? Unha explicación moi espallada di que o musicólogo do século XVII Giovanni Battista Doni escolleu a primeira sílaba do seu apelido, pero moitos especialistas apuntan que xa antes del aparecía a nota *do*.

Sexa como for, o que non se pode negar é o peso de Italia na historia da música. Esta importancia levou a que os termos italianos estean constantemente presentes na actividade musical. Dende a palabra *partitura* (rematada en *-ura* como *obertura*) a *libreto* (en italiano en *-etto* igual que *cuarteto* ou *quinteto*) ou ás indicacións da medida do tempo musical, as célebres *allegro*, *andante*, *adagio*, etc. Ou ás denominacións de *soprano*, *mezzo-soprano*, *contralto*...

Tamén no eido dos instrumentos musicais está moi presente. Limitarémonos a uns poucos exemplos. Tanto o nome do ledo e lixeiro *violín* coma o do grave e solemne *violonchelo* son de orixe italiana, o que resulta evidente se escribimos *violoncello* ou, con máis familiaridade, *cello*. *Piano* é unha palabra italiana que teriamos que traducir por *plano*, ou mellor aínda por *suave* xa que iso é o que indica a denominación. Os instrumentos que precederon ao piano foron o clavicémbalo e o clavicordio, ben característico este da música do barroco. O piano foi inventado como un clavicémbalo *col piano e il forte*, é dicir co suave e mais co forte ao mesmo tempo. Por iso ao primeiro foi coñecido como *pianoforte*, denominación que se abreviou axiña en *piano*.

E a humilde ocarina. Trátase do nome dado polo seu inventor –tamén italiano– no século XIX. Chamoulle así pola semellanza entre a forma do instrumento e a cabeza da gansa. *Ocarina*. Parruliña.

Claro que se hai un xénero musical onde triunfe o italiano é a *ópera*, a *obra* por excelencia, coas súas *divas* e as súas *arias*.

Lembremos que *aria* –fóra do significado musical– é en italiano ‘aire’, e que a mesma orixe lingüística ten a palabra *malaria* (*mal’aria*) pois atribuíuse en tempos esa enfermidade, o paludismo, ás emanacións de aire viciado daquelas zonas pantanosas.

Lisquemos delas! *Un’ aria serena!* Fala do sol!

Che bella cosa, na jurnata ‘e sole!

RODA

Xa falamos repetidamente do *círculo*, do *circo*, do *ring*. Pois aínda cómpre falar algo máis desa figura tan produtiva. Hoxe vémolos na palabra *roda*.

Son numerosos –e doados de identificar – os derivados de *roda*: *rodela*, *rodal*, *rodil*, *rodeira/rodeiro*, *rodicio*, *rodapé*, *rodar*, *rodear*, etc. Hainos que, por seren cultismos –é dicir seren tirados do latín nunha etapa avanzada da evolución da lingua e non se veren suxeitos á evolución secular- conservan maior semellanza coa palabra latina: *rōta*. É o caso de *rótula*, *rotar*, *rotación*, *rotor* e outros.

Pararémonos no adxectivo *rotundo*. Tamén el é un derivado culto de *rōta*. A evolución popular normal do latín *rōtūndus* debería ter sido en galegoportugués e español *rodondo* (igual que en catalán é *rodó*) pero produciuse unha “disimilación”, unha diferenciación de vocais que eran iguais, acabando en *redondo*. Por certo que o cultismo latino chegounos a través do italiano na palabra *rotonda*; a intuición popular acerta cando, baseándose na forma circular deste elemento construtivo que ten como finalidade facilitar a *circulación*, lle chama *unha redonda*.

De *rōta* o latín creou o diminutivo *rōtūlus*, do que procede o galego *rolo*, co significado de ‘cilindro’. Polo Morrazo chámasele *rolo* aos troncos das árbores cortadas e *roleiro* á persoa que os merca e os vende. E *rolar* é un verbo sinónimo de *rodar*, no sentido de *ir a rolos*. *Rolar* é tamén moi empregado na terminoloxía marítima no sentido de *xirar* (*rolar o vento*) e dada a súa constatación en usos non coincidentes co español (*roleiro/roleira* ‘mar axitado’ por exemplo) sería ben comprobar se é un españolismo en galego ou polo contrario, coma outros termos mariñeiros, non se trata dun galeguismo en español. En todo caso, estraña que a normativa só admita *ricular* e non *rolar*, que é unha simple variante fonética. En portugués *rolar* é plenamente admitido.

Tamén nas restantes linguas románicas abundan os derivados de *rōta*, e ás veces pasan dunhas linguas ás outras. O francés exportou ás demais –e mesmo ás non románicas- as palabras *ruleta* (“rodiña”) e máis *roulotte* ‘vehículo-vivenda que se remolca sobre rodas’ e o español *ruedo* ‘terreo da praza de touros onde ten lugar a tauromaquia’ e mais *rodeo* ‘espectáculo de monta de cabalos salvaxes’.

E de *rōtūndus* procede o inglés *round*, termo que no boxeo denomina cada un dos *ciclos* do combate. *Ciclo*, outra palabra –esta vez de orixe grega- que significa “roda, círculo” e que atopamos tamén en *cíclope* (“o do ollo redondo”, dispensando San Benitiño) e *ciclón* (‘fortísimo remuíño de vento’ que ven sendo o galego *rodopío*)

Volvemos sempre ao mesmo, camiñamos en roda. Como di a imaxe popular *é como a carioca que leva o rabo na boca*

ROL

Como andamos en roda, diremos hoxe que do latín *rōtūla*, diminutivo de *rōta*, procede o galego *rolla* que é o mesmo que *rodela*: ‘Mulido en forma de roda que se pon na cabeza para levar un peso’. Tamén a *rolla* é o tapón que pecha unha botella (e mais tamén se pon na cabeza desta) ou o furo dun pipote.

Se o masculino *rōtūlus* orixinou *rolo*, tamén deu orixe a *rótulo*, que vén sendo o mesmo, outro cilindro. Só que é un cilindro de papel que se leva enrolado e que se desenrola, que se desenvolve; así se fai un *rótulo*, un cartel de anuncio. Esa primeira acepción de ‘poñer un rótulo’, o verbo *rotular* ampliouna, tomando a de ‘inscribir os caracteres dun rótulo’ e despois a de ‘escribir os textos de mapas, planos, historias gráficas, etc’. Nestes sentidos empregamos *rotulista* e mais *rotulador*.

Outro rolo de papel é o *rol*, que tamén procede de *rōtūlus* pero por medio do francés.

O primeiro significado de *rol* pertence á lingua xurídica e administrativa: denominou o rolo de papel no que se asentaban, se rexistraban, listas de persoas, de cousas, ou actos xurídicos. Mais tarde –igual que o noso *papel*- o francés *rôle* denominou o rolo de papel no que os actores de teatro levan escrito o texto que deben aprender e representar. E de aí tamén o significado de ‘función, papel que se desempeña na vida social’. E modernamente temos un sentido novo, dentro desta mesma liña, no *rol* (a medio camiño entre o puramente teatral e a interiorización social) dos *xogos de rol*.

Pero existe un campo no que o galicismo *rol* entrou con máis forza. É o da navegación. O *rol* era primitivamente a lista na que figuraba a relación dos tripulantes dun barco. De aí procede o verbo *enrolar* ou *enrolarse* ‘alistar ou alistarse como mariñeiro’. Este campo ampliouse despois á acción de alistar(se) no exército. Tamén *rol* denominou máis tarde a documentación completa do barco que obra en poder do capitán.

Durante certa época foron moi usadas en galego palabras como *desenrolo* e *subdesenrolo*, cos seus correspondentes verbos, referidas ao aspecto de medra económica dun país ou zona. Na actualidade, este sentido exprésase só a través de *desenvolvemento*, *subdesenvolvemento*, etc. *Desenrolar* é simplemente o contrario de *enrolar*, é dicir desenvolver algo que está feito un rolo ou despedir a alguén que está enrolado nunha tripulación..

E xa que todos facemos un pouco de autocontrol no emprego da lingua, cómpre dicir que a palabra *control* ten tamén que ver co que estamos comentando: para comprobar un *rol*, un rexistro administrativo que recollía as listas de persoas ou cousas das que enriba falamos, levábase un segundo rol, un *contra-rol* que servía para verificar e contrastar o primeiro. E destes *contre-rôle* e *contre-rôler* proceden os nosos *control* e *controlar*.

ROLA

A *rola* ou *rula* é unha ave benquerida na tradición popular galega, que fai dela un símbolo do amor polo feito de se emparellar de por vida e mais polo seu canto suave, repetición dun *ro-ro* ou *ru-ru* e orixe do nome do paxaro. Do afecto que se lle ten dá testemuño o feito de que se lle chame garimosamente á persoa querida *miña rula/ meu rulo* (ou *miña rola/meu rolo*), maiormente en diminutivo e principalmente dirixido aos pequenos e pequerrechos..

Ese *ro-ro/ru-ru* é o *arrollo* que emiten os machos das rolas ou das pombas para atraeren as femias, un canto de amor, de namoro, con que as *arrolan*.

Tamén as nais *arrolan* os seus pequerrechiños para que acouguen e durman. Son tamén *arrolos* que moitas veces se expresan en cantigas (*Dúrmete, meu neno, / dúrmete, meu sol, / dúrmete, anaquiño/ do meu corazón*) nas que con frecuencia aparece a onomatopea (*Arrú, arrú, meu meniño,/ arrú, arrú, meu rapaz,/ arrú arrú, meu meniño, / ben arruadiño vas*).

Rolo é tamén a denominación que se lle dá a un tipo de berce, aquel que permite o acaneo, o doce bambeo co que a nai o move ao tempo que *arrola*.

E a *rolada* é o conxunto das crías que un animal, maiormente unha ave, ten dunha vez, a niñada que nace dos ovos dunha posta que a femia choca.

Falando de chocar referirémonos ao uso metafórico do verbo co sentido tamén de ‘incubar’ mais referido a outros ámbitos, por exemplo en “*Esa rapariga está chocando a gripe*”. E o de ‘estarse preparando unha cousa sen se ver’ ou ‘ter os preparativos na mente’. –*Fixéchesme o que che encarguei? -Está no choco*.

Naturalmente, este *choco* non ten nada que ver co cefalópodo do mesmo nome, saboroso froito do mar que se converteu en emblema de Redondela, denominando aos seus habitantes, os *choqueiros*.

E mais tampouco debemos confundir estes *choqueiros* con outros *choqueiros*, máscaras de Entroido moi populares nas vilas e cidades galegas ata finais do século XIX. Era unha figura ridícula, vestida de muller cunha colcha gastada e un antefaz de pel de coello, ou mesmo unha filloa, e levaba unha vara da que pendía un chourizo, figo ou calquera lambetada que facía saltar para impedir que os rapaces a pillasen. Entraba nos bailes e zoupaba na concorrencia, podendo choutar e berrar pero non falar, o que non lle debía custar moito esforzo xa que a súa característica era ir medio ou enteiramente bébedo. De aí, que –motivado por esta máscara- usemos o adxectivo *choqueiro* para denominar algo ridículo, extravagante, mal composto e de escaso gusto, que tamén podemos caracterizar como *chocalleiro*. Non é difícil, daquela, ver na orixe da palabra a *choca* ou *chocallo* que aínda pervive en máscaras coma os cigarróns, a quen tamén chaman *choqueiros*.

Por iso, cando queremos caracterizar negativamente a dúas persoas que son tal para cal dicimos con frase ben galega: *Choqueiro e choqueira sempre fan feira*.

E non queremos dicir que sexan de Redondela

BORRA

Borra é unha palabra que en galego ten distintas acepcións. Citamos polo dicionario: 1) Sedimento que deixa o viño e outros líquidos. 2) Restos de ferro e carbón que quedan no fogar da forxa. 3) Desperdicios que solta a la e outros téxtiles ao fialos. 4) Substancia negra que se desprende do fume e se adhire aos obxectos e ás paredes. 5) Residuos dunha combustión. 6) Secreción que algúns cefalópodos utilizan como defensa. 7) Excremento dos meniños de moi curta idade, meconio. 8) A parte máis basta da seda e doutros téxtiles. 9) Derramamento de cera ao arder.

Borro coincide con *borra* nas acepcións 1, 4, 6 e 9, amais de ter o significado específico de ‘denominación xenérica de distintos tipos de fungos que atacan os cereais’.

Estes significados teñen máis que ver entre eles do que parece. O latín *serodio būrra* significaba ‘la groseira’ e ‘peluxe que se desprende dela’, o que explica que se aplique tamén á *feluxe* do carbón e os residuos de ferro, e mais aos residuos da combustión, a cinza, a borralla, ou mesmo a outros que se desprenden como a cera dunha candeia. Os fungos diminutos que aparecen nos cereais lembran ese tipo de residuos. E outro residuo máis é o meconio dos meniños ao naceren. Tamén os sedimentos dos líquidos lembran esa peluxe, e o feito de se volver turbio o líquido explica que se lle chame *borro* ou *borra* á tinta do choco, da lura e do polbo.

Todo isto explícanos outra serie de palabras como *borrea* ‘montiño de terróns e broza que se queiman antes de labrar as terras para fertilizalas’, *emborrar* ‘manchar, lixar’, *borrón* e *borrancho* ‘mancha’ e o verbo tirado deste *esborranchar*, *borroso* ‘que non se ve claramente’, etc.

Canto ao verbo *borrar* co sentido de ‘limpar, facer desaparecer algo escrito’, contrario ao antes anotado, deriva do feito de ser utilizada para ese fin la groseira ou material similar.

E xa que *borra* é la, é doado percibirmos a relación da palabra con *borrego* ‘año, carneiro de menos dun ano’.

Parece ser que a palabra, latina *būrra* ten que ver con outra da mesma lingua, o adxectivo *būrrus* ‘vermello, rubio’, que noutras linguas románicas deixou derivados referidos ao gando vacún. Reparemos en que a nosa vaca nacional é a *rubia* galega.

E tamén ten que ver con ese *būrrus* ‘vermello, rubio’ o *burro* ou asno. Só que, contra o que parece, *borrico* non deriva de *burro* senón ao revés: *burro* de *borrico*.

Para rematar, lembremos o *burel*, un tecido groseiro de la. A palabra tamén vén de *būrra* a través do francés *burel/bureau*, onde o nome do tecido chegou a denominar unha mesa ou moble de despacho parcialmente gornecidos con ese tecido, e logo o propio despacho, e máis tarde ‘oficina, departamento’. A palabra espallouse universalmente co inglés por medio do poderoso F.B.I (Federal Bureau of Investigation).

ORIENTE

As nosas denominacións dos puntos cardinais (Norte, Sur, Este, Oeste), proceden todas catro do anglosaxón ou inglés antigo a través do francés. E aínda que puidese haber cousas que dicir tocante ao Norte, Sur e Oeste, é o outro punto o que presenta un interese extraordinario dende o punta de vista da lingua.

De primeiras: como é *Este* ou *Leste*?

En galego pódese constatar a vixencia de Leste nas Rías Baixas e a normativa exclúe Este, se nos atemos ao dicionario. No portugués actual, en troques, coexisten as dúas formas como sinónimas e normativas.

Cómpre sinalar que a forma máis antiga en galego-portugués é Este, e que Leste non é senón unha vellísima importación do francés co artigo determinado aglutinado, é dicir unido ao substantivo: L'est > Leste.

Dous sinónimos de Leste/Este foron xerados dende a nosa propia lingua (ou mellor dito, dende o territorio das linguas románicas): *Nacente* e *Levante*. As dúas denominacións aluden ao mesmo, o nacemento do sol, o momento de se levantar este astro, o punto polo que o fai.

Outra denominación aínda é *Oriente*, palabra que procede do latín. Nesa lingua *ōriēns* era o participio presente do verbo *ōriri* 'erguerse, levantarse' e de aí 'nacer' aplicado a un astro. Oriente é logo o equivalente exacto de Nacente e mais de Levante. É doado entender que co verbo *oriri* 'nacer' está relacionada a palabra *orixe* (e con esta *aborixe*).

E se o participio presente do verbo *oriri* era *ōriēns*, o participio pasado era *ortūs*, que deu lugar ao substantivo *orto* 'nacemento dun astro' que tamén pasou a significar 'orixe' en xeral. Lembremos a frase figurada *o orto e o ocaso* é dicir o principio e a fin.

E aínda unha reviravolta máis para facermos unha asociación sorprendente con *orto*: *aborto*, é dicir *orto* precedido do prefixo *ab* negativo co significado de 'o contrario, o oposto', como por exemplo en *abuso* fronte a *uso*. Naturalmente, o *aborto* é o oposto ao *nacemento*.

Non perdemos o Norte e volvemos ao Oriente, é dicir *orientámonos*. E velaí: Por que *orientarse*, *orientación*, etc. e non *nortarse*, *nortearse* ou algo similar se a referencia para nos situarmos é o Norte?

Pois porque non podemos coñecer directamente o Norte sen un aparato que nos axude (búxola, compás ou outro), en canto que sen aparato ningún podemos localizalo indirectamente. A través do Oriente, do Nacente, do Levante. Primeiro localizamos o punto por onde sae o sol e despois, situándonos en relación a el, o Norte. Daquela é ben certo que nos *orientamos*.

E remataremos a viaxe na cidade bretoa de Lorient. Este porto foi creado en 1666 pola Compañía das Indias Orientais francesa, que fundou alí uns estaleiros dos que un dos primeiros barcos foi *Le soleil de l'Orient*, popularmente chamado *l'Orient*, polo que se coñeceu a cidade nacente. Outro Leste. En bretón An Oriant.

CARDINAIS

Cardinais e non *cardeais*, aínda que as dúas palabras teñen entre elas un fío que as une.

Cardinal procede do latín *cardō-cardīnis* ‘gonzo, charneira, eixo’ e empregouse para os dous polos da terra antes de denominar os catro puntos *cardinais*, as puntas dos eixos vertical e horizontal. Dese significado primitivo, o latín eclesiástico tirou máis tarde o sentido de ‘principal’ (como nas *virtutes cardinais*) e logo empregouno para denominar as altas xerarquías da igrexa católica nomeadas directamente polo Papa e que son os principais, os príncipes da Igrexa.

Xa dixemos no artigo anterior que os nosos nomes dos puntos *cardinais* (Norte, Sur, Este/Leste, Oeste) proceden do anglosaxón ou inglés antigo e que ao carón deles tamén empregamos outros, derivados do latín, como *Oriente*, *Levante* ou *Nacente* para o Leste. Os que corresponden ao Oeste, Norte e Sur son *Occidente*, *Setentrión* e *Meridión*.

Occidente deriva de *occīdens*, participio presente do verbo *occīdēre* ‘caír no chan’ e de aí ‘morrer, deitarse’ un astro. É o *Poñente* ou *Poente* do sol. O que, co substantivo derivado do participio pasado de *occīdēre*, chamamos o *ocaso*. Sinalemos o fío entre *occidere* e *ocasión*. A *ocasión* é o que ‘o que cae do ceo, o momento propicio’.

Pola súa banda, a expresión latina *septem triōnes* ‘os sete bois de labor’ aplicábase ás sete estrelas da constelación da Osa Maior, o Carro, e a partir do plural (*septemtriones*) creouse o singular: *setentrión*, e deste o adxectivo *setentrional* ‘relativo ás rexións do Norte ou situado nelas’.

Meridión creouse seguindo o modelo de *setentrión* a partir do adxectivo *meridional* ‘relativo ás rexións do Sur ou situado nelas’. Este, á súa vez, procede de *mērdies* ‘mediodía, Sur’. Reparemos en que nós facemos moi pouco uso da acepción de *mediodía* como termo xeográfico en tanto que outras linguas da propia área románica utilízana máis, caso do italiano *mezzogiorno* ou o francés *midi*.

E xa que falamos antes dun grupo de sete estrelas lembraremos o fermoso nome colectivo galego-portugués para as Pléiades: *o setestrela*. Unha variante, atendendo a que son sete, desfai o nome colectivo e denomínaas *os sete estrelas* ou *as sete estrelas*. E tamén nalgúns lugares estas denominacións dáselles á constelación da Osa Maior. E aínda noutros á Osa Menor.

En fin, despedirémonos antes de infundirmos máis dúbidas:

*Vámonos de aquí, que é hora:
ponse o carro das estrelas
e non quero durmir fóra*

TRIBO

A palabra *tribu* (que actualmente escribimos *tribo*) evoca probablemente en cada un de nós asociacións xeográficas que proceden das nosas lecturas e dos nosos filmes. O máis probable é que o noso primeiro pensamento vaia cara aos indios do Far-West, o afastado Oeste, ou dos da América do Sur, maiormente a Amazonia. Pódenos levar tamén aos poboados da África, entre ecos de tam-tams. E haberá quen se lembre das doce tribos de Israel, da *historia sagrada*. O que será raro é que alguén asocie a palabra coa antiga Roma.

E mais *tribo* (a palabra, independentemente da existencia anterior de tribos noutras partes do mundo, como Grecia) é de orixe latina (*tribū*). As tribos eran divisións do pobo romano. De primeiras foi unha división de tres grupos étnicos (os Romanos, os Sabinos e os Etruscos) e despois unha división territorial pola que Roma chegou a contar con 35 tribos.

A estas comunidades están ligadas as palabras *tribuno* e *tributo*. O tributo –pago para a comunidade– administrábo o tribuno, unha especie de tesoureiro que logo asumiu funcións de maxistrado. Esta función de xuíz é a que deu orixe á palabra *tribunal*. E a *tribuna* era, ao primeiro, o estrado dende o que falaba o tribuno.

Naturalmente, unha serie de verbos (*atribuír, distribuír, contribuír, retribuír, tributar...*) coa súa familia léxica (*atribución, atributo, contribuínte, distribuidor, retributivo, tributario, etc.*) están nas súas orixes relacionados con *tribu*.

O que non ten relación con ela é o verbo *atribular* (e *tribulación*, etc.) que son derivados cultos -non evolucionados- do latín *tribŭlāre*, verbo que denominaba un labor agrícola, o de ‘esmagar coa grade’. A evolución patrimonial de *tībŭlāre* e mais a de *tribŭlus*, a propia grade, foi en galego *trillar* e mais *trillo*.

E se unha *tribo* é un grupo de persoas unha *grei* é un grupo de animais.

En principio, a palabra latina *grĕx-grĕgis* significaba ‘rabaño, manda, bandada de animais’ aínda que figuradamente, por extensión, podía significar ‘grupo de persoas’ como acontece coa nosa *grei*. En galego existe tamén *grea*, maiormente aplicado aos grupos de animais bravos como os que viven ceibos nos montes. E cando se aplica aos grupos de persoas, a expresión adoita ter carácter pexorativo.

Tampouco é moi positivo dicir dunha persoa que é *gregaria*, é dicir que ten comportamento de animal de rabaño. En troques, *egrexia* é a persoa que destaca, que polas súas calidades sae do grupo.

Igual que *tribo*, *grei* deu tamén orixe a distintos verbos (*agregar, congregar, disgregar, segregar*) coas súas familias léxicas (*agregación, congregante, disgregador, etc.*).

Claro que nin o *grego* nin o *gregoriano* teñen que ver coa *grei*

PECUARIO

O adxectivo *pecuario* significa ‘relativo ao gando, gandeiro’. Falamos así da *riqueza pecuaria* ou do sector *agropecuario*. Como se ve, non especificamos a que tipo de gando (vacún, equino, porcino, ovino, etc) nos estamos a referir pois non se trata dunha clase específica senón de todo o gando.

A palabra procede do latín *pěcŭs, pěcōris* que denominaba o conxunto de gando en xeral, a grea, o rabaño, e aínda que tanto valía para bois e vacas, cabalos e bestas, cabras, etc. era maiormente para referirse ás ovellas para o que se utilizaba. Outra palabra latina, *pěcus, pěcudis* denominaba o animal concreto, a cabeza de gando. Pero esta segunda palabra acabou desaparecendo.

Un diminutivo de *pěcŭs* denominou a pequena parte dun rabaño que o amo podía deixarlle a un seu escravo para que fose quedando cos beneficios e se fixese cun pequeno patrimonio. Este *pěcŭlius* servíalle ao escravo para pagar a súa posta en liberdade. Despois, tomou o sentido de ‘riqueza’ en xeral, e de aí deriva a nosa palabra *peculio* ‘riqueza ou bens que posúe unha persoa’.

Igualmente o latín *pěcŭnia* significaba ‘riqueza, diñeiro’ e xa a palabra fora perdendo o antigo vencello da riqueza coa propiedade en gando, característico dunha sociedade rural

Hoxe existen *peculio* e *pecunia* do que deriva o adxectivo *pecuniario* (‘en diñeiro, en cartos, en metálico’). Pero é incorrecto *pecunio*; incorrecto mais real, porque se di facendo de *pecunia* un masculino a semellanza de *peculio*.

Son doados de entender o adxectivo *peculiar* e o substantivo *peculiaridade*. Son equivalentes de *propio, particular*, e de *propiedade, particularidade*.

Temos, daquela, en galego unha serie de palabras directamente traídas do latín – ou cultismos- como *peculio, peculiar* ou *peculato* (‘malversación de diñeiro público’)- a rentes doutras que se transformaron dende a orixe co paso do tempo, como *pegullo* (‘patrimonio, peculio’) ou *pegureiro* (‘pastor’).

A que non parece existir –malia rexistrala un prestixioso dicionario- é a palabra *pěcora* co significado de *ovella* (“Mamífero ruminante da subfamilia dos ovinos, etc. etc.”) Con esa acepción non existe nin en portugués, nin en español, nin en catalán, nin en francés, nin –que nós saibamos- noutra lingua románica non sendo o italiano. E foi dende o italiano como *pěcora* entrou nelas, pero nun contexto moi peculiar (*mala pěcora*) para caracterizar negativamente a unha muller á que se presenta como a ovella que foi por mal camiño, a *ovella negra*.

Pěcora é tamén sinónimo de *intrigante, mala lingua*. Seguramente por influencia de *víbora*, xa que é frecuentísima a asociación das dúas palabras.

Eva e a serpe. A perdición dos homes.

Pobriños de nós!

ESTOPA

A *estopa* é un derivado que se obtén do liño e do cânabo no proceso de elaboración da fibra téxtil. O seu fio, nodoso e basto, serve para fabricar un tecido das mesmas características e para usos industriais como o de taponar xuntas en fontanería e na construción ou para encher buracos no calafateado dos barcos.

A *estofa*, polo contrario, era un tecido de maior calidade, aínda que seica na orixe, as súas fias tiñan o mesmo destino que as da estopa: o calafateado. Diso podemos deducir que o material era tamén basto, e que o que determinaba a calidade era o proceso de tratamento e fabricación. Curiosamente, o emprego na frase *de baixa estofa*, é dicir ‘de ruín calidade’ incide na semellanza entre os dous tecidos. Tanto que poderíamos pensar que malia a súa diferente procedencia (*estopa* do latín *stūppa* e *estofa* do xermánico *stopfôn*) as dúas palabras se remontan a unha orixe común ou entre elas houbo unha influencia.

Esa voz xermánica co significado de ‘calafatear, taponar un buraco, obstruír, impedir que un líquido corra’ produciu posteriormente o neerlandés *stoppen* e o inglés *to stop* ‘parar, deter’ (ou ‘pararse, deterse’) do que procede a orde utilizada nun sinal de tráfico co que batemos continuamente: *stop*. E, naturalmente, tamén *autostop*.

Non parece que o verbo *entupir/ tupir* estea relacionado coas palabras anteriores canto á orixe, aínda que polo seu significado si que ten que ver xa que é ‘atancar, obstruír, atascar’

E tampouco están relacionadas con elas as palabras derivadas da familia do verbo latino *stūpĕo* ‘pasmarse, quedar como ferido por un raio, atónito, atordado, pasmado, paralizado’ aínda que a idea de ‘parar’ estea presente nunhas e mais noutras. O *estupor* é un estado de inercia e insensibilidade que nos deixa paralizados e a *estupefacción* déixanos paralizados de asombro, *estupefactos*. Os *estupefacientes* son substancias tóxicas que actúan sobre o sistema nervioso como narcóticos e que poden ser usadas na Medicina para calmar a dor.

Ese estado de paralización, de pasmo, pode ser asociado co característico de certas diminucións psíquicas; por esta razón a palabra *estúpido*, que orixinalmente significaba ‘atónito, paralizado por unha profunda impresión’, sufriu unha evolución negativa, pasando a ser sinónimo de *idiota*, *imbécil*. Tamén estas dúas palabras sufriron unha evolución negativa, pois inicialmente *idiota* significaba ‘persoa privada, sen relevancia pública ou formación particular’ e *imbécil* ‘que non ten bastón, que non ten apoio, feble’.

Pola contra, *estupendo* sufriu unha evolución positiva. O seu significado orixinal era ‘que deixa paralizado de sorpresa, sorprendente’ e posteriormente pasou a facerse sinónimo de *magnífico* ou *excelente*. Trátase do mesmo desprazamento de significado que tivo lugar en *maravilloso* ou en *fantástico*.

Igual que a oposición entre *estupendo* e *estúpido* ten o seu paralelo na que existe entre *pasmoso* e mais *pasmón*.

PATELA

“Na patela!” exclaman satisfeitos mariñeiros e pescantinas amosando o peixe. “Velaquí está –veñen dicindo- e iso é o que importa!”.

A patela é unha cesta plana, grande e cuadrangular, de beiradas baixas, na que se transporta e se expón o peixe para a venda. É característico da beiramar, aínda que non é exclusiva do litoral pois no interior tamén se utilizaba nas feiras para carrexar e expor froita como cereixas ou castañas.

A palabra provén do latín *pătĕlla* ‘especie de prato grande ou bandexa de metal con beiras baixas’, sentido que se conserva no derivado galego que comentamos e nalgúns outros máis, como en *patela* ‘lapa, arneirón’ que recibe a denominación pola súa forma aplanada. *Pătĕlla* era en latín diminutivo de *pătĭna* ‘especie de prato ou bandexa fonda’ que nos deixou a palabra *pătĭna*. Á súa vez, a variante *pătĕna* legounos *patena*, un termo litúrxico, ‘pratiño metálico utilizado na misa para pousar a hostia’.

É posible –aínda que non seguro- que o latín *pătĕra* ‘cunco, copa baixa, ancha e aberta, utilizada nas antigas cerimoniais relixiosas para espaxer viño por riba do altar ou da cabeza da vítima’ sexa outra variante máis. En calquera caso, o que si parece ter relación con todas elas é o nome da embarcación chamada *patera*, unha lancha tradicional en Andalucía, que vén sendo unha gamela ou chalana, barquiña de fondo plano moi axeitada para navegar e pescar por areais e marismas. Posteriormente, as pateras fixéronse moito máis grandes e son tristemente célebres como embarcacións de transporte do drama de milleiros de subsaharianos que arriscan a vida atraídos pola esperanza dun futuro mellor.

E tamén temos no Mediterráneo un inesperado descendente da *pătĕlla*: a *paella*. Mais imos ir devagariño para seguirmos ben o fío da palabra.

Aquel prato grande metálico –e ás veces de louza- con beiras baixas, que en latín chamaban *pătĕlla*, utilizábase tamén para cociñar e viña sendo unha especie de tixola. A palabra latina deixou en francés medieval o descendente *paele*, que despois evoluiu ata a grafía actual de *poêle*. Pois ben, é do francés *paele* de onde procede a palabra catalá *paella* ‘tixola’. O catalán xa só conserva nunha pequena área, e cada vez máis arrombada, a forma propia, que é *padella*.

E o arroz á valenciana, preparado nunha tixola máis ou menos grande, tomou o nome do instrumento no que se preparaba.

Por iso é, de primeiras, algo incongruente que falemos dunha *paelleira* para denominar o útil de cociña para facer paellas. Sería unha tixola para cociñar tixolas! Mais ninguén nos vai pedir contas, porque a orixe xa está perdida e non imos estar pondo a lingua patas arriba constantemente.

MISCELÁNEA XEOGRÁFICA

Temos xa aludido a numerosos casos de palabras que derivan do nome dunha cidade ou dun país do que procede -realmente ou supostamente- o produto denominado por ela. É o caso de *persiana*, *turquesa*, *bohemio*, *bengala*, *bikini* ou *xitano*. Como son tan numerosos, traemos hoxe algúns máis. Que non sempre son nomes xeográficos.

Da China procede *mandarina*, o froito e mais o nome. É un derivado de *mandarín*, palabra portuguesa que algúns teñen asociado co verbo *mandar* mais que parece ter orixe no sánscrito. Pois ben, fose polo moito aprecio que os chinos lle daban a esta froita –semellante a importancia dos mandaríns- ou que a cor da froita lembraba á cor da capa destes, o caso é que *mandarina* deriva indiscutiblemente de *mandarín*.

Seguindo na China temos o *té*. Neste caso, o curioso é que moitas linguas estranxeiras como o inglés, o francés ou o español, seguindo ao neerlandés, adoptaron a denominación *té* (procedente do chinés meridional de Fu-Kien ou do malaio) en tanto que outras como o portugués, o ruso, o turco ou o persa adoptaron a denominación de *cha*, procedente do chinés mandarín.

Esa mesma duplicidade atopámola na denominación dun país que na lingua nativa chámase *Nihon* ou *Nipon* (é dicir ‘saída do sol, levante, abrente, mencer’) e a maioría dos outros países –coas súas adaptacións fonéticas particulares- *Xapón* (do chinés *jeh-pun* ou do malaio *japung* que tamén significan ‘abrente’). Por iso podemos dicir *xaponés* ou *nipón*.

De orixe xaponesa é a arbore chamada *caqui* (“*Diospyros kaki*”), cun froito do mesmo nome. A palabra, como é normal, tamén é de orixe nipona e significa ‘froito escolleito’ o que nos informa sobre o apreciado que é. De feito, no Xapón e mais na China é a árbore froiteira máis espallada.

Non debemos confundir este *caqui* con outro, o da cor terrosa, porque a orixe das dúas palabras é diferente. O segundo *caqui*, o da cor, procede do inglés, que o tomara no século XIX na India da lingua urdú e hindi onde significa “barro”. Os ingleses, e despois outros países, adoptaron esta cor posteriormente nos uniformes militares, polo que o tecido que serviu para a fabricación destes pasouse a chamar *caqui*.

E de aí procede o verbo *escaquearse* unha palabra que moitos utilizan en galego co sentido do noso autóctono *safarse*. *Escaquearse* é un verbo claramente español aprendido por vía do servizo militar, que felizmente xa non é obrigatorio. *Escaquearse* é evadirse disimuladamente dun traballo e orixinalmente era ‘facer coma quen que non está na mili’, quitarse metaforicamente o uniforme, o *caqui*.

E outra locución militar española moi espallada é a alusión a *Radio Macuto* (*Seino por Radio Macuto*, ‘por fontes extraoficiais’). Naturalmente, a frase alude á radio portátil coa que se comunican os soldados e que levan algúns no *macuto*, palabra de orixe caribeña que significa ‘saco grande’.

Mais deixaremos as outras partes do mundo para o próximo artigo.

M(A)ISCELÁNEA

Continuando a miscelánea iniciada no artigo anterior, faremos agora un percorrido dende o norte de África pasando polo Oriente Medio e regresando a Galiza polo Mar Negro a través de Europa.

A *marroquinaria* é unha técnica de preparación e traballo da pel de cabra ou de castrón moi prezada. Como é doado de adiviñar esta técnica é característica de Marrocos, é *marroquina*. Tamén se lle chama *tafiletaría*, e á pel así traballada *tafilete*, pois a cidade de Tafilalet foi un dos principais centros desta artesanía.

Algo máis groso que o tafilete é con non menos sona en todo o mundo dende o século VIII foi o *cordobán*, coiro preparado dun xeito semellante, repuxado e pintado, que era orixinario de Córdoba. Os Árabes sempre foron mestres nesta industria.

E mais tamén na dos tecidos finos e lixeiros, entre os que se atopa a *muselina*. A palabra significa ‘tecido de Mosul’. Como é ben coñecido, Mosul é a cidade kurda que se atopa no invadido Irak.

Na rexión do Mar Negro atópase Armenia, e dese país procede o nome do animal –apreciado en peletería– que en latín medieval denominaban *armenius mus* “rato de Armenia”. É o armiño, coñecido hoxe cientificamente como *Mustela erminea*.

Xa na Francia, é ben sabido que o champaña (*champagne*) é un viño espumoso que se fabrica na rexión do mesmo nome, a *Champagne*. O que é menos sabido é que *champagne* significa ‘campo’ e que esta é a forma francesa máis antiga pois a que actualmente se emprega (*campagne*) é de orixe dialectal ou un préstamo do provenzal ou do italiano.

Xa que estamos na Provenza falaremos do *popelín* ou da *popelina* (forma normativa en galego), un tecido fino moi utilizado para camisas, blusas e vestidos. A palabra procede do inglés *poplin* que a tomou do francés *papaline* e este do italiano *papalina* (‘papal, do papa’) considerando que Avinyó (en forma francesa Avignon), vila produtora deste tecido, era terra papal, dos chamados anti-papas. Pero toda esa interpretación parece infundada porque a razón da denominación semella que cómpre buscala en Poperinge, unha vila dos Países Baixos con sona na fabricación deste tecido dende a Idade Media.

Faremos un pequeno desvío a Inglaterra, á vila de Rugby, onde seica se inventou en 1823, no seu colexio público, o xogo que despois se espallaría convertido en deporte.

E co inglés regresamos a Galiza para lembrar o *porlán*, que é como moitas persoas lle chaman aínda ao cemento en po porque o cemento tipo portland (da península inglesa de Portland), co seu nome impreso nas sacas popularizou esta denominación

E, construído o artigo, poñémoslle o ramo.

CRU

*Amador do Carballeiro
ten un buraco no cu,
que llo comeron os ratos
pensando que era pan cru.*

Así –coa coñecida música do *Ai vai! Ai vai! Ai vai, carallo, ai vai!*- cantan en Berredo, por terras de Agolada. *Cru*, aínda que despois, ao falar, noutros contextos, din *crudo*.

A palabra *cru* procede do latín *crūdus* e inicialmente o seu significado era o de ‘sanguento, que sangra’ pois é un adxectivo derivado de *crūōr* ‘sangue’. Aplicábase á carne *crúa*.

Posteriormente, xa no propio latín, a palabra foi ampliando significados. Así *cru* foi significando ‘sen cociñar, sen cocer’ ou ‘insuficientemente cocido’. E tamén ‘verde’ como oposto a ‘maduro’ falando dun froito. E mais ‘verde’ no sentido de ‘vigoroso’. E ‘duro, cruel’. Finalmente, o adxectivo *cru* aplicouse a unha materia para indicar o seu estado natural, sen traballar, sen elaborar, en bruto. Por iso falamos do petróleo *cru* ou simplemente do *cru*, convertida xa a palabra nun substantivo autónomo.

Cruento/Incruento son, como é lóxico derivados daquel *crūōr* ‘sangue’ e queren dicir ‘sanguento, ensanguentado’ e o seu contrario, respectivamente.

Polo dito, é doado entender que o significado primitivo de *cruel* é ‘que fai sangrar, que goza co sangue’. Aínda que, despois, a crueldade non implique necesariamente verter sangue. Polo menos á vista.

Son numerosos os derivados galegos de *cru*; limitarémonos a sinalar os verbos *encruar*, *encruallar*, *encruecer* e *recruecer* que poden ter tamén un uso reflexivo. E, naturalmente, tan galegos deben ser os cultismos que conservan o *d* latino como *en crudescer* e *recrudescer* pois que o portugués ten *en crudescer* e *recrudescer*.

E xa que falamos de *carne crúa*, falaremos de *carne cocida* para sinalar que iso ven sendo a *charcutaría*. A palabra procede do francés *chair cuite* ‘carne cocida’. En calquera caso, sinalaremos que a cor da *carne* (da crúa, claro) é o *encarnado*.

Certo é que non todos os produtos de charcutería (galicismo moi usado en galego e portugués aínda que a norma prefire *chacinaría*) se preparan con carne cocida, e incluso atópase o mesmo produto preparado en cru ou cocido. É o caso do xamón, por exemplo, que entre nós preparouse tradicionalmente en cru curándoo con sal. Como tamén se fixo para conservar outros alimentos, particularmente o peixe. De aí que falemos da *salmoira* ou *salmoura*, que utilicemos o verbo *salpresar* e denominemos dous embutidos como *salchicha* e *salami*, dúas palabras que proceden do italiano.

En fin, sen crueldade ningunha: Bo proveito!

ARROBA

Quen de nós coñecía o símbolo @ hai unhas décadas? Ninguén. E quen o coñece na actualidade? Todo o mundo. É case o símbolo do século XXI e das novas tecnoloxías, e o seu feitío parece saído dos mais vangardistas estudos da creación de deseño.

Por iso a primeira sorpresa que levamos é a de sabermos que este símbolo é moi antigo, aínda que a súa función non tiña nada que ver coa que hoxe ten. Parece que un escravo liberto de Cicerón desenvolveu no século I antes de Cristo unha serie de abreviaturas para escribir máis rápido, unha taquigrafía, e no caso concreto da preposición *ad* (que significaba ‘a, cara a, en’ etc.) uniu as dúas letras nesta forma. En todo caso, o uso da abreviatura espallouse a partir do século VI. Como sabemos, non é este o único símbolo que resume as letras dunha partícula latina porque & é a unión das letras da conxunción *et*.

Como símbolo dunha unidade de peso, a ánfora, @ foi utilizado polos comerciantes florentinos na Idade Media. E tamén na Península Ibérica @ representou unha unidade de capacidade ou peso utilizada en España e Portugal, a arroba, que era a cuarta parte dun *quintal*. A palabra *arroba* é de orixe árabe onde, naturalmente, significa “unha cuarta parte”.

No século XIX, nos Estados Unidos xeneralizouse o uso comercial deste símbolo para expresar o prezo dun artigo, por exemplo “2 chairs @ \$ 20” líase *Two chairs at twenty dollars* (“Dúas cadeiras a 20 dólares”). Entrou así nos teclados das máquinas de escribir e coñeceu como *a comercial*. O símbolo, malia conservarse nos teclados, foi deixándose de usar, e precisamente por iso, ao non ter xa un uso asociable a outra función e ao presentar unha grafía inconfundible, o creador do correo electrónico, Ray Tomlinson, escolleu en 1971 a arroba para indicar no enderezo electrónico a localización do servidor de Internet

Non existe consenso a nivel internacional sobre a denominación deste símbolo senón unha grandísima variedade, e mesmo dentro dunha lingua é frecuente atopar varios nomes, ás veces moi distintos. Existe, por unha banda, un feixe de denominacións que asocian o símbolo a un carácter tipográfico, baseadas xeralmente na denominación inglesa (ou americana) *commercial a* ou *at sign*, ou sobre a letra grega *alfa*. Outro grupo asocia a forma a unha espiral (caracol, caracola, anchoa enrolada, bolo de canela, ensaimada, etc), outro a un animal (verme, ratiño...) e outro, amplísimo, a un rabo (rabo de mono, rabo de porco, rabo de gato) ou outro apéndice (trompa de elefante).

Dentro de toda esta dispersión, o hispánico *arroba* coñece un certo avance fóra do ámbito peninsular e latinoamericano pois conflúe no termo francés *arrobe/arrobas* e se emprega mesmo en inglés.

En calquera caso, por ser o signo máis distintivo e rechamante, @ converteuse no símbolo por antonomasia da Informática

